

# AS GRAFÍAS NO *CANCIONEIRO DA AJUDA*\*

*Alexandre Rodríguez Guerra*  
*Xavier Varela Barreiro*

Universidade de Vigo  
Instituto da Lingua Galega - USC

*A Pepi e a Rosa*

## 1. LIMIAR

Non descubrimos nada novo se sinalamos que o levantamento, análise e estudo metódico e completo do sistema gráfico do *Cancioneiro da Ajuda* (dende agora *A*) están por facer. A vía pola que camiñamos hoxe é herdeira directa do traballo de Mariño / Varela (2005), pois coidamos que ese é un bo modelo para describir na súa integridade as grafías de *A*. Somos conscientes de que un vieiro semellante precisa dunhas dimensións máis propias dunha densa monografía ou talvez dun dicionario—cás dunha contribución destas características. Conformámonos, xa que logo, con realizar unha descrición global da engrenaxe gráfica do noso cancionero, o suficientemente xenérica para podela apreixar na súa funcionalidade mais, salvo casos esporádicos, sen descender á casuística concreta e miúda dos centos de aspectos específicos que se agochan detrás das distintas opcións gráficas. Partimos da edición inédita de Mariña Arbor<sup>1</sup> e mais da edición facsimilar de *A* publicada en Lisboa en 1994; complementámolas, sempre que o consideramos oportuno, coa edición diplomática de Carter (1941) e coa edición crítica de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1904).

Por razóns de espazo e de vontade de seguranza no tratamento dun corpus homoxéneo na súa manuscrita, deixamos fóra deste estudo o texto das anotacións marxinais, mesmo das que son contemporáneas á composi-

\* O presente traballo callou dentro do proxecto *Estudo lingüístico e paleográfico do Cancioneiro da Ajuda* que, con financiamento da Xunta de Galicia, dirixe Xavier Varela Barreiro no Instituto da Lingua Galega. Querémoslle agradecer a Mariña Arbor a xenerosidade de poñer ó noso dispor a súa edición semipaleográfica, aínda inédita, do *Cancioneiro da Ajuda (A)*; a Bieito Arias, Xosé Luis Couceiro, Ricardo Gutiérrez, Ramón Mariño, Paulo Martínez e Leticia Ramírez agradecémoslles a axuda de distinto tipo que nos proporcionaron durante os meses de realización do traballo.

1. Evidentemente, na súa versión de novembro de 2005.

ción do cancionero, así como unha corrección feita directamente sobre o texto (*traþ* [126b]), esta por non estarmos seguros do seu estatus autorial dentro do ámbito codicolóxico. Ocasionalmente teremos en conta datos e formas desa instancia que son relevantes para a comprensión do texto central.

A pesar de que «a calidade escrituraria e o tamaño da letra permiten o recoñecemento inequívoco das características caligráficas [de *A*]» (Mariño / Varela 2005: 319), os distintos autores interesados nesta faceta remiten a estudos previos pero moi frecuentemente vense na necesidade de facer comprobacións propias para verificar este diagnóstico inicial. Concordamos, obviamente, coa opinión segundo a cal a percepción caligráfica xeral dos dous(/tres) últimos cadernos<sup>2</sup>, a pesar de compartir cos anteriores unha identidade de trazos-base (que permiten falar, por exemplo, dun mesmo tipo de letra), permite atribuírlles entidade propia fronte ó resto de *A*. Así a todo, as diverxencias de morfoloxía paleográfica, existindo, non son marcadas dabondo e non deixan de ser lixeiras variantes dun modelo caligráfico único. Aspectos como o cambio na materia instrumental (sobre todo a muda de pena, coa conseguinte posibilidade de cambio nos cortes efectuados no bico da pena, consonte o propio tipo de escrita que desexase realizar o escriba, cf. Azevedo Santos 1994: 32-37) ou a elaboración en distintas fases, sempre poderían explicar algunhas das diverxencias. Este é, sen dúbida, outro dos aspectos que xustifica a realización dun estudo sistemático e completo do sistema gráfico de *A* para confirmar, desbotar ou lanzar novas hipóteses, sempre dende a coherencia e coa mínima concesión posible á marxe de erro. Porén, este nin é un estudo paleográfico<sup>3</sup>, nin sobre a autoría material *sing* ular ou plural— dos traballos de manuscritura, nin sobre a identificación do escritorio no que se compilou o noso vetusto cancionero. Estes serán interrogantes ós que haberá que irse enfrontando en traballos posteriores e da man dos especialistas. Para iso precisaremos de moita máis información; de aí que comecemos cunha presentación xeral da realidade gráfica de *A*.

O noso obxectivo é, pois, esfarelar as liñas mestras que subxacen á construción escriptolóxica de *A*, sen esquecermos a súa relación subsidiaria coas

2. A clasificación en cadernos que manexamos conta, alén de cos catorce cadernos clásicos *es* de dona Carolina— con outros tres constituídos exclusivamente por cadanseu folio: VII<sup>a</sup>, XI<sup>a</sup> e XIV<sup>a</sup> (cf. M.<sup>a</sup> Ana Ramos 2004: 28 e ss.).
3. A este respecto lembremos que o tipo de letra presente en *A* é, segundo M.<sup>a</sup> Ana Ramos, a «minúscula gótica de procedencia francesa» (1994: 38) e tamén que «a letra, com excepção da última parte, mais goticizante, corresponde à forma caligráfica solene da carolina final *œ* de “transição”, ou “românica”— executada num estilo semelhante aos códices castelhanao-lemosanes do reinado de D. Afonso X» (1994: 38-39).

vertentes fonolóxica e paleográfica: pretendemos amosar o funcionamento dun sistema grafemático que destaca por estar perfectamente artellado, un sistema para o que sempre se recoñeceu un uso sistemático, regular, colmado e redondo, pero sendo conscientes de que, en calquera caso, falamos de 'lingua literaria' e, consecuentemente, de que por tras hai unha dose importante de convención / uniformización gráfica (cf. Clarinda de Azevedo Maia 1986: 3 e n. 1). M.<sup>a</sup> Ana Ramos (1993: 116) lembra que *A* presenta, fronte a outros textos antigos, «particularidades de escrita uniformes e regulares, encontrando-se a alografía bastante simplificada». E é que para a autora portuguesa neste tipo de textos «a preparación era suxeita a preceitos unitarios que revelan un modelo conservador e coercivo» (M.<sup>a</sup> Ana Ramos 1993: 116). A propósito das «reglas tradicionais da escrita gótica» presentes en *A* di M.<sup>a</sup> Ana Ramos (1993: 116) que «son normalmente respeitadas, non se verificando moitas excepcións, nem quanto ao uso das letras, nem quanto ao uso das abreviaturas» (cf. tamén con M.<sup>a</sup> Ana Ramos 1994: 38 e Mariña Arbor 2005: 73). A busca deste funcionamento é especialmente relevante porque para nós *A* é, sen ningún xénero de dúbidas, o mellor monumento conservado que teñen as letras galegas e portuguesas no período medieval: é o gran código que, situado no abrente da fixación gráfica do romance, constitúe a— sí o agardamos amosar/demostrar— un magnífico modelo que, como todos os modelos, é asemade espello e imaxe.

Por razóns de espazo eludimos abordar a presentación do modelo escriptolóxico teórico — empregado. Deixámolo para unha publicación ulterior. O traballo de Mariño / Varela (2005) é unha mostra da súa aplicación a un aspecto concreto das grafías de *A*. En varios apartados faremos algunhas precisións deste teor. Con todo, cremos imprescindible ofrecer unhas mínimas indicacións sobre os conceptos básicos correspondentes ás unidades de descrición, grafema e alógrafo, co obxecto de delimitar adecuadamente o punto de partida interpretativo. Por grafema entendemos, con Nina Catach, *la plus petite unité distinctive et/ou significative de la chaîne écrite, composée d'une lettre, d'un groupe de lettres (digramme, trigramme...), d'une lettre accentuée ou pourvue d'un signe auxiliaire, ayant une référence phonique et/ou sémique dans la chaîne parlée*» (1990: 52). A mesma autora enumera os criterios consonte os cales unha unidade gráfica é interpretable como unidade grafémica funcional: (i) a frecuencia, (ii) o grao de cohesión, estabilidade e autonomía, (iii) o grao de relación directa co fonema, (iv) o grao de rendibilidade ou de creatividade lingüísticas (1990: 52-53). A aplicación destes criterios permite non só distinguir os grafemas (primarios, secundarios ou mesmo “subgrafemas”), senón que tamén posibilita a obtención do que Nina Catach denomina “arquigrafema”. Este, en paralelo co arquifonema ou o arquilexema, interesa non tanto polo concepto de neutralización como polo

de «*représentant d'une classe qui les réunit*» (1990: 53)<sup>4</sup>. Agora ben, para evitarmos a confusión que pode derivarse da representación dos arquigrafemas a través de grafías maiúsculas (e para anosar á tradición escriptográfica galega a presente contribución) empregaremos o termo *grafema* como sinónimo de arquigrafema e utilizaremos *alógrafo* co valor de grafema secundario.

Para o estudo gráfico de *A* é importante dispoñer de datos numéricos e estatísticos sobre os que levantar as xeneralizacións. Polo seu interese, distinguimos entre cómputos referidos a *formas* (número de formas gráficas distintas sen ter en conta as repeticións [*types*]) e referidos a *ocorrencias* (número de formas gráficas distintas contando as repeticións [*tokens*]). Con esta premisa construímos unha base de datos que enchemos con case quince mil seiscentas fichas que recompilan todas as grafías presentes nas unidades gráficas distintas (*formas*). De contabilizarmos todas as *ocorrencias*, os exemplos cos que traballamos convértense en cento corenta e seis mil douscentos trinta e seis. Das grafías analizadas nas, exactamente, 15584 fichas da nosa base cómpre extraer o 2,4% delas por seren variantes que só podemos recuperar dun xeito tácito (esencialmente, ou elisión de vogais en posición final de palabra por fonética sintáctica i— nclúense as sinalefas,— ou non representación de capitais). É, pois, o 97,6% das formas gráficas o que posúe unha representación expresa; con todo, hai unha pequena cantidade (2,5%) que o é por medio dun recurso abreviado. As grafías expresas dun xeito directo en *A* as— que abordamos aquí— supoñen, en consecuencia, o 95,1% (con máis de cento corenta mil seiscentas corenta formas documentadas).

## 2. O ALFABETO (MINÚSCULO) DE A

Ó contar xa cun traballo específico sobre as maiúsculas (Varela Barreiro 2005), o estudo das unidades que conforman o alfabeto minúsculo de *A* convértese no obxectivo esencial da nosa descrición. Sen que medien máis preámbulos, pódese dicir que a aplicación ás grafías de *A* do parámetro do tamaño proporciona os resultados tipolóxicos que reflicte o cadro seguinte<sup>5</sup>:

4. Para unha aproximación máis completa ós distintos valores de 'grafema' e da terminoloxía a el asociada cómpre consultar a excelente monografía de Xulián Maure Rivas (2006).
5. Os casos de letras sobrescritas inclúense coas abreviaturas (cf. § 4). Obviamos todos aqueles casos de grafías non representadas.

—Cadro 1—<sup>6</sup>

MINÚSCULAS	MAIÚSCULAS			
	DE SINTAGMA		DE PALABRA	
	Capitais	Poscapitais	R inicial	R final
97,8%	1,4%	0,7%	0% <sup>7</sup>	0,1%
{99,4%}	{0,4%}	{0,1%}		{0% <sup>8</sup> }

Ó longo das páxinas seguintes tentaremos, xa que logo, ofrecer un balance estatístico, fixar os contextos e enxergar as causas das distintas documentacións gráficas. Este é o único camiño de superación do bretemoso estado actual dos coñecementos acerca das grafías de *A*. Só ó seu remate é posible conxugar o imprescindible traballo extractivo de datos nos pozos da mina, cheo de penalidades pero garante de exhaustividade, coa elaboración esexética dunhas conclusións finais que, hai que dicilo, xa tiñamos ó noso dispor grazas á sabedoría de investigadores que, como M<sup>a</sup> Ana Ramos, souberon chegar á cerna e, anticipándose ó traballo de extracción sistemática, descubrir que *A* amosa «particularidades gráficas, uniformes e regulares, encontrando-se a alografía bastante simplificada» (1994: 41).

### 2.1. Grafemas e alógrafos minúsculos

Consonte o exposto no limiar acerca das unidades gráficas e as súas variedades, recoñecemos, ademais de <h><sup>9</sup>, representante prototípico de /Ø/, vinte grafemas minúsculos simples en *A*: <a, b, c, ç, d, e, f, g, i, l, m, n, o, p, r, , t, u, x, z>:

6. Neste cadro, e en todos os que repitan idéntica distribución, a primeira porcentaxe ten en conta as grafías que se localizan en palabras distintas (*formas*); a segunda, entre chaves, recolle a totalidade das *ocorrencias* (inclúe as repeticións).
7. Realmente hai dous exemplos.
8. En realidade supoñen un 0,01%.
9. O <h> é realmente unha «lettre historique» que, como tal e a carón das «lettres étymologiques», se identifica como unha unidade non funcional, sen utilidade no sistema (cf. Nina Catach 1990: 57).

## —Cadro 2—

a:	<b>á</b>	b:	<b>b</b>	c:	<b>c</b>	ç:	<b>ç</b>	d:	<b>d</b>	e:	<b>e</b>	f:	<b>f</b>
g:	<b>g</b>	i:	<b>i</b>	l:	<b>l</b>	m:	<b>m</b>	n:	<b>n</b>	o:	<b>o</b>	p:	<b>p</b>
r:	<b>r</b>	:	<b>:</b>	t:	<b>t</b>	u:	<b>u</b>	x:	<b>x</b>	z:	<b>z</b>	h:	<b>h</b>

e nove grafemas minúsculos complexos, que, pola súa banda, podemos dividir en homorgánicos (dígrafos puros), compostos por dúas letras distintas <ch> ou por xeminación <ll, nn, rr>

## —Cadro 3—

ch:	<b>ch</b>	ll:	<b>ll</b>	nn:	<b>nn</b>	rr:	<b>rr</b>
-----	-----------	-----	-----------	-----	-----------	-----	-----------

e heterorgánicos, compostos por unha letra e un signo auxiliar (cf. *supra*) **til**— (dígrafos mixtos) <ã, ê, î, ô, û>:

## —Cadro 4—

ã:	<b>ã</b>	ê:	<b>ê</b>	î:	<b>î</b>	ô:	<b>ô</b>	û:	<b>û</b>
----	----------	----	----------	----	----------	----	----------	----	----------

Ós anteriores engádese unha serie de alógrafos<sup>10</sup>, quer simples <j, y, q, s>


## —Cadro 5—

j:	<b>j</b>	y:	<b>y</b>	q:	<b>q</b>	s:	<b>s</b>
----	----------	----	----------	----	----------	----	----------

quer complexos homorgánicos, compostos por dúas letras distintas, <gu, qu, c, ç>, por xeminación <cc, ff, tt, uu> ou por tres letras (con xeminación interna) <çç>


10. Non repetimos entre os alógrafos aquelas grafías que, rendibles xa como grafemas, tamén vehiculan outros valores alográficos (cf. *infra*).

—Cadro 6—




quer complexos heterorgánicos, compostos por unha letra e un signo auxiliar  $\text{til}$ — <~n, ñ, ~y><sup>11</sup>:

—Cadro 7—



En total obtemos unha cifra de trinta grafemas (vinte e un simples e nove complexos) e dezasete alógrafos (catro simples e trece complexos). Sen entrarmos polo de agora noutras consideracións, no gráfico número 1 reflectimos o peso específico que lle corresponde a cada unha destas unidades:

Gráfico 1—<sup>12</sup>



11. Non estamos seguros de que <y> sexa alógrafo de /j/, polo que a súa presenza aquí considerámola provisional (cf. § 2.1.1).
12. Só a efectos de simplificación na representación dos datos nesta gráfica, agrupamos os grafemas vocálicos sen distinguir a presenza/ausencia de til riba deles. Excluimos tamén aqueles alógrafos que posúen menos de dez formas (<h, uu, tt, ç, ñ, cc, c, ç, (~y)>).

Fronte a realidades gráficas enormemente produtivas, tanto en formas coma en ocorrencias (<e/ê, a/ã, o/ô, u/û, r> con máis de 1000 formas e de 10000 ocorrencias), outras moi produtivas como <d, n, i/î, t, > (que non baixan das cincocentas formas), e outras cunha rendibilidade media <m, p, c, s, l, g, f, , qu, ç, b> (entre cen e catrocenas formas), algunhas teñen unha rendibilidade limitada <ll, gu, z, rr, nn> (entre as cincuenta e as noventa formas), escasa <x, ch, ñ, ff> (entre dezanove e corenta) ou ínfima <h, uu, tt, ç, ñ, cc, c, ç, (<sup>-</sup>y)> (con menos de dez formas).

O número de grafemas, vinte e nove<sup>13</sup>, non se amosa desproporcionado de o compararmos co dos fonemas por eles representados (trinta e catro): doce vocálicos /a, e, i, o, u, ã, ê, î, ô, û/ e vinte e dous consonánticos /p, b, t, d, k, g, (β-v), f, s, z, j, ç, ts, dz, tʃ, m, n, ɲ, r, l, ʎ/. No cadro número oito adoptamos agora unha perspectiva xeral tendo en conta as interrelacións que se establecen entre os tres tipos de unidades consideradas, fonemas, grafemas e alógrafos (deixamos para máis adiante a proporción con que cada un contribúe no global de cada exemplo):

—Cadro 8—

FONEMAS	GRAFEMAS	ALÓGRAFOS	FONEMAS	GRAFEMAS	ALÓGRAFOS
/a/	<a>		/k/	<>	<qu, q, cc>
/ε/	<e>		/g/	<g>	<gu>
/e/	<e>		/f/	<f>	<ff>
/i/	<î>	<y, j>	/s/	<>	< , s>
/o/	<o>		/z/	<>	< , s>
/o/	<o>		/j/	<x>	
/u/	<u>		/ç/	<î>	<g, x>
/ã/	<ã>		/ts/	<ç>	<c, z, c, ç, ç>
/ê/	<ê>		/dz/	<z>	<ç, s>
/î/	<î>		/tʃ/	<ch>	<x>
/ô/	<ô>	<n>	/m/	<m>	
/û/	<û>	<n>	/n/	<n>	<, ñ, m, nn> <sup>14</sup>
			/ɲ/	<nn>	<n, ñ, n, ( <sup>-</sup> y)>
/p/	<p>		/r/	<r>	
/b/	<b>		/r/	<rr>	<r>
/β-v/	<u>	<uu, b>	/l/	<î>	<ll>
/t/	<t>	<tt>	/ʎ/	<ll>	<î>
/d/	<d>				

Nunha primeira lectura destes datos constátase que o 70% dos grafemas están constituídos por grafías simples. Fronte a eles, as realizacións alográfi-

13. Sen &lt;h&gt;.

14. Salvo indicación contraria, entenderase que o símbolo "&lt;&gt;" remite a un contexto no que aparece sobreposto a vogal.



cas practicamente contan co mesmo número de formas simples ca complexas. De establecermos unha comparación atendendo á natureza vocálica ou consonántica do fonema representado, son catorce as grafías de *A* (dez grafemas <a, e, i, o, u, ã, ê, î, ô, û> máis catro alógrafos <j, y, n, ñ>, todos simples agás o último, complexo heterorgánico) para doce fonemas vocálicos; mentres, a vinte e dous fonemas consonánticos correspóndenlles trinta e oito grafías: vinte e un grafemas (dezasete simples <b, c, ç, d, f, g, i, l, m, n, p, r, s, t, u, x, z> e catro complexos <ch, ll, nn, rr>) e mais dezaseis alógrafos (dous simples <q, s> e catorce complexos <cc, ff, gu, qu, r, c, ç, ç, tt, uu; ñ, ñ, (~y)>)<sup>15</sup>.

De sermos estritos, no cadro anterior aínda podería aparecer un novo membro que habería que identificar fonoloxicamente como /Ø/, isto é, exemplos de grafías con valor cero, sen realización fonética<sup>16</sup>. De maneira prototípica ilústrao <h>: *ba* (170a, 227b, 228b), *be* (212a, 229b), *berdades* (217b), *beu* (226a, 226b, 226b, 227a), *bey* (229a), *bũa* (80b, 149b, 162b, 211b, 228a), *hy* (170a, 170a<sup>17</sup>), *ioban* (150a), e, de maneira condicionada, <c> en restos de latinización gráfica (*cuncto* [217b], *ancta* [93a, 107a, 149a, 159a], *ancta* [93a, 144a, 145b], *anctaren* [233b, 234a])<sup>18</sup>. Non nos deteremos apenas no emprego de <h> porque M.<sup>a</sup> Ana Ramos (2005) xa ofrece unha explicación moi detallada. Limitámonos a consignar que o seu emprego, sempre anteposto a vogal, ás veces carece en *A* de xustificación etimográfica, como nos casos de *be*, *beu*, *bũa* e *hy*. Para outras formas si é válida esa explicación: *ba*, *berdades*, *bey* ou *ioban*. Compróbase tamén (i) a preferencia pola posición inicial  $\theta$  —to das nove formas consideradas (sinala Morreale, 1974: 44, que o <h> «tamén marca, cuando es inicial, el contorno de las palabras»)—<sup>19</sup> e (ii) diante de <u>, como lembra X. Maure (2006: 195), a súa función é «reforzar a condición de autografo [vogal] do grafema <u>, —dado que este tiña a dobre natureza de singrafo [consoante] e autografo—», de aí que sexa especialmente rendible co artigo indefinido feminino (no que a natureza só vocálica ou conxuntamente vocálica e consonántica representada por <u> podería non estar clara). O uso de <h> coas formas verbais *be* e

15. Quedan fóra <h> e as realizacións alográficas dos grafemas.

16. Obviamente, deixamos de lado o caso de <u> (ou mesmo <V> poscapital) cando pertence ós dígrafos <qu> ou <gu> seguidos das vogais <i> e <e>.

17. Poderíase engadir un terceiro caso de *hy* que aparece riscado no preantepenúltimo verso de 170a (na mesma cantiga dos outros dous casos).

18. Noutros exemplos o <c> xa non está presente: *ciutar* (216a), *ant'* (107a), *anta* (107b, 241a) e *antaren* (233a, 234a, 234a). Idéntica explicación hai que lles dar ós exemplos da conxunción *et* (cf. § 2.1.2.A).

19. A propósito do uso de <h> en galego medieval P. Vilaboi (1991: 171) comenta que «na evolución diacrónica a representación ou non deste grafema vacilou sobre todo na época medieval, (...) A vacilación dáse case sempre en posición inicial».

*ha*<sup>20</sup> explícase pola súa función diacrítica (cf. X. Maure 2006: 197-199) e, en xeral, para o uso cos monosílabos o propio X. Maure (2006: 199-201) fala de «función de ampliación da materia gráfica». É de suma relevancia a concentración de moitos dos casos de <h> en tres ciclos (Anónimo III, Pai Gomez Charinho e Johan Perez d' Aboim), por canto pode ser indicio de cambio de man ou de emprego de fontes diversas no proceso de copia de *A. M.*<sup>a</sup> Ana Ramos (2005: 392-393) maniféstase neste sentido referíndose concretamente ó ciclo do Anónimo III:

Se não há, concretamente, mudança efectiva de mão, esta tendência muito localizada do fenómeno [o emprego de <h>] faz, evidentemente, pensar num hábito de escrita presente no modelo e respeitado pelo copista. Suposição que se revela ainda mais sólida quando recordamos que este ciclo de dimensões significativas –dez composições– não se encontra transcrito nos cancioneiros posteriores. Não só o carácter anónimo do trovador, não apenas a especificidade de textos únicos, mas também este indicio de natureza gráfica vem determinar que este ciclo de cantigas é originário possivelmente de um outro tipo de fonte, ou pelo menos de uma procedência com tradição gráfica diferenciada dos outros ciclos incluídos no *Cancioneiro*.

Para podermos enxergar a consistencia dos grafemas seleccionados en *A* como representantes prototípicos dos fonemas respectivos, recompilamos as súas frecuencias e ofrecémolas no cadro nove:

—Cadro 9—

Fonema	Grafema %	Fonema	Grafema %	Fonema	Grafema %
/a/	<a> 100	/p/	<p> 100	/ts/	<ç> 73,2
/e/	<e> 100	/b/	<b> 100	/dz/	<z> 95,3
/e/	<e> 100	/t/	<t> 99,1	/tʃ/	<ch> 94,3
/i/	<i> 79,7	/d/	<d> 100	/m/	<m> 100
/o/	<o> 100	/k/	<c> 65,5	/ŋ/	<n> 79,1
/o/	<o> 100	/g/	<g> 80,6	/N/	<nn> 58,1
/u/	<u> 100	/β-v/	<u> 97,7	/r/	<r> 100
/ā/	<ā> 100	/f/	<f> 88,6	/r/	<rr> 68,4
/è/	<è> 100	/s/	<s> 49,9	/l/	<l> 96,9
/i/	<i> 100	/z/	<z> 90,5	/k/	<ll> 93,1
/ò/	<ò> 92,3	/j/	<x> 100		
/ü/	<ü> 87,5	/ʒ/	<i> 69,3		

Na lectura dos datos precedentes podemos observar que apenas hai puntos febles no sistema grafemático de *A*. O único destacable é o da repre-

20. De feito, esta segunda forma «recupera o grafema mudo non por razóns etimolóxicas senón por razón de distinción funcional» (X. Maure 2006: 201).



Aínda que a densidade da gráfica poida facer pensar nunha estrutura moi complexa, realmente non o é se temos en conta que (i) a práctica totalidade das asignacións grafema/fonema están moi consolidadas no sistema de A; (ii) hai relativamente poucos casos de grafemas duplos, un nas consoantes (< >) e catro nas vogais (<e, i, o, u>), que supoñen o 14,7% do total de grafemas (33,3% e 4,5% para vogais e consoantes, respectivamente); (iii) estes grafemas duplos non posúen ningún outro valor no sistema (nin secundario, nin ocasional); (iv) non son poucos os casos (20,6%) nos que un grafema se asocia a só un fonema <a, d, f, t, p, ch, rr>; (v) só hai dous exemplos no sistema nos que un grafema se relaciona con máis de dous fonemas: <n> (cf. *infra* § 2.1.1) e mais <x>, que se relacionan con tres; (vi) hai grafemas que presentan ademais ou un valor alográfico secundario <ã, ê, ï, ô, û, g, c, m, r> ou unha asociación alográfica esporádica <b, ç, z, l, ll> (26,5% e 14,7%, respectivamente, do total de grafemas); (vii) a meirande parte das formas exclusivamente alográficas (82,4% delas, 30,4% do total de grafías) só se corresponden cun valor fonémico <j, y, cc, tt, uu, ff, gu, q, qu, ç, ç, c, ñ, (<sup>~</sup>y)>; (viii) finalmente, hai un alógrafo < > con dous valores alográficos e mesmo hai dous, <s, <sup>~</sup>n>, que se asocian con tres. Non se detecta unha asignación biunívoca perfecta entre grafías vocálicas específicas para fonemas vocálicos e grafías consonánticas específicas para fonemas consonánticos: hai interrelacións sobre todo na primeira das direccións en que dous grafemas vocálicos (<i, u>) tamén o son de cadanseu fonema consonántico e o til pode representar tamén alograficamente, en posición implosiva, o fonema consonántico /n/<sup>23</sup>. Só se rexistran dous casos excepcionais de grafía consonántica, <<sup>~</sup>n> e <n>, que serven para representar o trazo nasal dun fonema vocálico nasal: /ũ/ (*ũa* 107b) e /ô/ (*bona* 121b).

no consonantismo, as grandes innovacións romances, e na súa expresión diacrítica mediante o til. Non abrimos aquí esta dimensión por non recargar excesivamente un cadro xa complexo de seu. Porén, non é difícil reinterpretar as relacións —ñas no cadro— afectadas pola consideración desta perspectiva. Para o trazo [+ nasal] distinguírase entre nasalidade vocálica (o til representa un trazo) e consonántica (o til representa un fonema). Como expresión da nasalidade vocálica haberá que reinterpretar as cinco liñas que unen as vogais con til sobreposto e os fonemas correspondentes (<vogal seguida de vogal + til sobreposto> ↔ vogal oral + [nasalidad vocálica]). Como expresión da nasalidade consonántica haberá que reinterpretar a liña que une o rectángulo que engloba as cinco vogais con til sobreposto e o fonema /n/ (<vogal non seguida de vogal + til sobreposto> ↔ vogal + consoante nasal implosiva /n/). En relación co trazo palatal deix —ando fóra grafías moi excepcionais— haberá que reinterpretar a liña que une <n> e /ɲ/ (<n> + til sobreanteposto ↔ /n/ + [palatalidade consonántica]), a liña que une <ñ> e /ɲ/ (<ñ> + til sobreposto ↔ /n/ + [palatalidade consonántica]) e a liña que une [<sup>~</sup>y] e /ɲ/ (<y> + til sobreanteposto ↔ /n/ + [palatalidade consonántica]).

23. A propósito do carácter velar desta nasal non podemos esquecer, por vir ó caso, que R. Mariño considera moi verosímil a «suposición de que foi antigo o desenvolvemento de consoante nasal velar implosiva nas terminacións galegas procedentes das latinas -ONU(M), -ÖNU(M) e -ÛNU(M)» (2002: 109).

É significativo comprobar tamén como se poden interpretar as relacións que amosa o esquema anterior dende a óptica dos (trinta e catro) fonemas que se inclúen nel. Case a metade deles (44,1%) contan só cun grafema que os represente: /a, ε, e, o, u, ã, ê, î, b, d, p, f, m, r/. O resto de fonemas, ademais dun grafema, presentan tamén un alógrafo (/f, g, r/), un alógrafo ocasional (/õ, ù, t, tʃ, l, k/), dous alógrafos (/i, s/), un alógrafo non ocasional e outro ocasional (/ʒ, z/), dous alógrafos non ocasionais (/β-v, dz/), dous alógrafos non ocasionais e un ocasional (/k, ɲ)<sup>24</sup> ou un alógrafo non ocasional e tres ocasionais (/n, ts/).

A aparente complexidade da representación anterior (debida en boa parte a que en bastantes casos o único que hai son asociacións ocasionais, que mesmo poderían desaparecer nunha representación só un pouco máis selectiva<sup>25</sup>), obríganos a salientar a importancia capital do contexto: para interpretarmos adecuadamente a realidade gráfica de *A* necesitamos atender non só ás unidades de xeito illado, cuantitativa ou cualitativamente, senón á súa posición relativa dentro da cadea gráfica. Así, faise perceptible que hai 'regras' de distribución complementaria relativamente doadas e de execución pouco complexa. Certamente, noutras oportunidades a explicación dos feitos amósase máis toldada e complexa ó agochar fenómenos de distinto tipo e/ou natureza. Nos epígrafes seguintes iremos desenvolvendo progresivamente os aspectos esenciais destas relacións cruzadas.

### 2.1.1. Os grafemas e alógrafos vocálicos<sup>26</sup>

Xa se adiantou que a interrelación grafías ↔ fonemas vocálicos de *A* é realmente proporcionada: os sete fonemas vocálicos orais están representados por cinco grafemas (<a, e, i, o, u>) e por dous alógrafos (<j, y>); os cinco fonemas vocálicos nasais están representados por cinco grafemas complexos heterorgánicos <ã, ê, î, õ, ù> e, de xeito excepcional, polos alógrafos <xñ, xn> (sendo 'x' un grafema vocálico). Certamente, a distribución entre eles non se fai de xeito completamente proporcional e homoxéneo. Os seguintes parágrafos tentan desenvolver o novelo de relacións grafofonolóxicas a nivel vocálico.

24. De contarmos tamén <<sup>ç</sup>y> entre as grafías da nasal palatal, /ɲ/ contará a maiores cun alógrafo ocasional.

25. Pensemos que, como se comproba no cadro 10, son vinte (vinte e unha se incluímos <<sup>ç</sup>y>) as relacións alográficas ocasionais que, como xa se sinalou, non alcanzan en ningún caso o 5% de representatividade.

26. Para todo o relativo ás maiúsculas, tanto no vocalismo coma no consonantismo, cf. § 3. Excluímos sistematicamente das porcentaxes todas as grafías non representadas.

En primeiro lugar convén sinalar que estamos a falar de 6639 formas gráficas vocálicas (con practicamente 64400 ocorrencias). O cadro seguinte reproduce a distribución porcentual entre as distintas series vocálicas:

↵ *adro 11*—

Unidade	%
/a, ã/	28,2 [22,4]
/e, e, ê/ <sup>27</sup>	32 [35,3]
/i, î/	14,7 [12,8]
/o, o, ô/	18,2 [21,4]
/u, û/	6,9 [8,1]

Advírtese decontado que o conxunto gráfico vocálico máis rendible en A é o palatal da serie media, en segundo lugar, a non moita distancia, o da vogal de máxima abertura, en terceiro e cuarto lugar sitúanse, respectivamente, o velar da serie media e o palatal da pechada, e, finalmente, en último termo atópase o velar pechado. De nos fixarmos nas ocorrencias, aínda que se detecten algunhas flutuacións (a máis acusada é a diminución no caso de /a, ã/), estas non provocan ningunha modificación significativa na ordenación relativa dos grupos considerados.

Convén examinarmos a casuística concreta da asignación gráfica, grafemas e alógrafos, dos fonemas vocálicos. No cadro doce ofrecemos unha aproximación xeral á situación de A:

↵ *adro 12*—

Fonema	Grafema	Alógrafo(s)
/a/	<a>: 100	
/e/	<e>: 100	
/e/	<e>: 100	
/i/	<i>: 79,7 [86,8]	<y>: 19,4 [12,9]; <î>: 0,9 [0,3]
/o/	<o>: 100	
/o/	<o>: 100	
/u/	<u>: 100	
/ã/	<ã>: 100	
/ê/	<ê>: 100	
/î/	<î>: 100	
/ô/	<ô>: 92,3 [98,9]	<on>: 7,7 [1,1]
/û/	<û>: 87,5 [98,8]	<ün>: 12,5 [1,2]

27. Consonte o sinalado por, entre outros, R. Mariño (2002: 72), non distinguimos xa en posición tónica entre sete fonemas vocálicos nasais porque «a resonancia nasal elevou desde antigo as vocais medias abertas».

Seis das sete vogais orais só posúen en *A* unha opción de representación gráfica. A excepción é /i/, que conta con tres posibles recursos gráficos para a súa representación, aínda que só dous son produtivos e o grafema éo cunha porcentaxe superior ás catro quintas partes. Algo semellante ocorre coas vogais nasais, pois son maioría as que só posúen unha opción gráfica; así a todo os alógrafos das vogais nasais son realmente excepcionais porque estamos a falar de cadansúa forma que, de contarmos con todas as ocorrencias, alcanzan unhas porcentaxes de uso moi cativas (pouco máis do un por cento). Cómpre salientar tamén que o sincretismo escriptolóxico vocálico é acusado, pois nas vogais da serie media, tanto palatal coma velar, coincide o grafema. Así mesmo coincide tamén na representación das vogais nasais, pois estas botan man dos grafemas vocálicos máis o til (que, non o esquezamos, vehicula tamén outros valores, cf. máis adiante § 2.1.2). A propósito do grafema <u> cómpre subliñar que o valor vocálico supón un 45,7%, o consonántico alcanza o 37,6% e o valor /∅/ sitúase no 16,7%.

(A) *As vogais orais*

Fornecemos nos parágrafos que seguen unha escolma  $\text{æc}$  esariamente moi reducida— con exemplos dos fonemas vocálicos orais nas distintas posicións<sup>28</sup>:

/a/ <a>

(i) Tónica: *alg'* 1, *cabo* 2, *coitar* 2, *cou ira* 2, *cuitad'* 2, *delgado* 1, *ficar* 3, *grad'* 7, *guarde* 4, *loado* 3...

(ii) Átona inicial: *acordo* 1, *agui ou* 2, *apo to* 2, *aquel* 17, *atende* 1, *cabere* 1, *fallir* 2, *abed'* 1, *uale e* 2...

(iii) Pretónica interna: *de eiador* 1, *loarei* 1, *morador* 1, *negarei* 1, *ou arei* 5, *uerdadeir'* 1...

(iv) Átona final: *coida* 1, *cordura* 1, *elas* 5, *loucura* 1, *ou a* 1, *prenda* 3, *roga* 4, *emella* 6, *temeria* 1...

/ɛ/ <e>

(i) Tónica: *conuen* 4, *era* 7, *leuo* 5, *mentes* 1, *queren* 11, *Senpre* 1, *ten* 80...

(ii) Pretónica interna: *conuerra* 1, *man edume* 2, *podero o* 1...

(iii) Átona: *e* 1188.

/e/ <e>

(i) Tónica: *acon ell'* 1, *cabere* 1, *creo* 4, *doer* 10, *e ta* 53, *fiquey* 1, *primeiro* 3, *tenn'* 15, *uiue* ' 1...

28. As proporcións dos distintos contextos sinálanse no cadro número trece.

- (ii) Átona inicial: *creerey* 2, *deuia* 10, *e forç* 2, *e taua* 3, *ferida* 2, *neun* 5, *peor* 24, *perdon* 24, *enon* 4, *eruidor* 1...
- (iii) Pretónica interna: *adeuinar* 1, *alegrar* 2, *aueran* 1, *en andeçr* 1, *gradeçi* 1, *prazeria* 4, *reçeou* 1, *ofredor* 1...
- (iv) Átona final: *cabe* 1, *di e* 7<sup>29</sup>, *grande* 7, *garde* 4, *loe* 1, *mate* 2, *oge* 19, *porque* 3, *obre* 11, *tri te* 4...

/i/ <i, y, j>

- (i) Tónica: *catiu'* 6, *folia* 3, *mentiu* 1, *morria* 6, *perdi* 25, *quite* 3, *entir* 2, *eruido* 1, *uida* 4, *uj* 11, *uiuja* 1...
- (ii) Átona inicial: *diran* 2, *dized'* 3, *gui ada* 2, *uiuieu* 1, *djrei* 1...
- (iii) Pretónica interna: *cou idor* 1, *deuinnar* 1, *marauillar* 5, *obridado* 1...
- (iv) Átona final: *dixi* 6, *pudi* 2...
- (v) Glide: *coi&ta&do* 1<sup>30</sup>, *coidan* 1, *coitou* 1, *cuidar* 15, *demais* 1, *moiro* 36, *queixou* 1, *tolleito* 1, *trobei* 1, *leyxou* 1, *coytad'* 6, *mays* 59, *coyt'* 7...

/o/ <o>

- (i) Tónica: *acorde* 1, *corpo* 3, *dormen* 1, *fol* 1, *forte* 6, *pode* 27, *prol* 17, *rrog'* 1, *uo a* 5...
- (ii) Átona inicial: *mortal* 2, *oir* 3, *oyrdes* 1, *oyren* 2...

/o/ <o>

- (i) Tónica: *Sênor* 2, *agui ou* 2, *chegou* 2, *cou a* 26, *de pois* 2, *eruidor* 1, *obre* 11, *todas* 6, *uergonna* 1...
- (ii) Átona inicial: *chorauam* 1, *coitad'* 9, *começy* 1, *doer* 10, *gouernar* 1, *morreria* 2, *ou ei* 11, *proudarei* 1, *tolled'* 1...
- (iii) Pretónica interna: *acomend'* 1, *acordei* 1, *alogad'* 1, *amo trar* 2, *aprouguer* 1, *de cobrir* 1, *e forç r* 2...
- (iv) Átona final: *ando* 16, *catiuo* 11, *de pagado* 1, *mudo* 1, *negando* 1, *preto* 1, *pero* 96, *recado* 2, *temo* 1...

29. A variación na vogal átona final da P3 do pretérito do verbo *dizer* coñece as formas seguintes: *di e* 7, (*Di*) *o* 3, *di o* 3 (sempre van seguidas de consoante excepto nun caso de *di e* que vai seguido de vogal e noutro que vai en posición de rima). É moi interesante constatar que mentres as formas en <-e> se localizan en dous cadernos (III 2, V 5) as formas en <-o> só aparecen noutros tres diferentes (VI, VII, XI 4). A P1 do pretérito do verbo *dizer* coñece catro formas (*dix'* 11, *dixe* 27, (*Dixe*) 1, *dixi* 6) con dúas variantes desinenciais: en <-e> ou en <-i>. Alén da preferéncia obvia pola primeira das opcións, chama poderosamente a atención que a segunda, concentrada na forma *dixi*, só se rexistra no caderno VII, no que, ademais, fronte á variante en <-e>, supón o 54,5%.
30. Usamos '&' para representar a unión de formas que aparecen separadas no manuscrito.



/u/ &lt;u&gt;

(i) Tónica: *algun* 13, *bu can* 1, *loucura* 1, *lume* 10, *me ura* 18, *mund'* 16, *perdudo* 1, *pregunta* 2, *annudo* 1, *egundo* 2...(ii) Átona inicial: *bu caua* 1, *cu tar* 2, *durar* 1, *iuntar* 1, *iurar* 7, *punnando* 1, (*P*)*unnei* 1...(iii) Pretónica interna: (*A*)*uenturey* 1, *preguntador* 1, *preguntou* 1...(iv) Glide: *aprendeu* 1, *guardo* 1, *louco* 1, *matou* 1, *meus* 68, *ou ei* 11, *quãt'* 10, *oubera* 2...

A continuación presentamos a distribución das vogais tendo en conta os seguintes parámetros: o carácter oral ou nasal da vogal e que haxa ou non trabazón por nasal implosiva. Neste segundo caso indicamos cal é a representación gráfica elixida (cf. § 2.1.2):

€ *adro 13*—

UNIDADE	ORAL				NASAL
	Non trabada por nasal	Trabada por nasal			
	A/P/T/O/F   S <sup>31</sup>	<-m> A/P/T/O/F	<-n> A/P/T/O/F	<- > A/P/T/O/F	A/P/T/O/F
<a, â> /a, â/	86,3 27/8/36/-/29	1,3 17/33/17/-/33	10 12/8/60/-/20	2,3 12/7/62/-/19	0,1 100/-/-/-
<e> /e/	64,6 -/3/96/-/1	6,7 -/-/100/-/-	20,5 -/-/100/-/-	8,2 -/-/100/-/-	
<e, > /e/	85,2 26/11/38/-/25	0,4 12 12//38/-/50	1,8 40/17/26/-/17	0,6 32/21/18/-/29	62/-/38/-/-
<i, j> /i, j/	97,2 15/5/45/-/1   34	0,1 -/-/100/-/-	2 25/-/69/-/6	0,4 33/-/67/-/-	0,3 100/-/-/-
<y> <sup>32</sup> /i/	98,9 1/1/16/-/1   81		1,1 -/-/100/-/-		
<j> /i/	100 11/-/89/-/-				
<o> /o/	100 15/-/85/-/-				
<o, ô> /o, ô/	87,2 29/4/27/-/40		8,9 31/9/48/-/12	2,8 16/19/36/-/29	1,1 31/31/38/-/-
<u, ü> /u, ü/	89,1 7/5/22/-/   66	0,4 -/-/100/-/-	6 4/25/71/-/-	2,8 8/23/61/-/8	1,7 -/-/100/-/-

[A: Átona inicial; P: Pretónica; T: Tónica; O: Postónica; F: Final; S: Semivogal]

31. Ofrecemos os datos relativos á posición silábica cun redondeo sen decimais.

32. Os alógrafos <y, j> non levan til nasal enriba (cf. *infra* co que se sinala de <y>). O primeiro adoita levar, mais non sempre, un punto diacrítico. Como a edición de A de Mariña Arbor non inclúe este sinal diacrítico non o temos en conta de xeito sistemático no presente estudo. Si o

A marxinalidade das vogais nasais (en ningún caso chegan a alcanzar o 2% das formas) fronte ás orais é unha das primeiras lecturas claras dos datos anteriores; tamén o é que as vogais orais maioritariamente non están trabadas por nasal (único contexto para <j> /i/ e para <o> /ɔ/); a única excepción relativa constitúea <e> (/ɛ/), que sendo maioritaria non chega ó 65%; existe unanimidade entre todas as opcións gráficas para facer de <-n> representante destacado da nasal implosiva (con <y> é a única presente); a opción <-m> é a minoritaria (non se localiza con <y, j, o>) a moita distancia das outras dúas; nun lugar sempre secundario está a opción do til <-̃>, que só chega a ser proporcionalmente significativa con <e> (/ɛ/) e mais con <o> (/ɔ/); polo que se refire ás preferencias silábicas, estas son evidentes no caso de <y> (basicamente semivogal), <j> (esencialmente tónica). Na combinación con <e> (/ɛ/) <-m> comparece máis ben na átona final fronte a <-n> e <-̃>, que figuran preferentemente na átona inicial; na súa combinación con <a>, <-m> singularízase nas sílabas átonas fronte a <-n> e <-̃>, que o fan en sílaba tónica.

Fóra do eido da nasalidade, a única flutuación alográfica rendible no ámbito vocálico é a que se sitúa na serie palatal pechada. Acabamos de comprobar cal é a rendibilidade dende unha perspectiva silábico-nasal e acentual. A seguir sinalamos só as tendencias xerais máis significativas na distribución que en *A* teñen <i, y, j><sup>33</sup>. En primeiro lugar, convén non esquecer a desproporción no reparto do valor /i/ (cf. *supra* co cadro número 12) e, en segundo termo, cómpre sinalar o peso específico que ten o carácter vocálico nestas tres grafías, que é do 100% con <y> e <j> (para un posible caso de <j> con valor consonántico véxase máis adiante § 2.1.2.B e § 3), e do 92,6% con <i> (que coñece un 7,4% de valores consonánticos, cf. § 2.1.2.B). Finalmente, lembremos que en números absolutos estamos a falar de case oitocentas formas con <i>, case duascenas con <y> e oito con <j> (que entre todas as ocorrencias suman practicamente 8250 exemplos). Observe o cadro número catorce:

inclúe na súa edición Carter, que o reproduce maioritariamente como til de nasalidade (*reỹ* 236a), aínda que nalgún caso o edita como acento agudo (*ireỹ* 236a): tanto nun caso coma noutro a representación real da escrita achégase máis ben a un punto do que a un til ou a un acento agudo.

33. No traballo de Arbor / Varela (no prelo) desenvólvese monograficamente e estúdase este aspecto de *A*.

€ adro 14—<sup>34</sup>

Unidade	SCV	DC	DD	DP	1ºH	2ºH	EMH
<i> 778	49,9/94,7 {44,8/94,7}	1,2/37,5 {0,2/13,4}	25,2/62,4 {32,7/78,9}	6,8/73,6 {8,5/81,3}	16,1/96,2 {13,7/99,1}	0,8/30 {0,2/25,5}	
<y> 189	10,1/4,6 {15,5/4,9}	7,9/62,5 {7,9/86,6}	62,4/37,6 {59/21,1}	10,1/26,4 {13,1/18,7}	2,1/3,1 {7,5/0,8}	4,8/45 {3/62,7}	2,6/100 {0,8/100}
<j> 9	33,3/0, {65/0,4}				11,1/0,8 {5/0,1}	55,6/25 {30/11,8}	

[SCV: Sen contacto con vogal; DC: Ditongo crecente; DD: Ditongo decrecente; DP: Ditongo plano; 1ºH: Primeiro elemento de hiato; 2ºH: Segundo elemento de hiato; EMH: Elemento medial de hiato]

Aprécianse de inmediato unhas claras tendencias distribucionais: <y> é a única grafía que aparece en todos os contextos considerados e <i> só falta no último; nas seis posicións nas que coinciden ambas as dúas grafías sinaladas, <i> é maioritaria en catro delas e <y> éo nas outras dúas; <j> rexístrase só en tres contextos básicos pero é esencialmente ‘rendible’ (máis da metade dos exemplos) como segundo elemento de hiato plano (*rijr* 2, *uijan* 1, *uijr* 1, *a&uijr* 1, *uijr* 1) e mesmo chega a supoñer a cuarta parte do total de formas (e incluso, a pesar das poucas ocorrencias totais, case alcanza o 12% de todas as ocorrencias neste contexto); as outras dúas posicións en que aparece <j> son a de núcleo silábico sen contacto con vogal (*fjz* 1, *uj* 11, *Djrei* 1) e a de primeiro elemento dun hiato crecente (*uiuja* [222b])<sup>35</sup>; <y> monopoliza en exclusiva a posición medial nos hiatos crecentes *œnde* non aparecen nin <i> nin <j>— (*oya* 1, *soya* 1, *oya* 3, *oyan* 2, *ueyan* 1), mais é o alógrafa empregado prototipicamente nos ditongos decrecentes *e*— ase as dúas terceiras partes de formas con <y> teñen esta contextualización— (*amarey* 1, *amey* 8, *andarey* 1, *atenderey* 1, *auerey* 3, *ay* 38, *cobrarey* 1, *comeęy* 1, *coydaua* 1, *coyta* 52, *coytas* 4, *coytado* 6, *creerey* 2, *cuydey* 3, *dereyto* 2, *de &poys* 1, *de eiey* 2, *dey* 1, *direy* 18, *doyr* 1, *ey* 96, *falarey* 1, *faley* 1, *farey* 6, *filley* 2, *fiquey* 1, *foy* 36, *freyra* 7, *gaanney* 1, *guardey* 2, *guareęer ey* 1, *bey* 1, *irey* 2, *lazeyro* 1, *leuantey* 1, *leuey* 5, *leyxa* 1, *leyxades* 6, *leyxar* 3, *leyxar-des* 1, *leyxou* 1, *mays* 59, *mirey* 3, *morrerey* 2, *mo trarey* 1, *moyro* 11, *no-*

34. Débense interpretar as porcentaxes como ‘porcentaxe en relación ó total de formas no eixe horizontal’ (contexto fonético) / ‘porcentaxe en relación ó total de formas no eixe vertical’ (unidade gráfica) [‘porcentaxe en relación ó total de ocorrencias no eixe horizontal’ (contexto fonético) / ‘porcentaxe en relación ó total de ocorrencias no eixe vertical’] (unidade gráfica).
35. Na maior parte dos casos a elección de <j> responde a razóns de discriminación de unidades contiguas de figura moi parecida no seu carro inferior. <i> e <u> como unidades precedentes e <r> como unidade subsecuente están presentes na case totalidade dos exemplos.

*gueyra* 2, *noyte* 1, *ou ey* 1, *oyredes* 1, *paay* 1, *paguey* 1, *partirey* 1, *pa ey* 1, *peney* 1, *perderey* 2, *pleyto* 1, *poderey* 2, *poys* 31, *prenderey* 3, *preyto* 2, *primeyro* 1, *punney* 1, *quitey* 1, *querey* 1, *querrey* 1, *queyra* 2, *queyxar* 2, *quitey* 3, *reçeeey* 2, *rey* 1, *rogarey* 1, *erey* 2, *ey* 44, *offrerey* 1, *oy* 1, *ey* 1, *terrey* 1, *trobey* 1, *uerey* 2, *uinguey* 1, *uiuerey* 2, *yrey* 1...) aínda que neste caso sexa <i> quen se atope nun número maior de formas (*acharei* 2, *acordei* 1, *ai* 7, *amarei* 4, *amei* 12, *ampararei* 1, *andarei* 1, *andei* 4, *auerei* 16, *bu quei* 2, *calei* 1, *ceguei* 1, *chamarei* 1, *chamei* 3, *cobrarei* 1, *coida* 1, *coidado* 4, *coidar* 14, *coida e* 2, *coidei* 8, *coido* 8, *coita* 285, *coitado* 25, *coitar* 2, *começei* 1, *cuidarei* 1, *cuidei* 22, *darei* 1, *demais* 1, *demandei* 1, *dereito* 12, *de egei* 3, *de eiarei* 4, *de eiei* 12, *de pois* 2, *direi* 97, *doerei* 1, *durei* 1, *ei* 237, *en andeçerei* 1, *e forcei* 1, *e tarei* 1, *falarei* 4, *falei* 7, *fallei* 1, *farei* 41, *feit'* 1, *filei* 3, *fillei* 4, *fillei* 4, *fiquei* 5, *foi* 11, *gracirei* 1, *gardeei* 2, *irei* 1, *leixa* 7, *leixades* 2, *leixan* 1, *leixar* 11, *leixara* 1, *leixe* 20, *leixedes* 5, *leixei* 1, *leixou* 4, *leuei* 8, *loarei* 1, *loei* 1, *mais* 397, *matei* 1, *mentirei* 2, *moiro* 36, *morarei* 2, *morei* 1, *morrerei* 23, *negarei* 1, *neguei* 8, *noite* 1, *ou arei* 5, *perderei* 15, *preito* 1, *paguei* 1, *partirei* 2, *perderei* 7, *poderei* 11, *pois* 246, *poi* 3, *porrei* 2, *preito* 4, *prenderei* 3, *primeiro* 3, *punnarei* 1, *queira* 4, *queira* 3, *queirades* 2, *queirades* 1, *queixar* 3, *queixades* 3, *queixo* 2, *queixou* 1, *querei* 2, *quitei* 4, *rogarei* 11, *aberei* 2, *ei* 190, *erei* 12, *eruirei* 1, *temerei* 3, *tolleito* 1, *tornei* 1, *trobei* 1, *uerei* 7, *uiuerei* 11...); <y> é tamén especialmente rendible como primeiro elemento nos ditongos crecentes en contexto posvocálico, pois non queda moi lonxe de acaparar as dúas terceiras partes de todas as formas (cifra que aumenta ata case o 87% se temos en conta o total de ocorrencias) (*alfaya* 1, *gaya* 1, *maya* 2, *mayor* 68, *retraya* 1, *aya* 2, *oyo* 1, *uaya* 1...). En todas as formas do ditongo crecente con <y> sempre vai precedido por vogal; cando a grafía do primeiro elemento do ditongo crecente é <i> só nun 22,2% vai precedido de vogal (*caia* 1, *maior* 3; *cambiar* 1, *egobia* 1, *trayç on* 2...). Tampouco hai que esquecer que <y> é o alógrafo máis empregado como segundo elemento dos hiatos decrecentes cun 45% p- orcentaxe que se eleva ata case o 63% de contarmos as ocorrencias— ((A)ynda 2, *oyr* 10, *oyrdes* 1, *oyren* 2, *oy tes* 2, *ay* 2...); <i>, pola súa banda, aparece na metade das ocasións en contexto de non coalescencia con vogal p- racticamente co 95% das formas e/ou ocorrencias nesta posición— (*adeuinna* 1, *agui ar* 1, *ali* 14, *amigo* 19, *a i* 198, *atendi* 2, *cantiga* 1, *catiuo* 11, *ç ma* 1, *cofondi* 2, *comigo* 6, *comprida* 1, *cou idor* 1, *de cobrir* 1, *diga* 6, *digo* 29, *dira* 13, *diran* 2, *di e* 8, *dizer* 178, *dormir* 13, *en andeç* 3, *entendi* 12, *e pedir* 1, *falir* 2, *ferrida* 2, *ficar* 3, *fige* 2, *fillar* 22, *fiquei* 5, *fiz* 24, *gradeç* 1, *guarida* 1, *gui ar* 4, *ides* 3, *inda* 2, *ir* 34, *linnagen* 4, *maldito* 1, *marauillado* 6, *mêtira* 1, *mereçi* 9, *mî* 81, *naçi* 21, *partir* 5, *perdi* 10, *prendi* 2, *parti e* 1, *pedir* 5, *perdi* 25, *primeiro* 3, *qui er* 31, *qui e e* 14, *quitar* 30, *quitei* 4, *quitos* 1, *quitou* 3,

*entido* 1, *entir* 2, *entirigo* 5, *erui* 16, *eruiço* 3, *eruir* 17, *e erigo* 2, *i* 46, *igo* 1, *temi* 4, *tremi* 1, *tri te* 4, *ui* 255, *uiçada* 1, *uiç* 2, *uida* 4, *uil* 1, *uin* 8, *uinganca* 1, *uiren* 4, *uirõ* 1, *uiue* 3, *uiu* 64...). De todos os xeitos, aínda que esporádicos, tampouco faltan exemplos con <y> (*aly* 3, *a y* 7, *entendy* 1, *hy* 2, *lly* 1, *menty* 1, *my* 1, *party* 2, *pudy* 1, *y* 2, *ydes* 2, *ynda* 2, *yr* 8, *yrey* 1, *yria* 1...) ou mesmo con <j> (cf. *supra*). Na cuarta parte das formas atópase en ditongos decrecentes (cf. *supra*) e con algo máis do 16% sitúase como primeiro elemento dun hiato crecente (ou plano) neste caso supón algo máis do 96% do total de formas e do 99,1% das ocorrencias— (*andaria* 1, *atenderia* 1, *atreuia* 2, *auerian* 1, *auia* 19, *cataria* 1, *chamaria* 1, *con ella-ria* 1, *cuidaria* 2, *daria* 3, *de eiaria* 1, *deuia* 10, *dia* 95, *dias* 6, *diria* 7, *dirias* 1, *dizia* 2, *doeria* 2, *dormia* 1, *dormiria* 1, *entendia* 2, *e colleria* 2, *e taria* 4, *faria* 19, *fazia* 1, *fia* 1, *folia* 3, *guarria* 2, *iria* 2, *maria* 17, *morreria* 2, *morria* 6, *niun* 16, *ou aria* 3, *perderia* 2, *perfia* 1, *pareçia* 1, *partiria* 2, *perderia* 1, *perdia* 2, *perfia* 1, *pe aria* 3, *poderia* 19, *poderian* 1, *podia* 19, *podiam* 1, *prazeria* 4, *prazia* 1, *queria* 6, *queixaria* 1, *queria* 16, *ria* 1, *rijr* 2, *abedoria* 1, *aberia* 3, *abia* 6, *eria* 26, *eruia* 1, *tornaria* 1, *ualia* 2, *ual-rria* 1, *uerri'* 1, *uerria* 3, *uijan* 1, *uijr* 1, *uingaria* 1, *uiueria* 2, *uiuiria* 1...); finalmente, <i> é tamén a forma maioritaria (case as tres cuartas partes) nos ditongos planos porcentaxe que sobe a algo máis do 81% se consideramos as ocorrencias— (*a cuitar* 1, *cuida* 2, *cuidades* 2, *cuidado* 6, *cuidan* 2, *cuidando* 5, *cuidar* 15, *cuidara* 1, *cuidarei* 1, *cuidaria* 2, *cuida e* 8, *cuido* 15, *cuíta* 48, *cuítades* 1, *cuítado* 4, *cuítados* 1, *dormiu* 1, *fui* 11, *mentiu* 1, *mui* 202, *muita* 1, *muitas* 6, *muito* 81, *muitos* 9, *MVitas* 1, *uiu* 39...).

Polo que se refire á distribución das tres opcións gráficas tendo en conta a división en cadernos, apréciase as seguintes proporcións entre os cadernos para cada unha delas (temos en conta todas as ocorrencias):

↵ *adro 15*—

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII <sup>a</sup>	VIII	IX	X	XI	XI <sup>a</sup>	XII	XIII	XIV	XIV <sup>a</sup>
<i>	9,8	10,6	5,6	9,7	8,9	10,2	8	1,3	8,1	5,1	7,2	7,2	0,8	2,5	2,1	2,6	0,3
<y>	5,8	9,6	3,7	4,5	4,7	5,8	5,4	1,9	3,8	1,1	3,3	6,3	2,1	8,6	14,1	17,6	1,8
<j>	40	25				10	15		5			5					

Unicamente <i> e <y> están presentes en todos os cadernos; <j> só se localiza en seis deles (apréciase o relativo paralelismo dous a dous: I e II, VI e VII, VIII e XI). <i> oscila ó longo dos cadernos entre o 5 e o 10%, mais esta proporción media (só rota antes en VII<sup>a</sup>) diminúe notablemente a partir de XI<sup>a</sup> (cunha media que se sitúa un pouco por riba do 2%). <y>, pola súa banda, distribúese entre os cadernos con porcentaxes que van, ata o caderno

XII do 3 ó 9% (fóra de IX e dos cadernos unifolios) e que se sitúan entre o 14 e o 17% nos cadernos XIII e XIV.

Coma noutras oportunidades, é pertinente comprobar cal é a proporción que, caderno a caderno, supón cada unha das opcións gráficas fronte ás outras. O resultado reflícteo o cadro número dezaseis:

← adro 16—

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII <sup>a</sup>	VIII	IX	X	XI	XI <sup>a</sup>	XII	XIII	XIV	XIV <sup>a</sup>
<i>	90,9	87,7	91,1	93,6	92,7	91,9	90,4	82,8	93,4	96,8	93,7	88,4	73,2	65,7	49,7	49,7	55,8
<y>	8	11,8	8,9	6,4	7,3	7,8	9,2	17,2	6,4	3,2	6,3	11,4	26,8	34,3	50,3	50,3	44,2
<j>	1,1	0,5					0,3	0,4		0,2			0,2				

En primeiro lugar confírmase que o peso específico de <j> en calquera contexto é totalmente marxinal; así a todo é posible advertir tres conxuntos na súa distribución que coinciden exactamente cos xa comentados a propósito dos datos recollidos no cadro 15. Como tamén era esperable, <i> presenta en bastantes cadernos (doce) porcentaxes de uso superiores ó 80%; en dous cadernos posúe porcentaxes que se sitúan entre o 65 e o 85%, mais tamén hai tres cadernos nos cales a proporción se sitúa entre o 49 e o 60% (XIII e XIV presentan a porcentaxe máis baixa). De maneira paralela, <y> supón en bastantes cadernos (once) menos do 12% do total; nun caderno (VII<sup>a</sup>) sitúase no 17%, noutros dous (XI<sup>a</sup>, XII) sitúase entre o 26 e o 34% e nos cadernos XIII, XIV e XIV<sup>a</sup> sobrepasa a porcentaxe do 40%, de forma destacable en XIII e XIV, nos que constitúe a opción gráfica preferida. En xeral podemos dicir que é o caderno XI<sup>a</sup> o que marca un punto de inflexión a partir do cal se constata un importante aumento a favor de <y> na escolla.

### (B) As vogais nasais

A propósito do camiño que levou á desfonoloxización das vogais nasais na historia do galego R. Mariño lembra que (i) «o rendemento funcional destas oposicións era sen dúbida baixo, circunstancia que, con certeza, minaba a precaria estabilidade dun sistema vocálico así constituído e deixaba expedito o camiño cara á eliminación da nasalidade vocálica» (2002: 72), e nesta liña é importante constatar que para este investigador (ii) «as solucións fonéticas derivadas do proceso de desnasalización vocálica comezaron a darse mesmo antes do século XIII» (2002: 112). O mesmo autor engade que «dá a impresión de que xa no século XIII as tradicións novas se estaban impondo no tocante á desnasalización vocálica galega e á súa substitución por solucións completamente desnasaladas ou por solucións con xeración de consoantes nasais prenucleares ou posnucleares» (2002: 112). Polo valor

que poida ter como indicio desta realidade nos finais do século XIII, quixemos comprobar cal é a distribución en *A* das opcións de vogal nasal con representación da nasalidade fronte ós casos sen representación.

En primeiro lugar cómpre salientar que en total son trinta e oito formas de vogal nasal con til explícito ~~44~~ as máis se incorporamos tamén os exemplos *ũa* e *bona*, cf. *infra*— (con 207 ~~ou~~ 209— ocorrencias), fronte a dezasete formas con desnasalización (40 ocorrencias). A proporción resultante entre elas marca un 69,1% das formas e un 83,8% das ocorrencias con til. De nos fixarmos un pouco nas características que presentan os exemplos de ambos os grupos obsérvase que, de reducirmos as formas a uns lemas representativos, das trece formas consideradas son maioría as que se rexistran exclusivamente con til (84,6%), pois só hai dous casos (15,4%) que coñezan unicamente a forma sen til (*côpoer* [82b], e *traydade* [166b]).

O 52,5% dos exemplos de formas vocálicas nasais con til ocupa a posición pretónica (*a&uĩjr* 1, *côello* 1, *en&dôado* 1, *gãar* 2, *grãadez* 1, *mêor* 5, *perdôar* 1, *perdôa* e 2, *perdôar* 1, *pôer* 2, *razôar* 1, *uêer* 1, *uĩjr* 1...). O 47,5% restante sitúase en posición tónica (*auêo* 1, *a&uêo* 2, *algũa* 16, *Algũa* 1, *bôa* 63, *bũa* 5, *ôo* 15, *têe* 1, *uêo* 3...). Os casos que non posúen til localízanse nun 58,8% dos exemplos en posición pretónica (*côpoer* 1, e *traydade* 1, *perdoar* 1, *poer* 3, *uijan* 1, *uijr* 1...) e o 41,2% restante rexístrase en posición tónica (*boa* 15, *boas* 1, *boo* 1, *oo* 5...). É importante destacar o feito de que a maior parte das formas sen til presentan hiatos non palatais (é excepción *poer*) e case sempre é un *o* a vogal desnasalada. De compararmos a proporción de formas/ocorrencias con ou sen til en cada un dos dous contextos obtemos o seguinte reparto: posición pretónica [con/sen til] 67,7% {73,9%} / 32,3% {26,1%}; posición tónica [con/sen til] 73,1% {86,2%} / 26,9% {13,8%}. Tanto nun caso coma noutro a preferencia pola presenza do til é clara; así a todo é a posición tónica a que dun xeito un pouco máis marcado confirma esta preferencia (que o propio R. Mariño interpreta como un «indicio fiable dun feito que dende o punto de vista fonético resulta esperable: a completa desnasalización vocálica avanzou máis rapidamente nas posicións átonas e máis demoradamente na tónica» 2002: 91-92). De compararmos estes resultados cos que reflicte R. Mariño no seu estudo (2002), baseado integramente nos datos textuais do TMILG, observamos que na posición pretónica hai unha diferenza, entre os seus datos para LP e os nosos de *A*, duns corenta puntos (favorable no seu caso para as realizacións sen til) (cf. 2002: 85). Porén, si hai unha acusada similitude entre os datos das *Cantigas de Santa María* (CSM) e os de *A* (que non diverxen nesta posición máis de 5 ou 11 puntos ~~para as formas e as ocorrencias, respectivamente~~). De nos fixarmos na posición tónica as diferenzas entre LP e *A*, existindo, non son tan acusadas coma na posición pretónica: a diminución en LP dos casos con til fronte a *A*

é de quince puntos para as formas e de dezanove para as ocorrencias (sempre a favor de *A*). Novamente, fronte a CSM, o *Cançoneiro da Ajuda* non alcanza os usos na presenza do til que ten aquela obra e queda a 12 puntos de diferenza nas formas e a 11 puntos nas ocorrencias. Neste sentido podemos afirmar que algo estaba a mudar en *A* fronte ós datos das *Cantigas de Santa María*, algo que non nos sorprende, pois, en palabras de R. Mariño, esa obra sobrancea «como un texto particularmente conservador, moi atento ó mantemento das formas gráficas canónicas» (2002: 92).

Para finalizarmos este punto queremos comprobar cal é o reparto das formas vocálicas (des)nasalizadas consonte os cadernos en que se rexistran. As formas con til distribúense así: I: 19,1%; II: 4,8%; III: 1,4%; IV: 5,7%; V: 12%; VI: 11%; VII: 6,2%; VII<sup>a</sup>: 0,5%; VIII: 8,6%; IX: 2,4%; X: 5,7%; XI: 10%; XI<sup>a</sup>: 1%; XII: 2,4%; XIII: 1,4%; XIV: 6,7%; XIV<sup>a</sup>: 1%; pola súa banda, as formas sen til fano do seguinte xeito: I: 15%; II: 10%; III: 5%; IV: 7,5%; VI: 10%; VII: 12,5%; VII<sup>a</sup>: 5%; VIII: 10%; IX: 2,5%; X: 12,5%; XI: 5%; XIV: 5%. Coma noutras oportunidades, de confrontarmos os datos da presenza/ausencia en cada un dos cadernos apréciase que a opción con nasalidade explicitada abrangue as seguintes porcentaxes: I: 87%; II: 71,4%; III: 60%; IV: 80%; V: 100%; VI: 85,2%; VII: 72,2%; VII<sup>a</sup>: 33,3%; VIII: 81,8%; IX: 83,3%; X: 70,6%; XI: 91,3%; XI<sup>a</sup>: 100%; XII: 100%; XIII: 100%; XIV: 87,5%; XIV<sup>a</sup>: 100%. Fóra do caderno VII<sup>a</sup>, que presenta unha porcentaxe moi baixa (33,3%), seguramente por tratarse dun só folio, advírtese tres grandes bloques sempre con predominio claro da explicitación do til: entre a franxa do 60 e do 70% están os cadernos II, III, VII e X, entre o 80 e o 90% atópanse os cadernos I, IV, VI, VIII, IX, XI e XIV; finalmente, co 100% están os cadernos V, XI<sup>a</sup>, XII, XIII e XIV<sup>a</sup>.

É o momento de falar de dúas grafías peculiares ou anómalas da nasalidade vocálica: <n> (*ũa* 107b) e <n> (*bona* 121b). Comezaremos por *ũa* amosando cal é a distribución en *A* dos herdeiros da forma latina ūna:

—Cadro 17—

Forma	<i>ũa</i>	<i>hũa</i>	<i>ũa</i>
%	90,6	7,8	1,6

Para podermos establecer unha comparación entre os datos de *A* e os de LP, reproducimos a seguir as porcentaxes que manexa R. Mariño para esta última obra (2002: 109, táboa 17): *ũa* 84%, *ua* 1%, *una* 2,5%, *unba* 12,25%, *uma* 0,25% e *ũa* 0%. Sen entrarmos na ausencia/presenza de <h>, obsérvase que (i) en todos os exemplos recollidos en *A* sempre está presente o til; (ii) así mesmo, fronte a LP, só se rexistra a presenza de consoante interior nun exemplo (en combinación, evidentemente, co propio til)<sup>36</sup>; (iii) estes da-



tos encaixan perfectamente na 'norma gráfica' medieval que abrolla nididamente da táboa 17 do completo estudo de R. Mariño (2002: 109-110); (iv) finalmente, ten razón este autor cando avanza que a «relativa excepción» de LP se debe seguramente ós «criterios de transcripción utilizados por algúns editores de cantigas ou poetas medievais» (2002: 110).

Só nunha ocasión a combinación [vogal nasal + <n>] serve de vehículo gráfico ó fonema vocálico nasal: *ũa* (107b). De formas semellantes a esta xa Clarinda de Azevedo Maia (1986: 578) sinalou que debían «ser interpretadas como o resultado de uma contaminação dos dois processos gráficos mais frequentes para representar a nasalidade proveniente da síncope de -n-». O mesmo argumento retómao R. Lorenzo (1987: 457) ó afirmar que grafías deste tipo «representan unha contaminación» xa que «o feito de que unha consoante nasal poida representarse por *til*, *m* ou *n*, fai que, ás veces, erradamente, se coloque o til e a consoante ó mesmo tempo». Así a todo, convén non esquecer (i) que o propio R. Lorenzo sinala que o caso dos herdeiros de *unus*, *una* é máis complexo, posto que nos textos medievais alterna a forma plena *ũu* coa apocopada *un* e isto debeu condiciona-la aparición de variantes fonéticas e gráficas» (1987: 457), e (ii) que para R. Mariño / X. Varela «é probable que xa daquela en moi contados casos se xerara unha nasal velar intervocálica, seguramente aínda sen o reforzo dunha oclusiva velar que nalgunhas palabras aparecería máis tarde (*ŪNA* > *ũa*, *NEC-ŪNA* > *nēbua* (TC), *nēbūa* (TC, GE, CT, HT, MS), *nebūa* (CSM, TC, GE, CT, HT)» (2000: 221). Nisto reafirmase posteriormente R. Mariño (2002: 110).

No exemplo *bona* (121b) temos a representación da nasalidade da vogal /õ/ mediante a consoante <n> (non debe de ser casualidade que se atope nunha cantiga da autoría de Pero Garcia Burgalês, autor de orixe non galego-portuguesa). En § 2.1. xa se apuntou o estraño comportamento grafemático de <n>, pois é o único grafema de *A* que se relaciona con máis de dous fonemas. No caso de *engânar* (90a) e *quên* (139a) a combinación do til coa consoante interpretámola como variante do fonema nasal alveo-velar e incluímolo no consonantismo (cf. *supra* cos comentarios de, entre outros, R. Lorenzo).

En *uēla* (184a) (infinitivo *ueer* e clítico feminino de CD) documéntase un posible caso de til ultracorrecto sen valor nasal (cf. R. Mariño 2002: 81)<sup>37</sup>. É esta unha opción excepcional en *A* tanto en termos absolutos coma relativos pois, fronte á representación da forma deste infinitivo sen til, só supón un 0,6%.

36. M.<sup>a</sup> Ana Ramos interprétao como castelanismo (cf. 1994: 46).

37. Tamén se pode considerar un caso de nasalidade hiática analóxica (non etimolóxica).

Para finalizarmos esta sección achegámonos a algúns outros exemplos concretos. O caso de *mũi* (89b, Roi Queimado), con til no <u>, sospeitamos que cómpre interpretalo como un descoido e non como posible nasalización progresiva por mor da nasal explosiva inicial porque (i) é o único exemplo fronte a 202 casos de *mui*; (ii) ningunha das formas como *muit(a/o/s)*, *muy*, *muyt(a/o/s)* presenta til; (iii) en xeral non hai, fóra deste, nin un só exemplo de ditongo plano [palatal / velar] que leve til; (iv) na fin da columna anterior do folio 89a hai un *a mĩ* case no inicio do verso e, cinco versos máis abaixo de *a mũi*, localízase un novo verso que comeza tamén con *a mĩ* que poderían actuar como reclamo gráfico que guiou o descoido do copista; (v) ó analizar en detalle a realización material de *mũi* compróbase que despois do <m> hai tres astís verticais paralelos que, no seu remate inferior con lixeira curva cara á dereita, xuntan, non as esperables (como todo <u>) primeira e segunda, senón a segunda e a terceira; a segunda queda illada das outras dúas cun claro espazo en branco (a xeito de <i>); (vi) sobre dese primeiro astil vertical, cruzando o til, hai unha especie de plica semellante ás que adoita haber, contextualmente, sobre do <i>, o que pode querer dicir que o copista interpretou a cadea gráfica como <mi-u> e non como <mu-i>; finalmente, non está de máis indicar que a propósito deste verso explica Carter que «a notation is deleted in right margin» (1941: 16, n. 1). Todo o anterior fainos sospeitar que a forma que debemos ler é *mui* e que a presenza do til se xustifica por un descoido no proceso de copia rectificadado parcialmente no mesmo momento da copia.

En 145a localízase a forma posesiva *mĩna*, único exemplo que temos fronte a 462 ocorrencias de *mia* (na propia cantiga hai outros dous posesivos coa forma *mia*). Non está en posición de rima e, para a presenza do til, poderíase pensar nun descoido<sup>38</sup> que repetise a estrutura inmediatamente precedente no verso *ca nõ faz a mĩ a mũna mellor* (o subliñado é noso) mais isto xustificaría unha forma *mĩa* (variante que, canda a *mina*, tampouco se documenta en A) pero non a inclusión do <n>; tampouco se podería explicar pensando nunha hipotética variante de *mĩ* con nasal final (*mĩn*), porque esta non se rexistra no cancionero (en 145a hai, de feito, dous exemplos de *mĩ* e tres de *min*). O que si se documenta é <ĩn> con valor de nasal palatal (cf. *adeũnar* 100b ou *deũnar* 193a) e como, ademais, hai en 205a un inequívoco exemplo *minnas*, coidamos que está fóra de toda dúbida a lectura da combinación <ñ> neste exemplo do posesivo como /ɲ/<sup>39</sup>.

38. Nun fragmento no que non hai nin emendas, nin raspaduras, nin borranchos.

39. Cf. R. Mariño (2002: 107) que constrúe unha argumentación neste mesmo sentido para exemplos con <ia> procedentes das *Cantigas de Santa María*.

A continuación ímonos centrar noutros cinco exemplos do cancionero: *e trāyaria* (144a), *e trayar* (144a), *trāya e* (193b), *e trayara* (246b) e *e - traydade* (166b)<sup>40</sup>. Como se aprecia de inmediato, os catro primeiros pertencen ó paradigma do verbo *e trayar* e o cuarto é un substantivo da mesma familia léxica. En *A* non documentamos nin o adxectivo nin o verbo coas variantes *e trann-* ou *e trān-*, representantes prototípicas de /ɲ/ (tamén forma galega documentada dende o s. XIII). O interese da análise destas formas radica na interpretación fonolóxica da grafía <(-)y>: ¿é un representante atípico en *A* da nasal palatal —fóra destes exemplos non se documenta no noso cancionero ningún outro exemplo con este posible valor,— ou é máis ben un alógrafo da vogal palatal pechada con valor de glide? Ó exemplo *e - trayara* (246b) refírese M.<sup>a</sup> Ana Ramos como «forma lingüística singular» (1994: 44) aínda que ela mesma recoñece, referíndose ó fragmento considerado, que «embora não seja incomum no Cancioneiro, adquire importância no conjunto das irregularidades» (1994: 44).

Lembremos, con M. Ferreiro, que o galego medieval é «con certa frecuencia» (1995: 173) permeable á lenición de /n/ tamén cando vai seguido de iode. Xa R. Lorenzo (1977, *s.v. estrano*) subliñou que «la forma medieval *estraio*» (en exemplos como *estrāyo*, *estraya* ou *estraia* entre outros) aparece moi documentada «en textos de los ss. XIII-XIV (espec. gallegos)». Fernando Tato (1999, *s.v. testimojo*) insiste tamén en que en exemplos deste tipo (*testimojo*, *estrayo*, *juyo*, *comoyon*) «anormalmente o grupo *nj* non dá unha consoante palatal, senón que se perde o *n* como se fose intervocálico» e mais en que non son poucos os exemplos desta forma no período medieval. R. Mariño (2002: 91) fala de que, en posición tónica, algunhas palabras consagrouse «a desnasalización completa e xeneralizada das vocais iniciais dos seguintes hiatos» e, entre outros exemplos, fornece o seguinte: /<sup>h</sup>äio/ EX-TRANEU > *estrāyo* (CSM) > *estrayo* (GE, HT...).

A propósito desta dupla interpretación en casos como *e traÿa* / *e traya* R. Lorenzo (1987: 477) explica:

Para min é innecesario pensar nunha dobre solución para as mesmas palabras. Se admitimos que se perdeu o -N- intervocálico nestes semicultismos, o resultado primitivo ten que ter vocal nasalizada e despois desnasalización: *estraÿa* > *estraya*, (...). Polo tanto, é difícil que *y* ou *i* con til sexan representacións gráficas de /ñ/.

40. Os dous primeiros pertencen a Roi Queimado, o terceiro é de Fernan Gonçalvez de Seabra, o cuarto de Vasco Rodríguez de Calvelo e o quinto de Johan Soarez Coelho. Obsérvese que é moi probable que os catro autores sexan orixinarios de terras ó sur do Miño.

Para a prosa notarial C. de Azevedo Maia comenta que os exemplos coa grafía <y> (do tipo *e traya* de 1318) «é muito provável que representem» (1986: 489) o fonema nasal palatal. Porén, a mesma autora sinala que en exemplos como *extraya* (1262) ou *e traya* (1269) «palavras de carácter erudito ou semi-erudito [...] não se realizou a palatalização, tendo-se, pelo contrário, perdido *n* como acontece em posição intervocálica» (1986: 624), de aí que para a autora portuguesa exemplos coma estes representan «formas vivas da linguagem da época» (1986: 494). A autora lusitana subliña tamén que nos documentos galegos, fronte ós portugueses, «não só são mais numerosas as formas encontradas, como esse mesmo tratamento atingiu formas provenientes de outros étimos» (1986: 624)<sup>41</sup>.

Non podemos deixar de sinalar tamén, por especialisimamente relevante, cal é a situación nas CSM. Polo que se refire ás opcións gráficas para representar este adxectivo *estraño* hai unha dupla posibilidade: <nn> (76,9%) ou <y> (23,1%). Na cantiga 366 *estrāya* rima con *companna*, na 386 *estrāya* rima con *Bretan[n]a* e na cantiga 2 *estrāyo* rima con *ēayo* (as outras ocorrencias son *estrāyo* na cantiga 25, *estrāya* na 52 e mais na 243). A falta de comprobarmos o terceiro dos exemplos mencionados na oración anterior, a posición de rima obriga a interpretar <y> inequivocamente como nasal palatal.

Sabemos, pois, que, á vista do carácter non patrimonial das voces, ningunha das dúas opcións ([eʃtraɲo] - [eʃtrajo]) é descartable. Mais, cal delas, se non as dúas, é a que está a reflectir *A*? Coidamos que para responder atinadamente esta cuestión precisamos afondar especificamente no coñecemento da historia destas formas tanto en *A* coma noutras fontes. Nestes momentos tal obxectivo excede as nosas posibilidades e, polo tanto, queda pendente para outra ocasión. A situación reclama prudencia e, sendo o noso un traballo de presentación xeral, debemos tomar decisións xeneralistas. Por iso, e unicamente a efectos estatísticos, asociamos provisionalmente <(-)y> ó valor consonántico (/ɲ/).

### 2.1.2. Os grafemas e alógrafos consonánticos

No eido consonántico contabilizamos en total 7605 formas (con practicamente setenta e unha mil setecentas cincuenta ocorrencias). No cadro número deza-oito pódese apreciar a repartición porcentual dende a perspectiva fonolóxica:

41. Clarinda Maia observa este mesmo resultado noutras voces eruditas: TESTIMONIUM>*te temōyo* ..., JUNIUM>*Juyō*... En cambio para as voces patrimoniais só sinala a existencia de consoante nasal palatal, mesmo nos casos nos que non hai til: «Há também alguns casos esporádicos em que a nasal palatal não aparece representada na grafia. É o caso que sucede com *uia* ‘vinha’, *uias*, *uiias* (1296 P 110), *uuiā* (1296 P 109), *uia* (1296 P 109)» (1986: 623).

## — Cadro 18 —

Unidades	Formas [Ocorrencias]	Grafemas/Alógrafos
Fonemas oclusivos [6]	35,3 [30,4]	92,4/7,6
Fonemas africados [3]	3,5 [2,5]	82,9/17,1
Fonemas fricativos [6]	22,2 [21,8]	70,9/29,1
Fonemas líquidos [4]	21,3 [20,2]	97,5/2,5
Fonemas nasais [3]	17,7 [25,1]	83,4/16,6

En primeiro lugar, son os seis fonemas oclusivos os que posúen algo máis da terceira parte do total; en segunda posición por número de formas (non así no de ocorrencias, que ocupan os nasais) sitúanse os fonemas fricativos; a curta distancia, están os catro líquidos; os nasais, a pesar de seren só tres, sitúanse no cuarto lugar non moi afastados dos anteriores; en último termo e moi lonxe das outras series están os tres fonemas africados, que non pasan do 3,5% de formas (2,5% de todas as ocorrencias consonánticas). Polo que se refire á escolla gráfica por medio de grafemas ou alógrafos, obsérvase que son os fonemas líquidos os que posúen maior porcentaxe de representación grafemática; en segundo lugar sitúanse os oclusivos, que tamén superan a barreira do 90%; na franxa do 80% de preferencia polo grafema sitúanse os africados e os nasais; finalmente, os fonemas fricativos sitúan a representación grafemática un pouco por riba do 70%.

A continuación aproximámonos á distribución en *A* das grafías consonánticas (con independencia do(s) fonema(s) que representen e do seu carácter grafemático ou alográfico):

## — Cadro 19 —

<Unidades>	Formas [Ocorrencias]	
<p> 16,8 [15,2]	<f> 2,6 [3,1]	<nn> 0,7 [0,7]
<d> 12,3 [8,8]	<f> 2,2 [2,1]	<x> 0,6 [0,3]
<n> 9,8 [13,3]	< > 2 [1,2]	<gu> 0,6 [0,2]
<t> 7,5 [5,3]	<v> 1,9 [1,3]	<q> 0,5 [0,7]
< > 7,3 [6,7]	<ç> 1,5 [0,7]	<ch> 0,4 [0,1]
<m> 5,1 [9,3]	<qu> 1,4 [3,8]	<ff> 0,3 [0,2]
<p> 5 [4,9]	<b> 1,4 [1,8]	<n> 0,2 [0,5]
<u> 4,9 [5,4]	<z> 1,1 [1,6]	<uu> 0,1 [0] <sup>42</sup>
<c> 4,2 [3,4]	<ll> 1,1 [1,4]	<ñ> 0,1 [0] <sup>43</sup>
<s> 3,7 [4,9]	<n> 0,9 [0,5]	<tt> 0,1 [0] <sup>44</sup>
<g> 2,9 [1,8]	<i> 0,8 [0,8]	<cc> 0 [0] <sup>45</sup>

42. Hai dez ocorrencias.

43. Posúe vinte e dúas ocorrencias.

44. Documéntanse cinco ocorrencias.

45. En realidade son dúas formas con tres ocorrencias.

Soamente hai dúas grafías que pasen do 10%: <d> e, como grafía máis rendible coa sexta parte do total, <r>; outras cinco grafías, todas simples, abranguen entre o 9,8 e o 5% das formas (de maior a menor presenza: <n, t, , m, p>); <u, c, s> amosan tamén unha certa rendibilidade (que oscila entre o 4,9 e o 3,7%); ningunha outra grafía alcanza xa o 3% e, entre as simples, as menos produtivas son <i, x, q>. Polo que se refire ás grafías complexas, non alcanzan valores significativos, pois mesmo entre todas elas non chegan ó 10% (exactamente o 9,8%), o que dá unha media de 0,75% por cada unha (fronte ó 4,7% de media nas simples); así a todo son catro as que exceden do 1% (sen pasar nunca, en todo caso, do 2%): < , ~, qu, ll>. De enfocarmos os resultados dende a perspectiva das ocorrencias obsérvase que hai algún caso especialmente produtivo: <qu> posúe poucas formas mais algunhas delas repítense moito (co que case triplica a súa presenza) e, entre as simples, <m> e <n> experimentan un notable aumento fronte á diminución bastante marcada de <ç>, <x>, <d> ou mesmo <t>.

Para concluírmos esta presentación de conxunto ofrecemos en cadro a distribución grafémica/alográfica das distintas grafías consonánticas de A:

—Cadro 20—

Unidade	Grafema	Alógrafo(s)
/p/	<p> 100	
/b/	<b> 100	
/t/	<t> 99,1 [99,9]	<tt> 0,9 [0,1]
/d/	<d> 100	
/k/	<c> 65,5 [42,7] <sup>46</sup>	<qu 25 [48,6] <sup>47</sup> , q 9,1 [8,6], cc 0,4 [0,1]>
/g/	<g> 80,6 [86,8]	<gu> 19,4 [13,2]
/ts/	<ç> 73,2 [89,2]	<c 18,8 [7,8], z 2,7 [1,4], ç 3,3[1,2], c 1,3[0,3], ç 0,7[0,1]>
/dz/	<z> 95,3 [99,6]	<c 3,5 [0,4], s 1,2 [0] <sup>48</sup> >
/tʃ/	<ch> 94,3 [88,9]	<x> 5,7 [11,1]
/β-v/	<u> 97,7 [99,7]	<uu 2,1 [0,3], b 0,2 [0] <sup>49</sup> >
/f/	<f> 88,6 [89,8]	<ff> 11,4 [10,2]
/s/	<s> 49,9 [48,3]	< 16,7 [10,2], s 33,4 [41,5]>
/z/	<z> 90,5 [95,3]	< 8,2 [4,4], s 1,3 [0,3]
/ʃ/	<x> 100	
/ʒ/	<ç> 69,3 [76,4]	<g 29,6 [23,3], x 1,1 [0,3]>
/m/	<m> 100	
/n/	<n> 79,1 [89,7]	< 15,1 [8,8], m 5,5 [1,5], ~n 0,2 [0] <sup>50</sup> , nn 0,1 [0]>
/ɲ/	<nn> 58,1 [59]	<n 20,9 [35,9], n 9,3 [2,3], ñ 7 [2,4], (~y 4,7 [0,4])>
/r/	<r> 100	
/r̄/	<r̄> 68,4 [46,2]	<r̄> 31,6 [53,8]
/l/	<l> 96,9 [99,7]	<ll> 3,1 [0,3]
/k/	<ll> 93,1 [99,4]	<l> 6,9 [0,6]

46. Excluimos do cómputo as dez ocorrencias de <c> (en catro formas) sen valor fonético (cf. § 2.1).

47. As formas parcialmente abreviadas de <qu> (seguido de <e, i>) inclúíronse entre as abreviaturas de A (cf. § 4).

48. En realidade hai un exemplo.

49. Realmente hai un exemplo.

50. Son dous exemplos e o seguinte, de <nn>, un.

Dos vinte e dous fonemas consonánticos, seis (27,3%) non presentan alografía (/p, b, d, ʃ, m, r/). O resto dos fonemas presentan, ademais dun grafema, un alógrafo (/tʃ, t, g, f, r, l, ʎ/) (31,8%), dous (/dz, β-v, s, z, ʒ/) (22,7%), tres (/k/) (4,55%), catro (/n, ɲ/) (9,1%) ou cinco (/ts/) (4,55%). Entre os grafemas concorridos por un só alógrafo, unicamente un (<r> de /r/) alcanza unha cifra importante, o 31,6%; <gu> e <ff> sitúanse entre o 10 e o 20% e nos outros catro a porcentaxe do alógrafo nunca chega ó 7%. Dos cinco casos con dous alógrafos, hai unha parella que contén un alógrafo razoablemente produtivo e outro moi pouco rendible (<g, x>); porén hai catro parellas que se afastan da distribución anterior: en tres casos os dous alógrafos son escasamente rendibles (<uu, b>, < , s> [=/z/] e <ç, s>), no outro (< , s> [=/s/]) ambos os alógrafos amosan unha rendibilidade nada desprezable: 16,7 e 33,4%, respectivamente (en calquera caso lonxe do 49,9% que posúe o grafema). Son tres os alógrafos de /k/: unicamente o primeiro deles, <qu>, é produtivo, coa cuarta parte dos exemplos; o segundo só o é relativamente e o terceiro é excepcional (<q> 9,1% e <cc> 0,4%, respectivamente). Nas dúas oportunidades en que son catro os alógrafos existentes a casuística é a seguinte: con /n/ só un deles é especialmente produtivo (<~> co 15,1%), outro é escasamente rendible (<m> co 5,6%) e os outros dous son completamente excepcionais (<~n, nn> ambos na órbita do 0,1%); con /ɲ/ só hai un alógrafo produtivo (<~n> con algo máis da quinta parte das formas pero con máis da terceira parte das ocorrencias), e os outros tres (<n, ñ, (~)y>), aínda que son algo rendibles no plano das formas non o son en absoluto por número de ocorrencias. No caso de alografía quintupla só un dos alógrafos amosa unhas porcentaxes de uso relevantes (<c> con case a quinta parte das formas); fronte a el, os outros catro alógrafos <z, ç, c, ç> sitúanse no ámbito da excepcionalidade. Emporiso cómpre verificar a rendibilidade real dos alógrafos tendo en conta a posible distribución complementaria que exista entre eles. Será o que fagamos nas seguintes páxinas.

#### (A) Consoantes oclusivas

Como xa se adiantou no capítulo inicial, os grafemas que representan os fonemas oclusivos en *A* son <b, c, d, g, p, t>. Ós anteriores engádese unha serie de alógrafos, quer simples (<q>), quer complexos homorgánicos ~~æ~~ e minados e non xeminados— (<cc, tt; gu, qu>). Suman 2683 formas e máis de vinte e unha mil oitocentas ocorrencias. O fonema /d/ é o que máis se detecta, con 935 formas, seguido a bastante distancia de /t/ (con 579) e, no rango das 450/350 están /k/ e /p/. Os menos documentados son /g/, con case 250, e /b/ con pouco máis de cen formas.

As dúas oclusivas labiais presentan en todos os contextos unha única representación ~~g~~ rafemática— <p> atópase en posición inicial (non agrupa-

da: *pagaua* 1, *pauor* 51, *pedir* 5, *penar* 2, *perden* 1, *pode* 27, *pois* 232, *punnarei* 1...; ou como primeiro membro dun grupo consonántico homosilábico: *praz* 1, *prender* 11, *prol* 13, *pran* 38, *prazia* 1, *pregunta* 2, *preito* 4, *pre* 0 1, *primeiro* 3, *primero* 1, *primeyro* 1, *prouarei* 1...), posconsonántica (non agrupada: *ampararei* 1, *corpo* 3, *culpa* 6, *de ampare* 1, *de pois* 2, *e pedi* 1, *tempo* 4...; ou iniciando un grupo consonántico homosilábico: *comprida* 1, *de praz* 1, *ẽpre* 2, *empre* 38...) e intervocálica (non agrupada: *apo to* 2, *de&pois* 8, *e capara* 1...; ou agrupada como primeiro elemento dun grupo consonántico homosilábico: *aprendeu* 1, *aprouguer* 1...). Pola súa banda, <b> rexístrase en posición inicial (non agrupada: *baratara* 2, *bẽ* 25, *ben* 720, *bon* 63, *bu car* 10...; ou agrupada como primeiro membro dun grupo consonántico homosilábico: *branca* 1, *brauo* 1), posconsonántica<sup>51</sup> (non agrupada: *ambos* 2, *cambiar* 1...; ou agrupada no inicio dun grupo consonántico homosilábico: *nẽbrar* 3, *nembra* 1, *nenbrou* 1...) e intervocálica (non agrupada: *acabar* 5, *adubad'* 1, *cabe* 1, *abe* 29, *aberia* 3, *abor* 71, *oube* 16, *trobador* 3, *trobey* 1...; ou agrupada como primeiro elemento dun grupo consonántico homosilábico: *cobrado* 1, *de cobrir* 1, *obridado* 1, *obre* 11...).

Das dentais, /t/, representado maioritariamente polo grafema <t>, coñece tamén outra opción a través do alógrafo xeminado <tt>. Catro delas son variantes da mesma voz, *attender*, (*attend'* 144a, *attenderia* 144a, *attendi* 143a, *attendo* 225b) e a outra, *quanttas* (157a), aparece segmentada en dúas liñas distintas (*quant/tas*), o que fai posible unha explicación da xeminación en termos de descoido inducido polo cambio de liña. <t> documéntase en posición inicial tanto non agrupada (*tal* 135, *tallada* 2, *tamanna* 6, *tanto* 49, *tardar* 1, *teen* 4, *temer* 8, *ten* 80, *terra* 14, *toda* 8, *toller* 15, *tormenta* 1, *tornar* 3, *torto* 8...), coma agrupada, conformando o grupo consonántico homosilábico canda a líquida vibrante (*tras* 1, *traedor* 3, *trage* 3, *tri te* 4, *trobador* 3, *trobar* 8...); a posición máis rendible é a posconsonántica non agrupada (*ante* 36, *apo to* 2, *aque to* 5, *atanto* 9, *auẽturar* 1, *cantar* 6, *ca tigar* 1, *cor-te* 1, *cu tar* 2, *ementar* 1, *endeante* 1, *entender* 18, *e ta* 56, *e teuer* 2, *feze tes* 4, *forte* 6, *leuãtey* 1, *mentir* 6, *me ter* 21, *morte* 90, *partir* 5, *partir* 43, *preguntar* 11, *quantas* 2, *quantas* 45, *anta* 2, *tanto* 50, *tantos* 1, *torto* 8...); e tamén en posición posconsonántica agrupada, como primeiro elemento dun grupo consonántico homosilábico (sempre <tr>): *amo trar* 2, *cõtra* 1, *contra* 25, *e trado* 1, (*M*)*entre* 1, *mo trar* 19, *no tro* 30, *ontre* 1...; a posición inter-

51. Con validez para este epígrafe e para os seguintes do mesmo teor, consideramos tamén neste contexto os casos de <x> ðnde x representa 'vogal'— con valor fonético de consoante im-plosiva.



vocálica tampouco é allea a <t>, quer non agrupada: *a cuitar* 1, *ata* 2, *atèder* 1, *baratara* 2, *catade* 1, *catiwo* 11, (C)oiita 1, *coitas* 28, *coitada* 1, *coyta* 52, *cuíta* 48, *dereito* 12, *matar* 41, *meter* 1, *muítas* 6, *preito* 4, *quitey* 1, *quitou* 3, *tolleito* 1...; quer intervocálica como primeiro elemento dun grupo consonántico homosilábico (<tr>): *atreuia* 2, *outra* 8, *outras* 27, *outro* 43, *re-traya* 1... Por último, non debemos esquecer as dezanove ocorrencias da forma *et*, grafía claramente latinizante que carece de respaldo fónico para o grafema en posición implosiva final.

Polo que se refire a <d>, cómpre realizar unha precisión. No estado actual da edición de *A* de Mariña Arbor<sup>52</sup> non se diferencia entre “d uncial” (<ð>) e “d recto” (<d>). No presente traballo tampouco temos en conta esta diferenciación porque, ademais, a base para a súa distribución é de natureza paleográfica: é un condicionamento contextual consonte as grafías contiguas (cf. *infra* con <r>). Explicao moi ben M.<sup>a</sup> Ana Ramos ó sinalar que os usos dun ou doutro tipo se basean «na regra formulada por W. Meyer. Com haste inclinada para a esquerda quando está seguido de <a>, <o>, <e> e <2=r>. Com haste vertical quando está seguido de <i> e <u>» (1994: 40). No noso cancionero esta regra «cumpre-se com regularidade consistente» (1994: 40), salvo nalgunhas excepcións.

A distribución de <d>, tendo en conta a posición que ocupa, é a seguinte: posición inicial non agrupada (*dã* 1, *dar* 52, *defender* 6, *demo* 4, *de acordar* 1, *de cobrir* 1, *de eiar* 25, *deus* 195, *dia* 95, *dírei* 96, *dixe* 27, *doer* 10, *dona* 96, *doo* 15, *dormir* 13, *duas* 1, *durar* 1...); posconsonántica non agrupada (sobre todo tras nasal e vibrante, aínda que tamén hai casos tras <l> ou <>: *âdar* 1, *acordo* 1, *aguardando* 1, *amando* 1, *andar* 27, *atèder* 1, *atendo* 1, (A)ynda 2, *catando* 2, *defender* 6, *de den* 4, *de eiãdo* 2, *endurar* 3, *entender* 18, *enxerdados* 1, *fordes* 2, *galardon* 1, *guardar* 40, *maldade* 1, *maldito* 1, *múdo* 25, *mundo* 75, *perder* 26, *perder* 33, *punnando* 1, *qui erdes* 2, *eendo* 1, *tarde* 1, *uiuêdo* 1...); intervocálica non agrupada (*a&iudado* 1, *achegado* 2, *aduzer* 1, *amada* 5, *auede* 1, *cada* 9, *ed* o 17, *coitado* 25, *creede* 7, (C)uidades 1, *cuidado* 6, *doede* 3, *enbaratado* 1, *entendedor* 1, *faq des* 7, *fazedes* 24, *ferida* 2, *grado* 4, *gradeç* 1, *grado* 27, *guarida* 1, *leyxades* 6, *loada* 1, *mallada* 2, *medo* 9, *mudo* 1, *oyredes* 1, *pedir* 5, *poden* 10, *podia* 19, *quedo* 1, *abedoria* 1, *eruidor* 1, *toda* 8, *traedor* 3, *trobador* 3, *uerdade* 2, *ueede* 2, *uida* 4...); en posición intervocálica como primeiro elemento do grupo consonántico homosilábico <dr> só se documenta en tres formas: *madre* 1, *pedras* 1, *podria* 1 (evidente castelanismo nunha cantiga de Roi Queimado [149a]). Finalmente, rexístrase tamén nun único exemplo en posi-

52. A versión que empregamos non é aínda a definitiva.

ción implosiva medial, *iudga* (217a), que M.<sup>a</sup> Ana Ramos analiza como castellanismo (1994: 45). É moi probable que se trate dunha grafía foneticamente vouga que se xustifica como vestixio gráfico dos hábitos da escrita latina, na que se conserva por tratarse dunha voz semiculta.

Concluimos coas consoantes oclusivas achegándonos ás dúas velares, /k/ e /g/. Lembremos que son catro as grafías, simples ou compostas, que representan en *A* —on presenza desigual— o primeiro dos fonemas devanditos. En primeiro lugar, a meirande parte dos exemplos de <c>, como grafema de /k/, rexístranse na posición inicial non agrupada (*ca* 451, *cabo* 2, *calar* 3, *ca as* 6, *catade* 1, *catiuo* 11, *cõ* 27, *cõ ello* 2, *cobrar* 1, *coida* 1, *coitas* 28, *como* 93, *confonda* 3, *connoçer* 3, *con ellar* 4, *contar* 3, *corpo* 3, *corte* 1, *cou a* 26, *cuidado* 6, *cuita* 48, *cu tar* 2, *cuydou* 2...). Documéntanse tamén exemplos de <c> con valor de /k/ en posición inicial como primeiro elemento dun grupo consonántico homosilábico (sempre con vibrante: *creades* 2, *creçera* 1, *creer* 23, *creo* 4...). Na posición posconsonántica non agrupada <c> tamén vehicula este valor (*a conder* 1, *a cuitar* 1, *branca* 1, *bucar* 10, *cõ&uu co* 1, *conuu co* 3, *de cobrir* 1, *e coller* 2, *e contra* 2, (*N*)*unca* 4, *nũca* 25, *uo co* 5...). En posición posconsonántica, formando parte, como primeiro elemento, dun grupo consonántico homosilábico, soamente se documentan os casos de *mezcrã* 2 e *mezcrar* 1. A última das posicións en que se rexistra é a intervocálica non agrupada (*acabar* 5, *acomend'* 1, *acordo* 1, *de acon ellado* 3, *ficar* 3, *louco* 1, *macar* 3, *pouco* 18, *recado* 2, *acade* 1...).

Polo que se refire ós alógrafos de /k/, só hai tres ocorrencias de <cc>, todas en posición intervocálica non agrupada, e en dúas voces da mesma familia léxica: *peccado* (98a, 154b) e *peccador* (212a). En ambas as dúas unidades a opción con <c> é maioritaria, pois son doce os exemplos de *pecado* (alén de *pec&ad'* e *pecados*, con cadansúa ocorrencia) e tres os de *peccador*. Non temos dúbida da importancia do peso da tradición latina na explicación destas formas.

Para concluímos co achegamento ós alógrafos, fáltannos dúas grafías, <qu> e <q>, que só coñecen o valor /k/. Estamos a falar de 110 e 40 formas (con 2703 e 476 ocorrencias), respectivamente. A segunda coñece en exclusiva un contexto: o que precede a <ua><sup>53</sup>. Atopamos esta grafía —sempre non agrupada— en posición inicial (*quã* 2, *quãtas* 6, *quaes* 2, *qual* 107, *quan* 6, *quando* 52, *quanta* 3, *quanto* 73...), en posición posconsonántica (todas son variantes da mesma forma léxica, *enquanto*: *en&quãto* 1, *enquãt'* 1, *enquant'* 6, *enquanto* 2...) e, por último, en posición intervocálica: *aquant'* 2.

53. Neste sentido cómpre lembrar que non se documenta en *A* ningún indicio de monotongación (*ca-*, *qa-*...).

Pola súa banda, o alógrafo complexo <qu> coñece un contexto prototípico no cal, ademais, é a única posibilidade gráfica: diante das vogais <e> ou <i>. Porén, poderíamos pensar que exemplos como *fiq[u]o* (113a) ou *pouq[u]o* (131b, 205b, 205b) constitúen unha excepción: non é así porque a apócope desas vogais átonas finais por fonética sintáctica fai que nas catro ocorrencias anteriores a vogal que queda en contacto con <qu> sexa sempre <e> (por exemplo, *fiq[u]end'* [113a]). Das 110 formas con <qu> hai un 68,2% que van seguidas da vogal <e> (2453 ocorrencias) e o resto preceden a vogal <i> (250 ocorrencias). Son tres os contextos en que adoitan aparecer *sem* pre non agrupadas:— en primeiro lugar, o máis común é que ocupen posición inicial (*que* 1712, *quē* 13, *quebrāta* 1, *queirades* 1, *queixa* 1, *queixou* 1, *quen* 120, *querer* 64, *querria* 55, *quexume* 1, *queyxar* 2...; *quis* 45, *quiqe* 4, *qui er* 31, *quitar* 30, *quita e* 1, *quitey* 3, *quix* 1...); a continuación atópanse en posición intervocálica (*aquel* 17, *aquelas* 2, *aquend'* 1, *aque ta* 7, *aque to* 35, *fiquei* 5...; *a&qui* 8, *aqui* 39...) e, finalmente, tamén se rexistran en posición posconsonántica (*bu quei* 2, *conuo que* 1, *(P)orque* 3...; *me quinn'* 1).

No cadro vinte e un recapitulamos a distribución dos grafemas e alógrafos de /k/ consonte o contexto e a posición que ocupan. Nel pódese apreciar a exactitude milimétrica con que tres grafías, <c, qu, q>, reparten complementariamente catro contextos básicos:

—Cadro 21—<sup>54</sup>

%	InA	PnA	IntnA	InA	PnA	IntnA	InA	PnA	IntnA	IA	PA
	+a,o,u	+a,o,u	+a,o,u	+e,i	+e,i	+e,i	+ua	+ua	+ua	+r	+r
<c> <sup>55</sup>	70/100	14/100	10/94							5/100	1/100
	{80/100}	{15/100}	{3/96}							{2/100}	{0/100} <sup>56</sup>
<qu>				70/100	7/100	23/100					
				{93/100}	{1/100}	{6/100}					
<q>							78/100	20/100	2/100		
							{94/100}	{6/100}	{0/100} <sup>57</sup>		
<cc>			100/6								
			{100/4}								

[InA: Inicial non agrupada; IA: Inicial agrupada; PnA: Posconsonántica non agrupada; PA: Posconsonántica agrupada; IntnA: Intervocálica non agrupada]

54. Neste cadro, e nos que repiten este mesmo esquema, establecemos nas porcentaxes un redondeo sen decimais.

55. Para os casos de <c> sen valor fonético, cf. § 2.1.

56. Son tres ocorrencias.

57. Realmente son tres as ocorrencias.

O grafema <g>, como representante prototípico de /g/, rexístrase nas seguintes posicións:

(a) Explosiva inicial: non agrupada precedendo a <a> ou <ã> (*gaanney* 1, *gata* 1, *garçia* 1, *gãar* 2...) e a <ua> (*guardar* 5, *gualrria* 1, *guardar* 40, *garde* 4, *guardey* 2, *guareçer* 8, *guaria* 2, *guarida* 1, *guarirdes* 2, *guarria* 2...); ou agrupada formando grupo consonántico homosilábico con <r> (*grado* 4, *grande* 2, *graue* 1, *grã* 8, *graç* 2, *graç r* 4, *gradeer* 6, *grado* 27, *grande* 7, *graue* 21...).

(b) Intervocálica: non agrupada diante de <a> (*achegado* 2, *câtiga* 1, *castigar* 1, *chegar* 2, *despagado* 1, *diga* 6, *logar* 18, *nega* 3, *negarei* 1, *pagaua* 1, *rogador* 2, *rogasse* 1, *uagar* 1...), de <u> (*pregutar* 1, *pregunta* 2, *preguntador* 1, *preguntou* 1, *egund* 1, *egundo* 2, *eguramente* 1...), de <ua> (*aguardando* 1) ou de <o> (*agora* 26, *amigos* 47, *rogo* 11, *igo* 1...); ou agrupada no grupo consonántico homosilábico con <r> (*agradeer* 2, *alegrar* 2, *iograria* 1...).

(c) Posconsonántica (non agrupada): precedendo a <a> s—obre todo tras <n>— (*alongado* 1, *alongar* 4, *enganar* 2, *longa* 1, *uingaria* 1, *delgado* 1...), a <u> ou <û> sem pre tras <l>— (*algũa* 16, *algun* 13, *(A)lgun* 1...) ou a <ua> (*mĩgua* 1, *mingua* 3...).

De nos centrarmos en <gu>, cómpre subliñar que nas tres posicións básicas sempre precede ou a <e> ou a <i>:

(a) Explosiva inicial (non agrupada): diante de <e> (*guerra* 1, *guerrear* 1) pero sobre todo <i> (*guiomar* 4, *gui a* 15, *gui as* 1, *gui ado* 3, *gui ar* 4, *gui ou* 3, *gui a* 10...).

(b) Intervocálica (non agrupada): precedendo a <e> (*aprouguer* 1, *neguei* 8, *nogueyra* 2, *prouguer* 12, *paguey* 1, *roguei* 7...) ou a <i> (*agui ado* 2, *agui ar* 1...).

(c) Posconsonántica (non agrupada): diante de <e> (*alguen* 30, *uinguey* 1...) ou <i> (*de gui a* 1, *de gui ado* 1...).

Para concluírmos este punto convén sinalar que só atopamos en *A* un exemplo de monotongación na secuencia <gua>, *galardon* (247a), pero que aparece a carón da forma sen monotongar, que se documenta dúas páxinas máis adiante no mesmo caderno e, posiblemente, no mesmo ciclo (Anónimo VI): *gualardon* (249a)<sup>58</sup>.

De xeito paralelo ó visto no cadro vinte e un, o cadro vinte e dous reflicte a perfecta distribución complementaria existente entre <g>, que precede as vogais <a, o, u>, o ditongo <ua> e mais a consoante <r>, e <gu>, que se limita na súa combinatoria a <e, i>:

58. A propósito do exemplo *guaruaya* (95b) e da súa lectura como [gar-] ou [gwar-] pódese consultar o traballo de Mariño / Varela (2005: 371-372).

—Cadro 22—<sup>59</sup>

%	InA	PnA	IntnA	InA	PnA	IntnA	InA	PnA	IntnA	IA	PA
	+a,o,u	+a,o,u	+a,o,u	+e,i	+e,i	+e,i	+ua	+ua	+ua	+r	+r
<g>	4/100	19/100	40/100				18/100	2/100	0/100	2/100	15/100
	{1/100}	{7/100}	{34/100}				{11/100}	{1/100}	{0/100} <sup>60</sup>	{1/100}	{45/100}
<gu>				35/100	16/100	49/100					
				{35/100}	{27/100}	{38/100}					

[InA: Inicial non agrupada; IA: Inicial agrupada; PnA: Posconsonántica non agrupada; PA: Posconsonántica agrupada; IntnA: Intervocálica non agrupada]

Cousa parcialmente diferente é o que acontece con aqueles casos nos que, por fonética sintáctica e apócope vocálica, <g, gu> ocupan a posición final da palabra. En primeiro lugar, a vogal átona final apocopada é case sempre <o>; as únicas excepcións son *dig'* [a] (240b), *folg'* [e] (116b) e *folgu'* [e] (238a). Os dous últimos exemplos, atribuídos a Nuno Fernandez Torneol e Fernan Padron, respectivamente, insírense en dous versos idénticos: *cô que folg' o meu coraçõ e con que folgu' o meu coraçõ*, tamén respectivamente<sup>61</sup>. Advírtese, xa que logo, unha duplicidade na aplicación do criterio coa mesma forma léxica: para sinalar que a realidade sónica é a da oclusiva velar seguida de [o] elíxese no primeiro caso a representación propia da realidade vocálica patente que segue á consoante (<g>), mentres que no segundo o que se fai é optar pola representación consonte a vogal apocopada [e] na fin da forma verbal en cuestión (<gu>).

A dupla escolla gráfica tamén se rexistra noutras catro unidades léxicas (en total, a duplicidade afecta ó 62,5% de formas con apócope; só se libran dela *alg'*, *amig'* e *mig'*). Certamente, a ambigüidade na interpretación do valor fonético derivase da vogal que inicia a palabra seguinte. Na procura da ausencia de ambigüidade, o esperable (cf. coa homoxeneidade vista para <c, qu, q>) sería que se botase man de <gu> se a palabra seguinte comezaba por <e, i> e que se empregase <g> diante de <a, o, u>. Pero documéntanse dous tipos de transgresión do que poderíamos chamar a norma esperable, unha moito máis produtiva cá outra. Neste sentido, <gu> só vai seguido de <o> (nunca <a, u>) en *folgu'* (238a) (cf. *supra*). É moito máis rendible a seguinte desviación, pois <g> non sempre precede a <a, o, u>. As parellas que amosan a vacilación son as seguintes: *digu'* + <e> (9: 86b, 91b, 97b, 166b,

59. Non se inclúen no cadro as formas con apócope, que se estudan máis abaixo.

60. Realmente hai unha forma cunha ocorrencia.

61. LP, seguindo a C. Michašis, iguala os dous versos en *folgu' o*.

166b, 189a, 201a, 201a, 227a) / *dig'* + <e, i> (6: 118a, 120a, 146a, 178a, 201a, 246b), *logu'* + <e> (5: 89a, 94a, 98a, 180b, 202a) / *log'* + <e> (9: 86a, 88a, 105b, 120b, 123b, 133a, 149a, 202a, 211b), *log'* + <y> (10: 97b, 120a, 121b, 122a, 127b, 151b, 151b, 151b, 185a, 223b), *rogu'* + <e> (8: 121b, 135a, 141a, 168a, 169a, 169b, 185b, 185b) / *rog'* + <e> (2: 113a, 185b), *ergu'* + <e> (3: 86a, 92b, 153a) / *erg'* + <e> (1: 125a).

No 59,5% das ocorrencias de /g/ + /e, e/ a opción gráfica presente en *A* é <gu>; no 40,5% restante é, obviamente, <g>. De aproximarnos ós exemplos anteriores dende a óptica da distribución en cadernos de *A* obsérvase que: (i) só en catro cadernos (XI, XI<sup>a</sup>, XIII, XIV<sup>a</sup>) non hai ningún exemplo; (ii) en catro cadernos (VII, VII<sup>a</sup>, IX, XII ðæs —dous últimos só con cadansúa ocorrencia— unicamente hai exemplos de <gu' + e>; (iii) en dous cadernos (III, XIV) só hai exemplos de <g' + e> (un por caderno); (iv) son maioría, sete en total, os cadernos que posúen ambas as opcións (I, II, IV, V, VI, VIII, X); (v) nalgúns hai maioría de exemplos de <gu' + e> (I 71,4%, II 75%, V 66,7%, VIII 75%), noutros <g' + e> é maioría (IV 83,3%, VI 66,7%) e no caderno X cada unha das opcións gráficas posúe tres ocorrencias. A totalidade dos exemplos (dez, todos con forma léxica *log'*) de /g/ + /i/ (<y>) presentan <g> (nos cadernos II, IV, VI, VIII e XI). O único caso de /g/ + /i/ (<i>) (*dig'* 178a) acóllese tamén a <g>.

### (B) Consoantes fricativas e africadas

En § 2.1 xa se puido comprobar cales eran os grafemas que representan en *A* os fonemas consonánticos fricativos <f, , x, i, u> e africados <ç, z, ch>. Ó seu carón localízanse tamén alógrafos simples <s, g, b; c> ou complexos homorgánicos (dígrafos, xeminados ou non, e trígrafo con xeminación interna) <ff, , uu; ç, c, ç>. Para facérmonos unha idea do peso específico que posúen en *A* os distintos fonemas destas dúas series sinalaremos que en total suman 1685 formas (con máis de quince mil seiscentas ocorrencias) que se reparten do xeito seguinte: /s/ é, con moita diferenza, o máis rendible pois posúe 844 formas (con máis de oito mil catrocentas ocorrencias); moi afastados do anterior atópanse /β-v/ con 385 formas, /f/ con 185 formas, /z/ con 147 e, como primeira africada, /ts/ con 149 formas; a partir de aquí ningún outro fonema alcanza o cento de formas: entre as noventa e as oitenta están /z/ e /dz/ e, por debaixo das cincuenta, /ʃ/ e /tʃ/.

Iniciamos o percorrido aproximándonos ás consoantes fricativas. Comezamos pola labiodental, /f/, que coñece prototipicamente a representación mediante <f>. Os contextos en que adoita documentarse son: en primeiro lugar a posición inicial non agrupada (*faça* 15, *faç* des 7, *falan* 1, *falar* 87, *falarei* 4, *falaua* 2, *falir* 2, *falou* 3, *faredes* 11, *farei* 41, *faz* 173, *fazê* 1, *fazedes* 23, *fazenda* 11, *fazer* 134, *fe* 56, *fea* 1, *ferida* 2, *fez* 146, *fezer* 10, *fezerô* 2, *fe-*

zo 14, *ficar* 3, *fillar* 22, *fin* 1, *fiquei* 2, *fiz* 24, *fize* 1, *fogir* 2, *foi* 11, *folia* 3, *for* 77, *fora* 10, *força* 6, *fordes* 2, *forte* 6, *fo tes* 1, *foy* 36...), en segundo termo a posición posconsonántica (tras <l, n, r, >: *alfanx*' 2, *alfaya* 1, *enfadar* 1, *enfadado* 1, *confonda* 3, *e forcei* 1, *perfia* 1, *e forço* 2, *po faç r* 1...) e, xa con bastantes menos formas, a posición inicial agrupada como primeiro elemento dun grupo consonántico homosilábico en combinación con <r> (*fremo a* 112, *fremo o* 18, *freyra* 7...), a posición intervocálica non agrupada (*afon o* 4, *defêder* 1, *defender* 6, *deferena* 1) e a posición intervocálica agrupada con <r> formando grupo consonántico homosilábico (*a&frontarã* 1, *ofredor* 1, *ofrer* 4, *ofri* 3...).

Pola súa banda, o alógrafo complexo <ff> amosa unha peculiaridade: a de concentrarse só nuns poucos lexemas específicos mais, con (algúns deles), amosando unha notable rendibilidade. Os catro lexemas distintos con que se documenta distribúense entre os seguintes exemplos: como primeiro elemento dun grupo consonántico homosilábico (con <r>) en posición intervocálica unicamente en formas co lexema *offr*:- *offra* 1, *offredor* 5, *offrendo* 3, *offrer* 81, *offrerei* 3, *offreria* 1, *offreu* 1, *offro* 12...; noutras dúas palabras sitúase en posición intervocálica non agrupada (*affan* 19, *deffender* 1...) e só nun caso aparece en posición inicial (*ffe* 5). Todas estas formas léxicas coñecen ambas as opcións <f> ou <ff>. A representación alográfica é maioritaria cos lexemas *offr*- (93,5%) e *affan* (71,4%), e é minoritaria nos outros dous (*deffend*- 22,2%, *ffe* 8,2%). Todos os cadernos rexistran ambas as grafías excepto XI<sup>a</sup> (no que non está presente <f>), XIV e XIV<sup>a</sup> (nos que falta <ff>). Alén dos cadernos precedentes, e de centrámonos só nas catro familias léxicas en que coexisten as dúas opcións gráficas, advírtese que, por cadernos, <ff> é maioritario no II e no XII (máis do 94%), no VI, VIII, IX e XI (entre o 77 e o 81%), no I, IV, VII e X (entre o 58 e o 66%); é minoritario no III e no XIII (coa terceira parte dos exemplos) e no V (con algo menos da quinta parte); en VII<sup>a</sup> teñen cadansúa ocorrencia.

O fonema aproximante ou fricativo /β-v/ aparece representado maioritariamente por <u>. Unicamente se documenta en tres posicións, sempre non agrupado:

(i) Inicial: *uagar* 1, *ual* 57, *ualedes* 4, *ualla* 34, *uê* 1, *uedes* 27, *ueen* 7, *ueer* 151, *uegada* 1, *ueian* 4, *uentura* 13, *uêo* 3, *uerey* 2, *uergonna* 1, *uermella* 1, *ui* 255, *uia* 2, *uiço* 2, *uida* 4, *uijr* 1, *uingar* 3, *uiren* 4, *uiron* 8, *ui e* 21, *uiu* 39, *uiua* 3, *uiuer* 155, *uiuo* 64, *uj* 11, *uos* 217, *uo co* 5, *uo o* 72, *uou* 14, *uus* 268...

(ii) Posconsonántica (tras líquida ~~v~~ brante ou lateral, — nasal s— empre <n> ou, esporadicamente, vogal con til, — ou mesmo tras <>): *cô&uiu co* 1, *conuen* 4, *conuerra* 1, *de &uiygad*' 1, *de toruar* 2, *de toruou* 1, *ê&uiou* 1,

*en&ueia* 2, *aluar* 5, *alua e* 1, *erui* 16, *eruiço* 3, *eruir* 17, *eruirei* 1, *eruirei* 3...

(iii) Intervocálica: *adeuinnar* 1, *amaua* 1, *atreuia* 2, *auer* 1, *auergõnar* 1, *auedes* 13, *auẽo* 1, *auer* 130, *brauo* 1, *bu caua* 1, *catiuo* 11, *daua* 2, *de&uia* 2, *deuedes* 6, *deuia* 10, *deuo* 4, *e teuer* 2, *falaua* 2, *graue* 1, *gouernar* 1, *graue* 21, *leuar* 16, *ouue* 20, *ouuo* 1, *pauor* 51, *preçaua* 1, *rogaua* 1, *uiua* 3, *uiuer* 155, *uiuo* 64...

Emporiso este fonema tamén coñece a representación a través de <uu> ou mesmo de <b>. Todos os exemplos de <uu> excepto *uueer* (94a), que se sitúa en posición inicial, preséntano en posición intervocálica (*auueria* 1, *deuã* 1, *uiiuuer* 1<sup>62</sup>) na que, en moitas ocasións, intervén a sinalefa (*catiuu'* 1, *deuu'* 2, *tiuu'* 1, *uiiuu'* 2). E non é de estrañar porque, tal e como sosteñen Mariño / Varela, este caso de grafía dupla «sitúase na liña das que tiñan distintividade fonética» (2005: 359), tanto na diferenza vogal/consoante coma na intraconsonántica (/b/ vs /β-v/).

Ó rastrexarmos en *A* algún indicio de betacismo, só topamos un caso que, en principio, admitiría tal interpretación: trátase do exónimo *egobia* (205b). Mais, despois dun demorado estudo desta forma, Mariño / Varela chegan á conclusión de que é preferible explicar este exemplo

non como mostra e evidencia da confusión entre labiais no romance peninsular occidental, senón como o efecto gráfico da adopción dun estranxeirismo exónimo que, nas terras da meseta central de onde era orixinario, sería pronunciado polos propios segovianos daquel tempo con [b] ou con [β], mais de ningunha forma con [v] (2005: 359).

Ocupámonos agora da parella de fonemas fricativos alveolares. Dende a perspectiva escriptográfica /s/ presenta, como xa se adiantou, unha importante peculiaridade pois, tanto polo número de formas coma polo de ocorrencias, é o único caso en *A* de grafema, < >, con porcentaxe de uso inferior á metade dos exemplos (lembramos, 49,9% das formas e 48,3% das ocorrencias). De todos os xeitos, cómpre afondarmos na análise distribucional para podermos enxergar en toda a súa dimensión a sistemática do reparatimento real. Observemos, de inicio, os datos do cadro seguinte:

62. Esta palabra aparece segmentada no salto de liña (*uiiu/uer*), polo que podería tratarse dunha xeminação con motivación codicolóxica e non glotográfica, coma no caso de *quantitas* (197a), mencionado anteriormente ó falar das grafías de /t/.



## —Cadro 23—

%	/s/					/z/
	EI	P	I	IF	IM	I
< >	34/96 {63/99}	7/93 {3/97}	3/10 {0/2} <sup>63</sup>	3/6 {3/4}	29/99 {16/100}	24/91 {15/95}
< >	4/4 {4/1}	2/7 {0/3} <sup>64</sup>	85/90 {92/98}		1/1 {0/0} <sup>65</sup>	8/8 {4/5}
<s>				99/94 {100/96}		1/1 {0/0} <sup>66</sup>

[EI: Explosiva inicial; P: Posconsonántica; I: Intervocálica; IF: Implosiva final; IM: Implosiva medial]

Os puntos que se poden concluír da súa lectura, deixando xa de lado a propia existencia de dous tipos de 'ese' (o alto e o de dobre curva), son: (i) a complementariedade entre as distintas opcións é clara e evidente: < > representa prototipicamente /z/ en posición intervocálica e /s/ nas posicións explosiva inicial, posconsonántica e implosiva medial; < > asume prototipicamente a representación de /s/ en posición intervocálica; e <s> reserva para si a representación de /s/ en posición implosiva final (ningunha destas opcións conta con porcentaxes de formas inferiores ó 90%); (ii) agora ben, non é menos certo que, dos seis contextos — ncluídos os dous fonemas fricativos — < > está presente en todos, < > aparece en cinco e <s> rexístrase unicamente en dous; (iii) en principio, cf. *infra*, ningunha das tres grafías se asocia en exclusiva a un único fonema, todas tres coñecen exemplos con ambos os fonemas fricativos alveolares; (iv) o grao de inadecuación grafo-fonolóxica amosa proporcións non moi elevadas, mais significativas e bastante parellas, sobre todo no uso de < > intervocálico con valor /s/ (algo máis do 10% do total de formas só nesa posición) e algo menos no de < > intervocálico con valor /z/ (8% do total); (v) a concorrencia de < > e <s> tamén se dá nos tres contextos en que < > representa prototipicamente /s/ (o único en que non se rexistra < > é en posición implosiva final) sempre, iso si, con porcentaxes que, a nivel de formas, van do 1 ó 7%; (vi) de enfocarmos a distribución dende a perspectiva das ocorrencias, apréciase unha clara tendencia ó aumento das porcentaxes das formas prototípicas, xa que non hai ningún representante gráfico que, por posicións, baixe a nivel de ocorrencias—

63. En total son dezaseis ocorrencias.

64. Son catro as ocorrencias que hai.

65. Documéntase unha ocorrencia.

66. En realidade hai dúas ocorrencias.

do 95% (precisamente é neste punto onde se advirte unha diminución moito máis acusada no número de ocorrencias de < > intervocálico con valor /s/, 2%, ca no de < > intervocálico con valor /z/, 5%); (vii) de observarmos atentamente os dous casos en que <s> aparece en posición intervocálica comprobamos que, realmente, non constitúen unha excepción pois tanto *des&amar* (240b) coma *des&amou* (240b), a pesar de formaren unha unidade léxica (cf. entre outros, por exemplo, con *de amado* 247a), están grafados cun claro espazo en branco que deixa como palabra independente o prefixo *des*, quedando <s>, xa que logo, en posición gráfica implosiva final<sup>67</sup>; (viii) por último, cómpre non esquecer que este é o único caso en *A* en que dous fonemas (/s/ e /z/) están representados exactamente polos mesmos membros gráficos (en distintas proporcións e/ou contextos, por suposto).

Aproximámonos a continuación ós exemplos concretos. Comezamos por < > como representante de /s/ que, como xa se sinalou, aparece nas cinco posicións seguintes:

(a) Explosiva inicial (*abe* 29, *abedor* 28, *aberen* 5, *aluar* 5, *andeu* 6, *anna* 1, *azon* 34, *eer* 18, *eia* 11, *emellan* 1, *enon* 4, *entido* 1, *entir* 2, *eran* 2, *eruiço* 3, *eus* 7, *obre* 11, *odes* 11, *offrerey* 1, *ofrer* 4, *ol* 31, *ouber* 7, *oube e* 11, *y* 2...).

(b) Posconsonántica, practicamente sempre tras nasal (*acon ell' 1*, *afon o* 4, *cô ello* 2, *cô entir* 1, *con ellado* 1, *con ellar* 4, *con entir* 3, *en& andeær* 4, *mã a* 2, *man edume* 2, *pen ar* 4...), excepto no exemplo *fal ' (247b)*.

(c) Intervocálica. Nesta posición, na que con este valor o esperable sería a grafía < > (cf. *infra*), tamén se localizan en *A* algúns exemplos de < > coa distribución seguinte: o 26,7% das formas sitúanse fóra do ámbito verbal: *a& i* (146b), *a i* (86a), *ua alo* (87a), *uo o* (195b); polo que se refire ás formas verbais case todos os exemplos (81,8%) son estruturalmente idénticos porque a sibilante sempre se atopa na desinencia modotemporal do pretérito de subxuntivo: *ama e* (213b), *deue ' (166b)*, *di e e* (213b), *ou a ' (241a)*, *ou a e* (188a), *pode ' (213a)*, *qui e edes* (89a, 212b, 215b), *offre en* (87b), *ui ' (102a)* (de contarmos só cos datos neste contexto desinencial comprobamos que < > supón un nada desprezable 8,8% das formas e un 3,9% de todas as ocorrencias de /s/ nesta desinencia modotemporal); os dous exemplos verbais fóra do contexto anterior son *di e e* (131b) (no radical) e *po ' (213b)* (pres. ind.). Todas as formas léxicas anteriores, excepto

67. Ten razón Xulián Maure (2006: 160) cando sinala, seguindo a R. Lorenzo, que a explicación no uso dos tipos de ese que el estuda en documentos galegos do s. xv -hai que busca a nexos da escritura e nun reparto con criterios posicionais dentro da palabra e cunha importante dependencia do contexto do 'ese'.

*deue* ', *qui e edes* e *offre en* (que son formas únicas) coñecen —maioritariamente, cf. *infra*— a representación a través de < >. Neste sentido é especialmente interesante o segundo deles, *qui e edes*, pois conta con tres ocorrencias, en lugares distintos de A (89a, 212b e 215b), e non coñecen a concorrencia de formas con < >. A proporción que en todos os exemplos anteriores supón a escolla gráfica con < > (fronte a < >) é a seguinte: *a i* 0,5%, *uo o* 1,4%, *po* ' 1,9%, *ui* ' 6,3%, *pode* ' 9,1%, *di e e* 14,3%, *di e e* 16,7%, *ama e* 20%, *ou a e* 20%, *a& i* 33,3%, *ou a* ' 50%, *ua alo* 50%, *deue* ' 100%, *qui e edes* 100%, *offre en* 100%. Os nove autores en que se localizan estes exemplos son: Johan Soarez Somesso (4), Martin Soarez (1), Pero Garcia Buralês (1), Roi Queimado (1), Johan Soarez Coelho (1), Fernan Gonçalves de Seabra (1), Pero Barroso (1), Pai Gomez Charinho (6) e Pero da Ponte.

(d) Implosiva final (*a* 6, *ca* 1, *de* 113, *deu* 1, *dona* 1, *mai* 2, *mente* 1, *meu* 1, *poi* 3, *toda* 1...). A súa distribución ó longo dos cadernos de A non é homoxénea e así, fronte a cadernos como o V e o VIII que contan con cadanseus vinte exemplos, os cadernos I, II, VI, VII, IX e XI oscilan entre os 10 e os 15, os cadernos III, IV, VII<sup>a</sup>, X, XI<sup>a</sup>, XII e XIII posúen menos de dez exemplos e, finalmente, os cadernos XIV e XIV<sup>a</sup> non contan con ningún caso entre os seus folios.

(e) Implosiva medial (*amo trar* 2, *apo to* 2, *aque ta* 1, *aque ta* 7, *a conder* 1, *a cuitar* 1, *bu cã* 1, *bu quei* 2, *ca tígado* 1, *ca tigar* 1, *conuo que* 1, *conuu co* 3, *cu tar* 2, *de cobrir* 1, *de den* 4, *de guisada* 2, *de mentido* 1, *de mesura* 1, *de pagado* 1, *de pois* 2, *de toruar* 2, *e capara* 1, *e collar* 2, *e forço* 2, *e pedir* 1, *e pello* 1, *e tarei* 1, *e te* 41, *e tou* 17, *fali tes* 1, *mata tes* 1, *me ter* 21, *mo trar* 19, *o mar* 5, *oy tes* 2, *pre tar* 2, *soube tes* 1, *tri te* 4, *uo co* 5...).

Esta mesma grafía, < >, é a que presenta a meirande parte dos exemplos do fonema /z/. Sempre en posición intervocálica, localizamos formas coma as seguintes: *agui ado* 2, *ca as* 6, *ca ar* 1, *cou a* 26, *cou imento* 2, *de acordar* 1, *de amar* 2, *de amor* 6, *de amparades* 1, *de asperado* 1, *de eiar* 26, *de eiei* 12, *de enparar* 1, *de gui ado* 1, *fremo os* 1, *gui a* 15, *gui ar* 4, *me ura* 18, *ou arei* 5, *pe ar* 111, *podero o* 1, *qui er* 31, *uiç* o 1...

Valéndonos de idéntico esquema expositivo, fornecemos algúns dos exemplos de < > como representante de /s/ nas catro posicións en que se localiza:

(a) Explosiva inicial: son uns poucos exemplos ( ' 8, *e* 6, *eu* 3, *ey* 1, *i* 13, *offerer* 2, *oube e* 1) que se distribúen de xeito proporcional ó longo de todos os cadernos de A: I 2, II 3, III 1, IV 2, V 2, VI 2, VII 4, VII<sup>a</sup> 1, VIII 4, IX 1, X 2, XI 1, XI<sup>a</sup> 1, XII 1, XIII 2, XIV 4, XIV<sup>a</sup> 1. Deste uso, así como do seguinte, indican Mariño / Varela que é unha «propagación do recurso marcado a— gra-

fía xeminada— a contextos nos que non eran posibles as confusións [fonolóxicas]» (2005: 360).

(b) Posconsonántica, sempre tras nasal, no mesmo lexema (*con ell-*) e só en tres formas diferentes: *con ellado* 1, *con ellar* 1, *con ello* 2. Nesta oportunidade, todas as ocorrencias rexístranse nos cadernos XIII (unha ocorrencia) e XIV (tres casos).

(c) Intervocálica (*acha* e 3, *ama* e 4, *a annar* 4, *a i* 198, *aventura* e 1, *cae* e 1, *chega* e 1, *cobra* e 1, *coida* e 2, *conta* e 1, *cuida* ' 2, *de* e 6, *di* e e 1, *di er* 14, *di e* ' 3, *di e e* 5, *di o* 3, *doe* e 1, *entende* e 2, *e es* 1, *e o* 5, *fala* e 1, *feri* e 1, *feze* e 10, *fica* e 1, *fogi* e 2, *fõ* ã 1, *iura* e 1, *leixa* e 2, *mallá* e 1, *mata* e 4, *morre* e 2, *nega* e 1, *osma* e 1, *ouue* e 12, *perde* e 1, *perdõa* e 2, *parti* e 1, *pa ar* 1, *perde* e 1, *pode* e 29, *prende* e 1, *qui e* e 14, *roga* e 1, *alua* e 1, *enti* e 1, *offre* e 1, *oube* e 11, *tolle* e 1, *torna* e 1, *ua alo* 1, *ui* e 21, *uo a* 5, *uo os* 4...).

(d) Implosiva medial. Localízase un único e estraño exemplo en todo o cancionero en sílaba inicial: *e cae er* (98a, Martín Soarez). Talvez a explicación haxa que buscala no proceso manuscriturario, no que se produciu unha incorrecta interpretación do contexto inmediato. A unidade escrita entre pausas préstase á ambigüidade na súa segmentación por conter seis < > (<pode e/ cae çer> ou <pode /e cae çer>). A existencia dunha plica sobre o <e> de <... é ca...> pode ser indicativa de que a segmentación válida é a segunda, por marcar este signo diacrítico comezo de nova palabra, mais no proceso de manuscritura a execución da plica ben puido realizarse nunha fase posterior á copia e a realización desta puido estar presidida por unha atmosfera de ambigüidade na que a indecisión e os titubeos posibilitaron unha solución anómala na representación de /s/ implosivo. O paralelismo das secuencias internas < c> e < ç> en todos os seus extremos puideron contribuír á plasmación material dun inconsciente gráfico transgresor.

Xa se sinalou que < >, contrariamente ó esperable, tamén representa nalgúns exemplos o fonema /z/. Localizamos os seguintes casos, sempre en posición intervocálica: *de amar* (80a)<sup>68</sup>, *de amparado* (184a), *gui a* (83a, 102a, 103a, 103a, 106a, 106a, 154b, 170b, 213b), *gui ada* (107b), *ou* ' (159b), *ou a e* (188a), *ou a e* (159a, 163a, 177b, 181b), *outro i* (169b, 216a), *pe ar* (90a, 137a, 204a, 228b, 228b, 229b, 230a, 230a), *qui er* (82b, 170b), *qui e e* (131b, 212a), *qui o* (212a). Son doce formas (en sete lexemas distintos) cun número de ocorrencias nada desprezable: trinta e catro. Ningunha das palabras anteriores descoñece o emprego da grafía < > mais

68. Obsérvese como os problemas coa representación da coda prefixal comprometen tamén a lectura fonolóxica (cf. *supra*). Non descartamos que represente a sibilante xorda.

non en todas elas a proporción dunha grafía ou outra é a mesma. Así, a porcentaxe que supón o uso de < > oscila entre o 6,1% e o 50%: *qui er* 6,1%, *pe ar* 6,7%, *ou 'r* 8,3%, *qui e e* 11,1%, *qui o* 11,1%, *de amparado* 16,7%, *gui ada* 25%, *de amar* 33,3%, *gui a* 40%, *ou a e* 40%, *outro i* 40%, *ou a e* 50%. Os textos nos que se atopan os exemplos pertencen ós seguintes autores: Vasco Praga (3), Johan Soarez Somesso (1), Martin Soarez (6), Anónimo I (1), Pero Garcia Burgalês (1), Fernan Garcia Esgaravunha (1), Vasco Gil (1), Johan Soarez Coelho (3), Rodrigu' Eanes Redondo (3), Roi Paez de Ribela (1), Johan Lopez de Ulhoa (2), Fernan Gonçalves de Seabra (1), Johan Garcia de Guilhade (1), Pai Gomez Charinho (4), Anónimo III (5).

Contrariamente ó que ocorría nos casos de < > por < >, neste caso advírtese que (i) non hai exemplos sen a opción gráfica canónica; (ii) non hai ningún exemplo 'desviado' que posúa un emprego superior ó 50%; (iii) tampouco hai porcentaxes inferiores ó 6% (tres formas de < > por < > presentaban unha rendibilidade menor ó 2%). Coinciden ambos os grupos, ademais de nunha cantidade de formas semellante, en que a proporción de formas verbais implicadas nas confusións é moi elevada (entre a sexta parte e as tres cuartas partes dos exemplos), e tamén en que entre estas formas é moi habitual a copresenza doutro fonema fricativo alveolar (25% e 35,7%, respectivamente).

Para podermos enxergar a potencialidade das confusións en contexto intervocálico entre as grafías de ambas as sibilantes, servirémonos dos datos que recolle Xosé Henrique Costas na súa valiosa tese de doutoramento (inédita). Nos cinco bloques documentais de prosa notarial do s. XIII constata a abundancia de casos de <s> por <ss> e de <ss> por <s>. A media porcentual que podemos extraer dos seus datos é, respectivamente, do 32,5 e do 28,5% (X. Henrique Costas 1994: 54-61 e 94). Neste sentido as porcentaxes do 10 e 8%, respectivamente, de *A* quedan bastante lonxe dos datos tirados da prosa notarial do s. XIII, mais son sobradamente importantes en si mesmos polo tipo de texto en que aparecen (cf. co apuntado en § 1).

A seguir queremos introducir o parámetro dos cadernos con aquelas formas que, en posición intervocálica, presentan confusión en calquera das dúas direccións. Os resultados, por número de ocorrencias, son os seguintes: nos cadernos IV, XI<sup>a</sup>, XIV e XIV<sup>a</sup> non hai nin un só exemplo de confusión (a pesar de que o número de casos correctamente grafados é importante: 41, 8, 31 e 6, respectivamente); hai un exemplo nos cadernos III e XIII, dous exemplos no VI, tres nos cadernos V, VII<sup>a</sup>, VIII e IX, catro nos cadernos VII e X, cinco no XII, sete nos cadernos II e XI, e oito no caderno I. De xogarmos coa proporción que estes exemplos supoñen fronte ás representacións graficamente canónicas os datos que se obteñen son os seguintes (deixamos fóra os catro cadernos que non presentan confusións): I: 9,3%; II: 9,7%; III:

2,6%; V: 5,1%; VI: 2,9%; VII: 9,8%; VII<sup>a</sup>: 33,3%; VIII: 5,6%; IX: 8,3%; X: 7,7%; XI: 15,6%; XII: 29,4%; XIII: 3,3%. Os cadernos VII<sup>a</sup> e XII amosan as porcentaxes máis elevadas de confusións (ó redor da terceira parte), a medio camiño atópase o caderno XI (case coa sexta parte), os cadernos I, II, VII, IX e mesmo o X acaróanse, sen a alcanzar plenamente, á décima parte e, finalmente, os cadernos III, V, VI, VIII e XIII oscilan entre o 5,6 e o 2,6%.

Xa M.<sup>a</sup> Ana Ramos afirmou que en *A* existía un «número interesante de formas com alternância na grafía destas sibilantes» (1994: 45) e, ademais dalgúns exemplos por fonética sintáctica, proporcionou seis exemplos de <ss> por <s> (/z/) e sete de <ss> por <ss> (/s/) en posición intervocálica. Mariño / Varela, pola súa banda, fornecen dez formas de < > por < > e unha de < > por < > (en contexto intervocálico e con posible repercusión fonolóxica). Isto permítelles afirmar que *A* se amosa «como un texto en que a distinción entre as representacións gráficas das fricativas alveolares xorda e sonora resulta imperfecta» (Mariño / Varela 2005: 360).

Agora ben, cousa distinta é a interpretación que os estudosos fan da incontestable existencia en *A* desta dualidade grafofonolóxica. Mentres para a primeira das autoras estes exemplos xustificanse «porque a permuta é devida ao facto de não estarem bem assentes as grafías correspondentes à surda e à sonora» (M.<sup>a</sup> Ana Ramos 1994: 45)<sup>69</sup>, para os segundos demóstrase «incontestavelmente que *A* non foi refractario á variación lingüística e en especial á variación fonética» (Mariño / Varela 2005: 360). Como se pode comprobar, entre os investigadores que se achegaron ó Cancioneiro da Ajuda detéctanse as dúas posturas de que fala X. Henrique Costas e que se resumen na concesión ou non de relevancia (fonético-fonolóxica) ás 'irregularidades gráficas' (cf. X. H. Costas 1994: 49-52). Nós, abeirados máis ben a opinións coma as de Mariño / Varela vistas antes, somos conscientes de que para calibrarmos a exactitude milimétrica que poida posuír calquera afirmación neste sentido, precísase comprobar tamén o que ocorre coas demais sibilantes (cf. *infra*) e que a investigación se centre monograficamente na interpretación do sistema fonolóxico de *A*<sup>70</sup>.

Concluímos a aproximación ós fonemas fricativos alveolares desenvolvendo a casuística dos exemplos de 'ese de dobre curva' (<s>). Tal e como se sinalou, esta grafía, que non coñece a representación xemorada, rexístrase en dous contextos, aínda que só nun deles é verdadeiramente produtiva:

69. Con esta lectura concorda Mariña Arbor ó sinalar que «esta característica (...) explícase nun momento de flutuación, de non fixación dos grafemas correspondentes á xorda e á sonora» (2005: 96).

70. Ese vieiro percorrerémolo non hoxe senón nun traballo específico futuro.

(a) Como /s/, atópase na posición implosiva final: *as* 56, *acharedes* 1, *aiades* 1, *ambos* 2, *amigos* 47, *aquelas* 1, *aqueles* 2, *auedes* 13, *boas* 1, *ca as* 6, *catuios* 1, *coitados* 5, *con ellos* 1, *cou as* 11, *cuidades* 2, *cuitados* 1, *dades* 6, *demais* 1, *de eios* 5, *dias* 6, *digades* 8, *doedes* 8, *donas* 28, *elas* 5, *e es* 1, *faledes* 1, *fazedes* 24, *fordes* 2, *fremo os* 1, *grandes* 3, *guarirdes* 2, *herdades* 1, *iamais* 2, *ides* 3, *leixades* 2, *leyxardes* 1, *lles* 39, *marauillados* 1, *mata tes* 1, *mays* 59, *mentes* 1, *muitas* 6, *nêbrades* 1, *oi tes* 1, *outros* 8, *oy tes* 2, *perdedes* 1, *pecados* 1, *pedras* 1, *qui erdes* 2, *quantas* 2, *quãtas* 6, *quantos* 12, *quererdes* 1, *aberdés* 1, *eiades* 1, *ẽnores* 1, *omos* 1, *tantos* 1, *terras* 1, *todas* 6, *tollerdes* 1, *trobadores* 1, *uedes* 27, *uezes* 8, *uiuos* 1, *uos* 217, *uo os* 4, *ydes* 2...

Aproveitamos precisamente este punto para desenvolver un pouco polo miúdo un caso concreto. A P3 do pretérito do verbo *querer* coñece en *A* as seguintes variantes: *quis* 44, *quis* 14, *qui o* 8, *qui o* 1, *qui o* 1, *qui e* 1<sup>71</sup>. Os exemplos anteriores pódense reducir a tres esquemas básicos: (a) <-s> (84,1%), (b) <- ( )>+<o> (14,5%), (c) <- >+<e> (1,4%). O modelo (a) é o verdadeiramente rendible, cunha presenza seis veces maior ca (b), e (c) é excepcional. A distribución polos cadernos de *A* é a seguinte: (a) I 8, II 7, III 4, IV 2, V 8, VI 4, VII 5, VII<sup>a</sup>, VIII 9, IX 2, XI 4, XIII 2, XIV 2; (b) I, V, VI, VII 3, VIII, XI, XIV, XIV<sup>a</sup>; (c) VI<sup>72</sup>. O tipo (a) está presente con moita regularidade en todos os cadernos de *A* (nos poucos nos que está ausente tampouco se rexistra ningunha das outras variantes); do modelo (b) chama a atención que está tamén moi espallado, case sempre só cunha ocorrencia, por todos os cadernos e, en comparación con (a), falta en II, III, IV, VII<sup>a</sup>, IX, XIII, mais, pola contra, é a única forma rexistrada en XIV<sup>a</sup> e no caderno VII supón unha porcentaxe do 37,5%; o caderno VI é o único que conta coa presenza das tres variantes.

(b) Como /z/, só aparece en dous exemplos: *des&amar* (240b) e *des&amou* (240b), sempre que non se interprete o <s> como implosivo no marco morfofónico sufixal (cf. *supra*).

Centramos agora a nosa atención na parella de fonemas fricativos (pre)palatais ou postalveolares /ʃ/ e /ʒ/. O primeiro deles, o xordo, só coñece unha representación, a da grafía <x>. Malia que pode aparecer en catro posicións distintas, soamente nunha é realmente rendible, a intervocálica:

71. Cf. *infra* o que acontece con <-x> (aquí incluiremos tamén as variantes da P1 do pretérito de *querer*) ou <-z>. Cf. tamén co traballo de X. Varela Barreiro (1999).

72. Se nun caderno non se sinala o número de ocorrencias enténdese que só posúe unha.

(a) Explosiva inicial: só no clítico P3 resultante da palatalización de *se* en contexto antevocálico e posterior incorporación do resultado palatal ó paradigma ([ʃe + o > ʃjo > ʃjo > ʃo → ʃe]). Parécenos segura esta atribución morfo-fonética (fronte á outra posibilidade: P2 con valor africado ([tʃ]) (cf. *infra*) nos seguintes seis casos: *xe* (91a, 116b, 120b, 139b, 150b) e *x'* (170b). Do total de 34 casos de [*xe*, *x'*] son maioría os que non son facilmente analizables como /ʃe/ ou como /tʃ/ e preferimos non pronunciarnos antes de facer un estudo demorado deles e dalgúns outros que aparecen espallados polos nosos textos medievais. Quedan, pois, fóra das estatísticas, sen que isto ocasione graves distorsións ó estaren concentradas as formas nun mesmo contexto para as dúas consoantes (a fricativa e a africada). Sempre será preferible unha estatística por establecer a unha estatística errónea.

(b) Posconsonántica: exclusivamente no exemplo *enxerdados* (217b).

(c) Intervocálica que, como xa adiantamos, é o contexto máis produtivo, aínda que o número de lexemas diferentes é realmente moi pequeno: *dix'* 11, *dixe* 27, *dixi* 6; *leixa* 7, *leixar* 11, *leixara* 1, *leixa e* 2, *leixedes* 5, *leixei* 1, *leixou* 4, *leixar* 3; *queixar* 3, *queixedes* 2, *queixa* 1, *queixara* 1, *queixen* 1, *queixo* 2, *queixou* 1, *queyxar* 2...

Á vista dos exemplos precedentes ten sentido que nos aproximemos de maneira específica á P1 do pretérito do verbo *dizer*. En primeiro lugar comprobamos que a proporción das distintas variantes en *A*, que suman corenta e seis ocorrencias, é a seguinte: *dixe* 58,7%, (*D*)*dixe* 2,2%, *dix'* 23,9%, *dixi* 13%, *di e* 2,2%. En segundo lugar verifícase que, mentres *dix'* vai sempre seguido de vogal, *dixi* atópase no mesmo número de ocasións en contexto antevocálico e anteconsonántico, *dixe* vai seguido de vogal só no 25,9% das ocasións e *di e* precede unha consoante. Finalmente, advírtese unha distribución das formas en función dos cadernos: <-i> concéntrase nun único caderno, o VII (e supón un 40% do total neste caderno), <-e> espállase polos cadernos I, V<sub>11</sub>, VI<sub>3</sub>, VII<sub>5</sub>, IX, X<sub>6</sub> e XII, *dix'* localízase nos cadernos V<sub>2</sub>, VII<sub>4</sub>, IX<sub>2</sub>, X, XI e XIV, e o exemplo de *di e* sitúase no caderno IV.

(d) Implosiva final, con dous exemplos, *prix* (84a) e *quix* (100b) (ambos os dous van seguidos de palabra que comeza por consoante <p->). R. Lorenzo (1987: 476) explica que formas verbais deste tipo se deben «á palatalización medieval orixinada polo -i final, xa que, ó lado de *quis*, *fis*, *pris*, xorden as formas *quigi*, *quige*, *figi*, *fige*, etc. Por contaminación das dúas aparecen *quix*, *fix*, etc., pois en posición final hai neutralización xorda / sonora». X. Varela Barreiro (1999: 1058) sostén o mesmo e propón un esquema explicativo da propagación analóxica do radical palatal ó resto de tempos e formas do tema de perfecto: «P1 do indicativo pretérito → Singular do indicativo pretérito → Paradigma completo do indicativo pretérito → Outros tempos do tema de perfecto». A forma do pretérito de *prender* (*prix*) é única en todo



A, polo que non é posible saber se, de haber máis casos dela, presentarían variación gráfica, como ocorre con *quix*, P1 do pretérito de *querer*, que tamén coñece as seguintes variantes: *qui*ge 4, *qui* 1, *quis* 3 e *quis* 5 (o 93,3% das ocorrencias de *quis* e o 73,7% de *quis* son P3). Son tres, pois, os tipos básicos: (a) <-x> (7,1%), (b) <-s/> (64,3%), (c) <-g>+vogal (28,6%)<sup>73</sup>. Ademais da clara desproporción entre o número de ocorrencias duns e doutros, que subliña o modelo (b) como prototípico, tampouco se distribúen polos cadernos de A de maneira homoxénea: (a) II; (b) IV<sub>2</sub>, V<sub>2</sub>, VI, VIII<sub>2</sub>, XI, XII; (c) IV, V<sub>2</sub>, XIV<sup>a</sup>. Obsérvase, xa que logo, que (a) é excepcional pero é forma única no seu caderno, que (c) se concentra en dúas zonas de A, e que (b) é a forma máis rendible por toda a franxa central do cancionero.

Pasamos agora ó fonema /ʒ/. Como xa se sinalou (cf. cadros 9 e, sobre todo, 20) e— deixando a un lado o caso de *traj* (126b),— tres son as grafías que vehiculan en A este fonema: <i, g, x>. Fano de maneira moi desigual pois a primeira, o grafema, concentra case o 70% das formas (e algo máis das tres cuartas partes das ocorrencias) e a terceira só posúe un exemplo. No cadro número vinte e catro recapitulamos a distribución consonte a posición que ocupan na palabra<sup>74</sup>:

—Cadro 24—<sup>75</sup>

%	/ʒ/			/ʃ/			
	EI	P	I	EI	P	IF	I
<i>	31/83 {53/96}		69/69 {47/83}				
<g>	16/17 {7/4}	8/67 {3/71}	76/31 {90/17}				
<x>		2/33 {1/29}		5/100 {4/100}	2/100 {1/100}	5/100 {1/100}	86/100 {93/100}

[EI: Explosiva inicial; P: Posconsonántica; I: Intervocálica; IF: Implosiva final]

Só hai unha grafía, <g>, que se rexistra nos tres contextos; <i> documéntase en dous e <x> só nun (nunha única forma). Tanto con <i> coma con <g> a posición maioritaria é a intervocálica (hai, iso si, máis do dobre de for-

73. Cf. *supra* o que ocorre con <-s> ou *infra* con <-z>.

74. Como é habitual, os datos que ofrecemos son en tantos por cento; convén non esquecer que nesta parella de fonemas o número real de formas nin sequera chega ó cento con /ʒ/ nin ó medio cento con /ʃ/ (cf. *supra*).

75. Presentamos conxuntamente os datos das dúas fricativas palatais para facilitar a súa visión contrastiva.

mas da primeira ca da segunda), en segundo lugar ambas as grafías aparecen na posición explosiva inicial (novamente a primeira presenta o dobre de formas cá segunda) e, finalmente, <g> rexístrase tamén en posición posconsonántica (contexto que descoñece <i>).

Percorremos a través dos exemplos, que sempre xiran ó redor duns poucos lexemas, a situación que acabamos de describir brevemente:

(i) <i>:

(a) Explosiva inicial: *ia* 256, *iamais* 2, *iaz* 10, *ioan* 5, *ioana* 3, *iograria* 1, *ioban* 1, *iuntar* 1, *iur* 1, *iura* 1, *iurar* 7, *iura e* 1, *iuro* 1...

(b) Intervocálica: *a&iudaria* 1, *aiades* 1, *aian* 5, *aiudar* 1, *aiude* 1, *de eiãdo* 2, *de eiades* 1, *de eian* 2, *de eiando* 5, *de eiar* 26, *de eiaría* 1, *de eiaua* 4, *de eio* 17, *en&ueia* 2, *guerrear* 1, *oie* 4, *eia* 11, *eiades* 1, *obeio* 1, *uei&o* 1, *ueia* 16, *ueian* 4, *uei'* 22, *ueio* 61...

(ii) <g>:

(a) Explosiva inicial: *gent'* 1, *gente* 1, *gentes* 9, *gil* 1.

(b) Posconsonántica: *loge* 1, *longe* 4<sup>76</sup>.

(c) Intervocálica: *corregera* 1, *de eg'* 5, *de egei* 3, *fige* 2, *fogi* 1, *fogir* 2, *fogí e* 2, *linnage* 2, *menage* 1, *o&ge* 1, *og'* 67, *oge* 19, *puge* 1, *quige* 4, *trage* 3, *ueg'* 30...

En posición intervocálica advírtese unha lixeira preferencia por <g> cando, por fonética sintáctica, se dá un fenómeno de apócope vocálica: 9,5% dos exemplos de <i> están nesta situación fronte ó 21,1% dos de <g>.

(iii) <x>:

Só se documenta un posible caso de emprego de <x> con valor de /ʒ/ na forma *alfanx'* (233a, 233b; Anónimo V). A forma común é unha palabra que, segundo Corominas / Pascual (*s.v. alfanje*), procede do hispanoárabe *ḥānǧal* (árabe *al-khanjal* para Machado, *s.v. alfanje*) e que xa comparece en 1136 nun documento en latín baixo a forma *alfaniar* (en castelán rexístrase xa como *alfanje* no s. XIII), mais no exemplo concreto que nos ocupa semella máis ben tratarse do topónimo *Alfanje*, do que di o propio Machado que «tem outra orixe: do ár. *al-banx*» (1977<sup>3</sup>, *s.v. Alfanje*). De estarmos diante dun caso de inadecuación gráfica, pode semellar discutible a atribución do carácter sonoro da consoante (/ʒ/) por tratarse dun hápax gráfico, mais non debe sorprenden se temos en conta, por exemplo, o que destas consoantes afirma de X. H. Costas (1994) no sentido de que, no eido das sibilantes, é a parella de fonemas postalveolares que menores desviacións gráficas presenta. Tres son os principais argumentos que xustifican esta afirmación: «a) ori-

76. No primeiro dos exemplos, do ciclo de Pero Garcia Burgalês (122b), non presenta til nin consoante nasal no manuscrito.

xes latinas fono-gráficas nididamente diferenciadas; b) simbolismo gráfico ben afastado, (...); c) escasísimo rendemento fonolóxico da oposición devandita e, asemade, relativamente baixa frecuencia de aparición destas consoantes no discurso» (X. H. Costas 1994: 82, n. 90).

(iv) Un posible caso de <j>:

A introdución do único caso desta grafía en *A*, en posición intervocálica, non vén da man do copista senón do corrector (*traþ amor* corrigindo *trae amor* [126b]). Consonte o sinalado en § 1, na presente contribución centrámonos exclusivamente nas grafías que constitúen o texto poético de *A*: neste sentido convén precisar que si nos ocupamos daquelas anotacións e/ou correccións «que foron atendidas en moitos casos, raspándose o fragmento inicialmente escrito» (M. Arbor 2005: 65), mais, por coherencia metodolóxica, non o facemos con aquelas outras que, como esta, non chegaron a ser realizadas quizais «por interrupción do traballo» (M. Arbor 2005: 65).

O anterior non obsta para que recoñezamos a importancia e singularidade deste exemplo en concreto (que posibilitaría incluír <j> entre os recursos gráficos de representación minúscula de /3/) e por iso mesmo ímonos deter algo nel. Non queremos deixar pasar por alto o carácter excepcional da corrección: en contra do que sucede coa inmensa maioría das anotacións, non se realiza na marxe do folio senón directamente sobre o texto e, o que aínda é máis sorprendente, mantense a letra orixinal. Este procedemento de corrección é comprensible como algo excepcional dentro da dinámica do escritorio no que se compilou o cancionero, pero tamén pode ser explicable como intervención posterior á conclusión dos traballos do escritorio. Non coñecemos estudos monográficos nos que se aborde a sistemática e a cronoloxía particularizada das anotacións de *A* e, polo tanto, non nos é posible establecer unha cronoloxía para esta en particular nin chegar a unha conclusión sobre a súa pertinencia. Mesmo temos dúbidas de que este tipo de corrección estea tratado con suficiente atención e, polo tanto, estea ben explicado na clasificación de C. Michaëlis de Vasconcelos (1904: 167-179). Das tres grandes categorías de notas marxinais das que fala a ilustre filóloga parece que é á primeira á que pertence: «meras correções de erros» (C. Michaëlis de Vasconcelos 1904: 167)<sup>77</sup>. Na súa opinión son obra da mesma man que fixo as da segunda categoría e ambas son contemporáneas á compilación. Refírese expresamente ás correccións efectuadas directamente sobre o texto ó afirmar que son atribuíbles á mesma man: «Devem ser portanto

77. As outras clases son «avisos praticos do escrevente ou revisor para o pintor das maiusculas e copista da notação musical» e «reflexões de varios leitores que se entretiveram a recamar a obra dos antepassados com glossas, ora serias, ora galhofeiras» (Michaëlis de Vasconcelos 1904: II, 167).

obra do propio escribente (a quem estou disposta a atribuír as correccións, executadas sem auxilio de notas marginaes)» (C. Michaë is de Vasconcelos 1904: 167). Pensamos que os argumentos non son suficientemente sólidos e que, xa que logo, é preferible deixar esta forma en hibernación.

Non queremos abandonar este desafío codicolóxico sen falar da motivación da corrección e do seu alcance na tradición manuscrita trobadoresca. A nivel lingüístico *trae* (e en xeral o radical *tra-*) é unha forma de escasísima presenza nos textos galego-portugueses medievais. A dominante en toda a Idade Media é *trage* (e *trager*). En *A* temos outros tres casos de P3 e nos tres a forma é *trage* (126b e 241b [2]). No conxunto da *Lírica Profana* unicamente existe outro caso de *trae*, na produción de Airas Perez Vuitoron: «*salvo é quen trae castelo, a preito que o isopen!*» (M. Brea 1996: I, 16,1 [p. 131]). Chegan os dedos de dúas mans para contar os casos presentes nas demais obras medievais non notariais: dous nas *Cantigas de Santa María* (*traer*), un nun fragmento dunha tradución da *Terceira Partida* (*traendo*), catro na *Crónica troiana* (*traerfija*, *traesem*, *traesem* [2]), un na *Crónica de Iria* (*traer*) e un no *Tratado de Albeitaría* (*traeras*) (consulta feita no TMILG). Unha boa parte dos exemplos comparecen en traducións feitas a partir dun orixinal castelán e algúns outros fano en textos que, aínda sendo textos orixinais en galego, sentiron a proximidade do castelán na súa feitura. A mesma proximidade que supoñemos na feitura da cantiga que alberga este *traþ*, composta polo trobador castelán Pero Garcia Burgalês. Talvez non sexa pura casualidade que o outro *trae* da *Lírica Profana* sexa de Airas Perez Vuitoron, un dos trobadores cos que mantivo estreita relación o burgalês. Deste xeito a corrección debeu ter a súa xustificación (i) no empeño de eliminar os elementos espurios ou (ii) na defensa das formas propias máis canónicas. A segunda das posturas adóptaa Xosé Bestilleiro nun traballo recente baseado no corpus TMILG; defende este investigador que as formas con radical *tra-* «póden-se dar como válidas [non espurias], aínda que cun mínimo de reservas» (2005: 19). Considera relevante este autor que «a cronoloxía de *traer* conta con testemuños desde moi cedo (1281, 1292, 1378, 1421, 1480 e 1490)» (2005: 19). A nós parécenos que a presión do modelo do castelán, xuntamente coa atracción analóxica doutros verbos como *caer* (á que tamén se refire X. Bestilleiro 2005: 20) puido influír notablemente na escolla, en época moderna, de *traer* como forma dominante en detrimento da esmagadoramente maioritaria *trager* nos textos da Idade Media.

A forma 'ajudiana' corrixida *traþ* ten todas as trazas de representar un elemento consagrado pola nosa tradición lírica e a súa transmisión. No outro asentamento conservado desta cantiga de Pero Garcia Burgalês, presente en *B*, un dos dous apógrafos quíñentistas italianos, a grafía empregada é <i> (<traimor>) (cantiga 205, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* 1982: 129) e,

como sucede co <j> da lectura corrixida de *A*, remite inequivocamente a /ʒ/ e non á vogal /i/. Esta coincidencia  $\text{p-}$  lena no plano fonético pero só parcial no gráfico— dentro dunha transmisión textual na que non é absolutamente descartable unha liña directa entre *A* e  $\alpha$  (o antecedente de *B*), reforza a opción da validez da corrección dentro da dinámica construtiva de *A* dende o respaldo que supón a súa aceptación na máis importante instancia posterior da transmisión do noso corpus trobadoresco.

Neste sentido, o proceder dos nosos tres editores de referencia de *A* apunta tamén claramente á lectura corrixida. Coinciden en preferir a lectura *traj*' (Michaëis de Vasconcelos, c. 98, v. 14; Carter, p. 59; Arbor, c. 98) e en deixar para o aparato crítico a forma *trae* orixinal. Tamén coinciden en que a letra empregada na corrección é <j> (Michaë is de Vasconcelos: «O CA tem, erradamente: 'porque trae' [cant. 98, n. I]; Carter: «j written upon e» [p. 59, n. 2]; Arbor: «Inicialmente escribiuse un e; nun segundo momento corrixíuse, anotándose o j» [c. 98, nota]. Pero non podemos desbotar a posibilidade de que nunha edición crítica de *A* se puidese propoñer a lectura *trai*'  $\text{e}\text{u}$  mesmo *trag*'— respectando a *scripta* interna do texto poético de *A*— oma a de todo o período medieval, cf. *supra*,— de entendermos que <j> é un indicador de incorrección por uso de vogal no canto de consoante. Este xeito de proceder é perfectamente imaxinable en *A*, pois noutras ocasións diverxe a grafía empregada na anotación da utilizada na ulterior fixación do texto corrixido [anotación  $\rightarrow$  texto poético]: *emēda*  $\rightarrow$  *e mēda* (84b), *amj*  $\rightarrow$  *amin* (84b), *no*  $\rightarrow$  *non* (87b), *parti*  $\rightarrow$  *party* (90b), *pder*  $\rightarrow$  *perder* (91b), *o en  $\tau$  mal pecado*  $\rightarrow$  *o en  $\tau$  mal peccado* (98a), *ffaz*  $\rightarrow$  *faz* (98a), *fazer poi eu no*  $\rightarrow$  *faz pois eu non* (114b), *en*  $\rightarrow$  *en* (130b), *amj*  $\rightarrow$  *ami* (133a), *mjo*  $\rightarrow$  *mio* (135b), *mj*  $\rightarrow$  *mi* (139a), *uj*  $\rightarrow$  *ui* (146b), *q ogeuuj e ey*  $\rightarrow$  *que ogeu ui e ey* (183a)... (cf. tamén con § 3). Á vista dos exemplos citados, debemos dicir que <g> debería ser a opción menos probable, visto que as unidades de diverxencia son <i>, <j> e <y>.

Concluimos a exposición neste grupo achegándonos ós tres fonemas africados de *A*: /ts/, /dz/ e /tʃ/. Tal e como se sinalou ó comezo do epígrafe (B), a rendibilidade destes fonemas en canto ó número de formas non é moita e, en todo caso, é desigual entre eles: cento corenta e nove para o primeiro, oitenta e cinco para o segundo e trinta e cinco para o terceiro. Porén, o número de ocorrencias é, proporcionalmente ó de formas, máis elevado, polo menos para os dous primeiros: 564, 1117 e 90, respectivamente. Antes de iniciarmos a aproximación a cada un deles fornecemos, no cadro vinte e cinco, os resultados globais dos dous non palatais tendo en conta a distribución segundo as posicións que ocupan:

—Cadro 25—

%	/ts/			/dz/		
	EI	P	I	IM	IF	I
<ç>	4/56 {7/79}	24/87 {10/93}	69/71 {82/90}			3/5 {1/1}
<c>	11/33 {21/19}	15/13 {9/7}	74/18 {70/7}			
< ç >			100/4 {100/1}			
< c >	33/11 {33/2}		67/2 {67/0} <sup>78</sup>			
< ç >			100/1 {100/0} <sup>79</sup>			
<z>			5/4 {1/2}	2/100 {0/100} <sup>80</sup>	20/94 {38/100}	73/95 {61/99}
<s>					100/6 {100/0} <sup>81</sup>	

[EI: Explosiva inicial; P: Posconsonántica; I: Intervocálica; IM: Implosiva medial; IF: Implosiva final]

Como noutras unidades, aprécianse unhas claras liñas mestras na distribución das distintas grafías consonte o fonema e a posición que ocupan na palabra. En primeiro lugar é realmente importante constatar que a única posición en que as unidades poden representar os dous fonemas é a intervocálica; as outras catro posicións implicadas só coñecen un valor fonolóxico. É certo que é precisamente a posición intervocálica a que concentra a inmensa maioría das formas, tanto de /ts/ (73%) coma de /dz/ (77,4%). Non é menos verdade que nas outras posicións se detectan en exclusiva quer o primeiro (explosiva inicial, posconsonántica), quer o segundo (implosiva medial, implosiva final). Das sete grafías implicadas só dúas interveñen en procesos de confusión gráfica e, como veremos, trátase precisamente dos dous grafemas.

O primeiro dos fonemas, /ts/, está representado por seis grafías <ç, c, ç, c, ç, z> (nunca <s>). Agora ben, desas seis realidades gráficas só o grafema <ç> e mais o alógrafo <c> son rendibles. O resto asumen a súa representación de xeito moi ocasional. O primeiro deles rexístrase, en proporción desigual, nos tres contextos en que se documenta este fonema:

78. Realmente son dúas as ocorrencias.

79. Hai unha ocorrencia.

80. Rexístranse tres ocorrencias.

81. Documentábase unha forma cunha ocorrencia.

(a) Explosiva inicial (*çd* ' 14, *çd* o 17, *çg an* 4, *çg uei* 2, *ç ma* 1).

(b) Posconsonántica tras nasal, sempre <n> (*començ* r 1, *conçello* 1, *diferença* 1, *menço* 1, *uencer* 1, *uenç* d' 1, *uenganç* 1...) ou vibrante (*barçolos* 1, *e forçar* 2, *e forçe* 1, *e forço* 2, *forç* 6, *forç* r 6, *forçed* es 1, *forçu* 3, *garçia* 1, *perç*' 1, *perço* 1, *perçades* 1, *perço* 1...).

(c) Intervocálica (*agradeçer* 2, *começi* 1, *começy* 1, *connoçer* 3, *connoçi* 1, *conteçe* 1, *coraçon* 112, *creçer* a 1, *en& andeçer* 4, *en& andeç* 2, *e-caeçer* 10, *faça* 15, *façades* 7, *faço* 24, *graç* 2, *graçir* 4, *gradeçer* 6, *gwareçer* 8, *iaço* 2, *mereçer* 1, *mereç* 9, *'n& andeçer* 1, *naçer* 1, *'n andeç* 1, *ouço* 8, *padeçe* 1, *pareçedes* 3, *pareç* a 1, *peço* 3, *po faço* r 1, *preçar* 1, *preço* 2, *reçear* 1, *reçeeçy* 2, *reçeou* 1, *andeç* 4, *eruiço* 3, *trayç on* 2, *uiço* o 1...).

O alógrafo <c> está presente nos mesmos tres contextos anteriores do xeito seguinte:

(a) Explosiva inicial (*cedo* 7, *cegan* 1, *ceguei* 1).

(b) Posconsonántica tras nasal ou vibrante (*e forcei* 1, *mercee* 1, *uencer* 1, *uinganca* 1).

(c) Intervocálica ante <e, i>, nalgún caso por sinalefa, (*comecei* 1, *en& andecerei* 1, *en& andeci* 2, *gracir* 1, *gracirei* 1, *mereci* 1, *nacer* 1, *naci* 2, *parecedes* 1, *parecer* 6, *receaua* 1; *fac'eu* [152b], *fac'e* [203b], *iac'en* [85a]...) e tamén ante <a, o> (*coracon* 3, *po facado* 1, *precar* 1).

Como xa se puido deducir do cadro vinte e cinco, a proporción relativa entre as formas con <ç> e as formas con <c> son sempre favorables á primeira cunha vantaxe que vai dos 68 puntos en posición intervocálica, ós 23 da posición explosiva inicial, pasando polos 74 da posconsonántica. A diferenza por número de ocorrencias elévase para as posicións anteriores ós 83, 60 e 86 puntos, respectivamente (sempre a favor de <ç>). De nos fixarmos na vogal inmediatamente posterior á consoante africada, comprobamos a existencia dalgunhas tendencias na combinatoria: (i) o único contexto alleo a <c> é o da coalescencia con <u> (é un contexto moi pouco produtivo porque mesmo con <ç> só hai unha forma: *uenç* d' 213b); (ii) mentres que con <a, o, u> o uso de <ç> é totalmente maioritario (a porcentaxe non baixa en ningún caso do 94%), con <e, i> aumenta a presenza de <c> dende o 23% coa primeira vogal ata o 28,6% coa segunda; (iii) coa apócope da vogal átona final temos nas tres cuartas partes <ç> e case na cuarta parte das ocasións <c>; (iv) tanto nun caso coma noutro (<ç, c>) a vogal máis habitual é <e> (43,1% e 56%, respectivamente); (v) nas catro quintas partes dos exemplos de <c> as vogais que interveñen son <e, i> (proporción que se reduce ata pouco máis da metade no caso de <ç>). Véxase o cadro seguinte:

## —Cadro 26—

%	<a>	<o>	<u>	<e>	<i>	[apócopel]
<ç> +	17,4/95	15,6/94,4	0,9/100	43,1/77	13,8/71,4	9,2/76,9
<c> +	4/5	4/5,6		56/23	24/28,6	12/23,1

O parámetro do caderno en que se localizan os exemplos de africada tamén se revela pertinente. No cadro vinte e sete reproducimos a proporción con que se detectan en cada caderno as ocorrencias de ambas as grafías:

—Cadro 27—<sup>82</sup>

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII <sup>a</sup>	VIII	IX	X	XI	XI <sup>a</sup>	XII	XIII	XIV	XIV <sup>a</sup>
<ç>	87,5	89,6	93,5	87,5	93,5	90,9	87,5	100,2	93,3	100,1 <sub>4</sub>	90,9	94,3	100,2	100,1 <sub>4</sub>	100,1 <sub>11</sub>	100,2 <sub>1</sub>	100,1
<c>	12,5	10,4	6,5	12,5	6,5	9,1	12,5		6,7		9,1	5,7					

Obsérvase, en primeiro lugar, que mentres <ç> se rexistra en todos os cadernos de A, <c>, como consoante africada, ademais dos cadernos VII<sup>a</sup> e IX, non se detecta a partir do caderno XI<sup>a</sup>: o último exemplo é *gracirei* 222b, no caderno XI. Nos cadernos en que si existe a dupla opción, pódense discriminar dous subconxuntos segundo <c> se sitúe entre o 10 e o 12% (I, II, IV e VII) ou entre o 5 e o 9% (cadernos III, V, VI, VIII, X e XI).

As outras tres grafías encargadas de vehicular, en exclusiva, o fonema /ts/ son <ç>, <c> e < ç>. Todas tres aparecen en posición intervocálica e <c> faíno tamén na inicial. Posúen moi poucas formas e ocorrencias e circunscríbense a unha zona moi determinada de A:

< ç> Das sete ocorrencias catro concéntranse no caderno II (tres no ciclo de Martin Soares e unha no de Pai Soares de Taveirós), unha no IV (Pero Garcia Bungalês), outra no V (Fernan Garcia Esgaravunha) e outra no IX (Fernan Gonçalves de Seabra): *conno çr* (102a, 104a), *côno çr* (93a), e *ca-e çer* (102a, 142b), e *cae çera* (121a), *ia ç* (188b). Este último exemplo comparte en A o espazo da P1 do presente de indicativo de *iazer* con *iac'* (85a) e *iaço* (98a, 120a). As tres formas son representación do mesmo fonema africado /ts/. Neste sentido constátase que *ia ç* comparte posición de rima perfecta con *faço*. Daquela, estamos inequivocamente diante da forma galego-portuguesa herdeira directa de *IACĒŌ* latino (cf. Williams, que fala da forma do «port. arc. *jaço*» 1975<sup>3</sup>: 231), que ademais monopoliza as páxinas de A.

82. Neste cadro e nos sucesivos, cando algunha porcentaxe é do 100% engádesse en subíndice o número de ocorrencias.



< c > Os tres exemplos localízanse nos cadernos I e II (nos ciclos de Vasco Fernandez Praga de Sandin e de Martin Soarez): o primeiro sorprende por ser inicial ( *cient'* 81a), o segundo tamén é sorprendente por ser voz alóglota ( *cõno cie e* 97a) e o terceiro é intervocálico ( *na ci* 103a).

< ç > O único caso con este alógrafo tamén se sitúa no caderno II e no ciclo de Martin Soarez: *e cae çr* (98a).

R. Lorenzo refírese á alternancia gráfica entre < sç > e < ç > nos seguintes termos: «ocorre moitas veces que se utiliza para a representación do ç a grafía latinizante sç, na que non se pronunciaba o s» (1985: 110). Clarinda de Azevedo Maia (1986: 442) constata que < ç > é un «grafema composto, de uso muito restrito» para representar o fonema africado /ts/ (que ela só documenta no exemplo *erui ç* de 1299). Tamén X. H. Costas confirma que a grafía < ç > nalgún exemplo presenta unha variante, a do «dígrafo latinizante -SÇ- (*naçemento*)» (1994: 93). No traballo de Xulián Maure (2006: 256-257) sobre documentación notarial tudense do s. xv afirmase que as grafías < ç, sç, sc > amosan un reparto entre si do 58,9%, 39,7% e 1,4%, respectivamente, o que eleva o uso de < sç > ata practicamente as dúas quintas partes dos exemplos.

Finalmente, a través de < z >, que prototipicamente serve de soporte gráfico para o fonema /dz/, tamén se recollen en A algúns exemplos co valor de /ts/. Son catro formas de heterodoxia gráfica as que, todas en posición intervocálica, están nesta situación: *faza* (2: 93a, 165a), *fazo* (4: 81b, 162b, 225b, 225b), *nazer* (154b), *ouzo* (87b)<sup>83</sup>. Todas catro alternan, por suposto, coa forma esperable, con < ç > (*faç* 15 e *faço* 24 [tamén *faç'* 13], *naçer* 1 e *ouç* 8 [tamén *ouç'* 2]), ou mesmo con < c > (*fac'* 2). Os autores das composicións nas que se rexistran estes exemplos con < z > son Pai Soarez de Taveirós, Johan Soarez Coelho (2), Vasco Fernandez Praga de Sandin, Anónimo III (2), Vasco Gil e Johan Soarez Somesso. Detéctanse en cinco cadernos de A: I 2, II, VI, VII 2, XI<sup>a</sup> 2. A proporción relativa neses cinco cadernos (formas con < ç > rexístranse en todos os cadernos agás no VII<sup>a</sup> e no XII) fronte á opción non marcada é: I 20%, II 14,3%, VI 20%, VII 66,7%, XI<sup>a</sup> 40%.

O segundo dos fonemas africados non palatais, /dz/, coñece unha menor variación na súa representación gráfica e un grafema, < z >, moi consistente (alcanza o 95,3% das formas e o 99,6% das ocorrencias). Aínda que son tres os contextos nos que se rexistra, só un deles, o intervocálico, é verdadeiramente produtivo:

(a) Implosiva medial. Nesta posición só se localizan dúas formas, variantes categoriais do mesmo lexema: *mezcra* (94b, 95a) e *mezcrar* (138a).

83. As tres últimas xa as recolleu M.<sup>a</sup> Ana Ramos (1994: 45).

(b) Implosiva final (*de praz* 1, *diz* 8, *faz* 173, *fez* 146, *fiz* 24, *ffz* 1, *grãa-dez* 1, *iaz* 10, *moniz* 1, *praz* 1, *prez* 1, *paz* 2, *praz* 17, *prez* 27, *uez* 15...).

Tal e como se advertiu para <-x> ou <-s> nesta mesma posición (cf. *supra*), os exemplos dalgunhas formas verbais de *A*, aínda que amosan nidiamente preferencia pola terminación <-z>, son permeables á variación desinencial, que combina distinta consoante en posición final con ausencia ou presenza de vogal átona final. Nesta circunstancia atópanse os seguintes exemplos: *fiz* 24 e *ffz* 1 (P1 do pretérito de *fazer*, seguidos de consoante agás en oito casos da primeira das formas) sofren a concorrencia moi limitada de *fige* 2 (sempre seguido de vogal) e *fize* 1 (seguido de consoante); *fez* 146 (P3 do pretérito de *fazer*, maioritariamente seguido de consoante) conta, a moita distancia, con tres formas concorrentes: unha sen vogal átona final, *fes* 1 (que vai seguida de consoante), e dúas con vogal átona final, quer <-o> *fezo* 14 (só nun caso vai seguido de vogal), quer <-e> *feze* 2 (nunha das ocorrencias vai seguido de vogal)<sup>84</sup>; *praz* 17, (*P*)*raz* 2 e *praz* 1 (P3 do presente de indicativo de *prazer*, practicamente sempre seguidos de consoante) coñecen a existencia da opción con vogal átona final, *praze* 1<sup>85</sup>, tamén seguida de consoante.

De observarmos o que acontece na distribución por cadernos (non nos podemos deter a analizar neste traballo outros parámetros como as peculiaridades propias do verso) advírtese que hai cadernos que descoñecen a opción con vogal átona final (VII<sup>a</sup>, IX, XI<sup>a</sup>, XII, XIII, XIV e XIV<sup>a</sup>), outros nos cales esta opción non alcanza a décima parte (II, V, VI) e outros en que a escolla vocálica se sitúa entre o 11 e o 19% (I, III, IV, VII, VIII, X, XI):

← *adro 28* —

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII <sup>a</sup>	VIII	IX	X	XI	XI <sup>a</sup>	XII	XIII	XIV	XIV <sup>a</sup>
C≠	88,9	92,9	87,5	88,6	95	93,8	81	100 <sub>1</sub>	85,7	100 <sub>12</sub>	88,9	86,7	100 <sub>3</sub>	100 <sub>4</sub>	100 <sub>4</sub>	100 <sub>9</sub>	100 <sub>2</sub>
V≠	11,1	7,1	12,5	11,4	5	6,2	19		14,3		11,1	13,3					

[C≠: Consoante en posición final de palabra; V≠: Vogal en posición átona final]

84. Parece clara a vixencia desta regra: se a P3 do pretérito do verbo *fazer* vai seguida da P3 do clítico de acusativo a presenza da vogal final na forma verbal semella obrigatoria: *fezoa* (160a), *fezea* (116b).

85. A excepcionalidade desta forma vén subliñada polo feito de que a vogal <-e> é produto das anotacións marxinais presentes no manuscrito. Mariña Arbor sinala nunha nota no pé da súa edición que «Na marxe esquerda da columna de escritura, *e*. A marca para a súa colocación no texto aparece despois de *praze*. Xusto no verso seguinte rexístrase, precisamente, a única forma *praz* de todo o caderno VII.

(c) Intervocálica (*aduzer* 1, *dizer* 7, *dizede* 10, *dizedes* 2, *dizen* 23, *dizer* 178, *dizia* 2, *fazer* 8, *fazê* 1, *fazedes* 24, *fazen* 8, *fazenda* 11, *fazer* 134, *fazia* 1, *fezer* 10, *fezera* 5, *fezeron* 1, *feze e* 10, *lazerar* 1, *lazeyro* 1, *lezer* 3, *prazer* 6, *prazentear* 1, (*P*)*razer* 1, *prazer* 70, *prazera* 1, *prazia* 1, *razõ* 6, *razõar* 1, *razon* 33, *azõ* 3, *azon* 34, *uezes* 8...).

Os exemplos de confusión gráfica en que, en posición intervocálica, <ç> aparece no canto do esperable <z>, sen seren moitos, son en si mesmos moi significativos: *façedes* 140b, *façen* 199a e 201a, *praer* 85a<sup>86</sup>. Tanto nestes exemplos coma nos de <z> por <ç>, estamos diante de formas léxicas moi usuais e cunha alta frecuencia en *A*, o que non permite, en principio, interpretar as desviacións do canon en termos de descoñecemento da forma léxica (prototípica). Os textos nos que se localizan pertencen, con cadanseu exemplo, a Fernan Garcia Esgaravunha, Men Rodriguez Tenoiro, Johan Garcia de Guilhade e Johan Soarez Somesso, respectivamente. Como se pode observar, sitúanse nos cadernos I, V e X<sub>2</sub>. Neles, fronte á opción esperable, <z>, supoñen, respectivamente, un 7,7%, 11,1% e 25%.

Nunha obra tan sistemática como *A* son aínda máis transcendentos todos estes exemplos de incoherencia grafo-fonolóxica. A variabilidade é, pois, inquestionable, e non só nunha posición (intervocálica ou implosiva final) senón nas dúas. Nesta dirección o noso cancioneiro apoia a liña argumental dos estudosos do consonantismo medieval galego ó sinalaren, por exemplo, que para o sistema de sibilantes xa no propio s. XIII agroman exemplos textuais da deriva lingüística posterior da nosa lingua (cf., entre outros, X. H. Costas, R. Lorenzo, C. de Azevedo Maia, R. Mariño ou M. Ferreiro).

Por último, convén salientar que o único exemplo de <s> con valor de /dz/ aparece en posición implosiva final na forma *fes* (89b). Como xa se sinalou antes, trátase da terceira persoa do pretérito do verbo *fazer* que, maioritariamente (89,6%), aparece grafada como *fez*. Inclúese nunha composición de Johan Soarez Somesso. Aínda que esteamos diante dun único caso non sorprende en absoluto a súa aparición: por exemplo, X. H. Costas sinala que en documentos galegos do s. XIII detéctase a «alternancia -Z, -S e -Ç en posición implosiva final, e non só nos patronímicos» (1994: 54). Ben é verdade

86. M.<sup>a</sup> Ana Ramos (1994: 45) recolle as dúas últimas e engade tamén *preç ua*. Os exemplos que presentan en *A* esta última raíz son *preçado* (184a), *preç r* (184a), *preçaua* (202b) e *preç* (138b, 158b). Existe, daquela, homoxeneidade total á hora de seleccionar unha realidade gráfica. Tal e como sinala M. Ferreiro (1995: 168) “o resultado xordo en posición intervocálica é bastante común, talvez por razóns cronolóxicas ou por un tratamento semiculto” e, entre os exemplos que dá, atópase PRĒTĪU > *preç*. A prudencia obríganos, en consecuencia, a preferir para estes exemplos unha explicación por evolución fonética espontánea, mais tampouco descartamos que se poida tratar dunha evidencia de enxordecemento.

que a presenza da grafía <s> por <z> en posición implosiva final, segundo os seus propios datos, non se ve rexistrada (si o fai, nun 3% dos casos <-s-> por <-z-> nalgunha das coleccións documentais manexadas, cf. 1994: 56 e 94). Nos datos de X. H. Costas constátase que nos textos galegos do s. xv estudados por el «en final absoluta está consumado o proceso de desafricación, pois atopamos sistematicamente -S» (1994: 92). Neste sentido, o exemplo presente en *A* encaixa perfectamente nos parámetros evolutivos propugnados pola nosa tradición crítica, na que «a práctica totalidade dos estudosos da nosa lingua medieval coinciden en sinalar que é máis que probable que a desafricación comezase nesta distribución implosiva final» (X. H. Costas 1994: 92).

Do último dos fonemas africados, /tʃ/, xa se subliñou a súa escasa presenza en *A* tanto pola cantidade de formas (trinta e cinco) coma pola de ocorrencias (non chegan a un cento). O grafema que o representa é o dígrafo homorgánico <ch> e, como alógrafo exclusivamente no ámbito clítico, <x>. A propósito da relación grafofonolóxica entre este fonema e o grafema, <ch>, di C. de Azevedo Maia que «desde os documentos mais antigos [...] é notoria a regularidade com que o grafema complexo *ch* representa aquele fonema» (1986: 468). Son tres as posicións en que aparece: inicial, intervocálica e posconsonántica. En calquera caso e con independencia de que sexan os dous primeiros contextos anteriores os máis rendibles, é certo que o número real de lexemas diferentes presentes nesta trintena e pico de formas son moi poucos e quedan mesmo nos lindeiros da decena:

(a) Explosiva inicial (60,6% das formas): *ch*' 3, *chamada* 1, *chamando* 1, *chamarei* 1, *chamei* 3, *chega* 1, *chegado* 3, *chegar* 2, *chega e* 1, *chegou* 2, *chorades* 2, *chorando* 5, *chorar* 6, *chorauam* 1, *choredes* 1, *choro* 3...

(b) Intervocálica (33,3%): *a&char* 1, *ach*' 1, *acha* 1, *achar* 10, *acharedes* 1, *acharei* 2, *acha e* 3, *achegado* 2, *achei* 4, *acho* 3<sup>87</sup>.

(c) Posconsonántica (6,1%): *ancha* 8<sup>88</sup>.

A grafía <x>, bastante inusual nos nosos primeiros textos e desprazada ben axiña dos posteriores, é coñecida da *scripta* primitiva de distintas partes da península ibérica pero destaca a súa presenza na *scripta* astur-leonesa. En *A* só é empregada co clítico P2 en posición explosiva inicial— e, de forma moi característica, con valor de dativo de solidariedade. Como dixemos ó tratar o fonema /ʃ/ (cf. *supra*), hai un número importante de casos de *xe* ~ *x'* que nos son dubidosos (18 sobre 34) e que non temos en conta por non introducir aquí factores de indecisión. Fronte a eles parécennos claros casos

87. Excluimos *achaz* (142a) por tratarse dun galicismo.

88. Non incluimos *enchal* (156b) por ser un galicismo.

de P2 e— consoante africada— os dez seguintes: *xe* (79b, 88a, 131b, 131b, 152a, 193b) e *x'* (100a, 152a, 201a, 217b).

(C) *Consoantes líquidas e nasais*

Concluimos o percorrido polo eido consonántico de *A* aproximándonos a dous grupos de consoantes que, tal e como reflicte o cadro número dezaoitto, sitúanse no segundo e terceiro lugar, respectivamente, na produtividade das formas (mudan a orde, terceiro e segundo, de nos fixar nas ocorrencias). En total suman mil seiscentas vinte e tres formas os líquidos e mil trescentas corenta e sete os nasais (con case catorce mil cincocentas e dezaoitto mil cincuenta ocorrencias, respectivamente). A distribución real entre os fonemas é moi desigual pois, dos líquidos, é realmente /r/ o que concentra a meirande parte das formas, con mil duascentas corenta e nove (76,9% dos fonemas líquidos). Moi lonxe del atópanse os demais: /l/ con cento noventa e tres, /r/ con noventa e cinco e /k/ con oitenta e sete. Aínda que a desproporción non é tan acusada, cos fonemas nasais acontece algo similar: /n/ é o máis rendible con novecentas trinta e cinco formas (69,4% dos fonemas nasais), seguido de /m/ con trescentas trinta e tres e, xa moi afastado, /ɲ/ con setenta e nove. No cadro xa sinalado tamén se advertía a escasísima variación alográfica dos catro fonemas líquidos (un 2,5% de media) e a maior variación no caso dos tres fonemas nasais (cun 16,6% de media de representación por medio de alógrafos). Os catro grafemas dos fonemas líquidos son <r, rr, l, ll> e os tres dos fonemas nasais son <m, n, nn>. Nos parágrafos que seguen desenvolvemos un pouco máis polo miúdo cada un deles, así como os seus alógrafos.

Comezamos observando o que ocorre cos fonemas vibrantes. O primeiro deles, /r/, coñece a existencia dun único grafema que o representa: <r>. É certo que, ó igual que acontece con <d> (cf. *supra*), a edición de *A* da que partimos non distingue os dous tipos de 'erre' presentes nas súas páxinas: o de trazo redondo e o de trazo recto. Como é ben sabido, a variación entrambos os dous responde a un condicionamento contextual de acordo coas grafías contiguas e así, o primeiro, de astil recto, é o corrente fronte ó marcado, de trazo redondo, que se usa cando está antecedido de letra de corpo redondo. Este é o motivo de que na nosa aproximación non teñamos en conta esta diferenciación.

As seis posicións nas que se documenta /r/, sempre realizado como <r>, son as seguintes:

(a) Inicial agrupada como segundo elemento de grupo consonántico homosilábico (10,3% das formas). Os exemplos coñecen seis combinacións: <br> (1,6%) *branca* 1, *brauo* 1; <fr> (3,9%) *freyra* 7, *fremo a* 112, *fremo o* 18...; <gr> (19,4%) *grã* 8, *graç* 2, *graç r* 4, *gradeer* 6, *grado* 27, *gradoar* 1, *gran* 309, *grande* 7, *graue* 21 *grã* 8, *graç* 2, *graç r* 4, *gradeer* 6, *grado* 27,

*gradoar* 1, *gran* 309, *grande* 7, *graue* 21...; <cr> (10,8%) *creçera* 1, *creede* 7, *creer* 23, *creeran* 1, *creerey* 2, *creo* 4...; <pr> (48,8%) *pran* 38, *prazer* 70, *prazia* 1, *prêda* 1, *prêdi* 1, *preç do* 1, *preç* 2, *pregunta* 2, *preguntar* 11, *preito* 4, *prenda* 3, *prender* 16, *prendo* 2, *pre o* 1, *pre tar* 2, *preto* 1, *prez* 27, *primeiro* 3, *prol* 17, *prouar* 4, *prouguer* 5...; <tr> (15,5%) *traedor* 3, *trage* 3, *trameter* 1, *tres* 4, *tremi* 1, *tri te* 4, *trobador* 3, *trobar* 8, *trobo* 1...

(b) Agrupada como segundo elemento de grupo consonántico homosilábico tras consoante heterosilábica precedente (5,2% das formas). Son catro as combinacións documentadas: <br> (15,6%) *nêbrar* 3, *nenbrar* 7, *nenbrara* 1, *nenbrou* 1...; <cr> (3,1%) *mezcrá* 2, *mezcrar* 1; <pr> (17,2%) *comprida* 1, *de praz* 1, *empre* 38...; <tr> (64,1%) *amo trar* 2, *antre* 1, *contra* 25, *entrar* 2, *e cõtra* 1, *e rado* 1, *mêtr* 4, *mentre* 8, *mo trar* 19, *mo trou* 6, *no tro* 30, *ontre* 1, *uo tro* 1...

(c) Agrupada como segundo elemento de grupo consonántico homosilábico en posición intervocálica (4,6% das formas), con seis combinacións posibles: <br> (22,4%) *cobra e* 1, *de cubrir* 1, *'ncobrir* 1, *obridado* 1, *quebrãta* 1, *obre* 11...; <dr> (3,4%) *madre* 1, *pedras* 1; <f(fr)> (38%) *offri* 17, *offredor* 5, *offreu* 1, *offro* 12, *a&frontarã* 1, *ofri* 3, *ofre* 1...; <gr> (6,9%) *agradeçer* 2, *iograria* 1...; <pr> (1,7%) *aprouguer* 1; <tr> (27,6%) *atreuía* 2, *outra* 85, *outro* 43, *retraya* 1...

(d) Intervocálica non agrupada (34,8% das formas): *acharei* 2, *agora* 27, *amarei* 4, *ampararei* 1, *andarey* 1, *atenderia* 1, *auera* 6, *auerian* 1, *bu caron* 1, *ca aren* 3, *choro* 3, *cobrarey* 1, *creeran* 1, *cuidarei* 1, *darei* 1, *dereito* 12, *de a perado* 1, *de aventura* 4, *dira* 13, *doeria* 2, *dormirõ* 1, *durei* 1, *era* 7, *e tarei* 1, *falarey* 1, *fãredes* 11, *ferida* 2, *fezera* 5, *fora* 10, *freyra* 7, *guareçer* 8, *guarida* 1, *ira* 2, *iuro* 1, *lazeyro* 1, *loarei* 1, *loucura* 1, *mêtira* 1, *mentirei* 2, *me ura* 18, *moira* 7, *morarei* 2, *moyro* 11, *namorado* 1, *negarei* 1, *ora* 92, *oyren* 2, *parado* 1, *parella* 1, *pero* 96, *podera* 2, *poderey* 2, *poderro o* 1, *poren* 80, *punnarei* 1, *queira* 4, *quero* 21, *queyra* 2, *abedoria* 1, *entirei* 2, *oubera* 2, *temerei* 3, *ueera* 1, *uentura* 13, *uingaria* 1, *uiuieren* 1...

(e) Implosiva medial (13,1% das formas): *acordo* 1, *corpo* 3, *corte* 1, *de toruan* 1, *dormia* 1, *ergo* 4, *e forç* 2, *forç* 6, *forte* 6, *garçia* 1, *guardado* 8, *guardey* 2, *berdades* 1, *leixardes* 1, *martin* 1, *mortal* 2, *parte* 2, *perden* 1, *perdon* 24, *perdudo* 1, *perfia* 1, *porque* 3, *erui* 16, *tarde* 1, *torna* 1, *torto* 8, *uerdad* 6, *uermella* 1...

(f) Implosiva final (32% das formas): *acabar* 5, *adur* 1, *amar* 67, *ar* 73, *atender* 11, *bu car* 10, *caber* 1, *coitar* 2, *con entir* 3, *contar* 3, *cuidar* 15, *defêder* 1, *der* 9, *deuedor* 2, *doer* 10, *ementar* 1, *entender* 17, *e pedir* 1, *falir* 2, *ficar* 3, *for* 77, *gui ar* 4, *ir* 33, *leonor* 2, *loar* 3, *mar* 11, *mayor* 68, *meter* 2, *negar* 17, *oyr* 10, *prender* 11, *pauor* 51, *pecador* 3, *pedir* 5, *quitar* 30, *abor* 71, *aluar* 5, *entir* 2, *Sennor* 1, *ouber* 7, *temer* 8, *uagar* 1, *ualer* 30, *uer* 2...

Aproximámonos agora ó outro membro da parella de fonemas vibrantes, /r/, que coñece en *A* unha realidade grafemática <rr> (68,4%) e outra alográfica <r> (31,6%). A distribución entre elas é practicamente perfecta e, en todo caso, os pouquísimos exemplos de inadecuación nunca afectan á distinción fonolóxica /r/-/r/. O grafema, o dígrafo xeminado <rr>, que posúe en exclusiva a equivalencia fonolóxica /r/, monopoliza as posicións intervocálica (92,3% do total de casos de <rr>; *auerra* 3, *correia* 1, *corregera* 1, *erro* 1, *e terrar* 1, *guerra* 1, *morren* 1, *morreu* 4, *terran* 1, *terrian* 1, *uerra* 3, *uerria* 3...) e posconsonántica non agrupada (4,6%; *gualrria* 1, *ualrra* 3, *ualrria* 1), nas que o presentan de forma característica os futuros irregulares medievais con vibrante múltiple ~~ta~~ nto na intervocálica como na posconsonántica—substituídos modernamente por formas con vibrante simple no radical (X. Varela 1998). Unicamente en dúas oportunidades (3,1%; *rrog'* [144a]; *ren* [120b, 174b]) aparece en posición inicial (6,3% de todas as formas de /r/ nesta posición, mais que só supoñen 0,7% das ocorrencias). Ambas as formas están presentes en *A* a través da grafía canónica con <r>: *rog'* 11, *ren* 244 (en consecuencia, a opción con dígrafo inicial só supón un 8,3% e un 0,8%, respectivamente). Precisamente é a posición inicial a que está reservada, con valor de /r/, para a grafía <r> (93,7%; *razon* 32, *recado* 2, *reçeu* 1, *rey* 4, *ria* 1, *rogador* 2, *rogo* 11, *rubi* 1...).

Cómpre prestarlle atención a algún paradigma verbal por mor da variación que se produce entre <r> e <rr> (/r/-/r/)<sup>89</sup>. Isto é o que acontece na P1 do futuro de indicativo do verbo *querer*: en catro ocasións (33,3%) presenta <r> (*querei* [114b] e [115a], *querey* [116b], *querey* [85b])<sup>90</sup> e, en oito (66,7%), posúe <rr> (*querrei* [82b], *querrei* [115a, 143b, 147b, 147b, 184b], *querrey* [228b], *querrey* [229a]). Como se pode observar, a primeira das opcións concéntrase, con tres exemplos, no ciclo de Nuno Fernandez Torneol (que tamén coñece unha ocorrencia da variante *querrei*) e, cun, no de Johan Soarez Somesso; a segunda, pola contra, localízase, alén do exemplo xa comentado de Nuno Fernandez Torneol, nos ciclos de Vasco Fernandez Praga de Sandin (1), Roi Queimado (3), Johan Lopez de Ulhoa (1) e Anónimo III (2). Por cadernos a opción con <r> está presente no caderno I<sub>1</sub> e no III<sub>3</sub>, a variante <rr> atópase tamén no I e no III con cadansúa ocorrencia, no VI<sub>3</sub>, VIII<sub>1</sub> e XII<sub>2</sub>.

Continuamos cos fonemas líquidos e achegámonos nos seguintes parágrafos ós dous da serie lateral. Comezamos con /l/, para o que, a pesar de presentar en *A* dúas posibles realizacións gráficas, só unha delas, o grafema <l>, é verdadeiramente rendible: alcánzase o 97% das formas con este fone-

89. As cuestións morfolóxicas pódense consultar no artigo de M. López e E. Moscoso (recollido neste mesmo volume). Cf. tamén X. Varela Barreiro (1998).

90. En 114b *querei* rima con *chamarei*.

ma, porcentaxe que se eleva ata o 99,7% se nos fixamos nas ocorrencias. Son cinco as posicións nas que se rexistra:

(a) Explosiva inicial non agrupada (34,9% das formas): *lazerar* 1, *leal* 2, *ledo* 4, *leixa* 7, *leon* 1, *leuar* 16, *leuo* 5, *leyxou* 1, *lezer* 3, *loada* 1, *loar* 3, *logar* 18, *longa* 1, *longe* 4, *louco* 1, *lume* 10...

(b) Inicial agrupada como segundo elemento de grupo consonántico homosilábico na combinación <pl> (1% das formas). Só hai dous exemplos: *plazera* (215b) e *pleyto* (226a) (cadernos XI e XI<sup>a</sup> nos ciclos de Pai Gomez Charinho e Anónimo III, respectivamente). No primeiro caso trátase dunha forma completamente minoritaria (só no 0,5% das ocorrencias), pois <pr> é a escolla habitual; de fixármolos nas documentacións presentes só no caderno XI a opción con <l> supón o 6,7% e, de considerarmos só os exemplos situados no ciclo de Pai Gomez Charinho, fronte ó caso devandito hai tres con <r><sup>91</sup>. A situación con *pleyto* é distinta porque os exemplos con <r> explícito, sendo maioría, non o son nos extremos da anterior, pois só hai seis ocorrencias (*preito* 4, *preyto* 2); estas últimas, por cadernos, distribúense no I<sub>2</sub>, II, IX e XIII<sub>2</sub>, en ningún caso nin no caderno XI<sup>a</sup> nin no ciclo do Anónimo III.

(c) Intervocálica non agrupada (30,2% das formas): *ala* 3, *ali* 14, *alongado* 1, *aqueles* 2, *calo* 1, *eles* 23, *fala* 2, (F)*alan* 1, *falir* 2, *folia* 3, *ualen* 1, *ualia* 2...

(d) Implosiva medial (17,5% das formas): *alfaya* 1, *algo* 2, (A)*lgun* 1, *alma* 1, *culpa* 6, *delgado* 1, *fal* ' 1, *lealdade* 1, *lealmente* 1, *maldito* 1, *alue* 1...

(e) Implosiva final (16,4% das formas): *aque* 17, *atal* 41, *fol* 1, *leal* 2, *mal* 397, *mil* 9, *mortal* 2, *natural* 3, *prol* 17, *ol* 31, (T)*al* 1, *uil* 1...

Pola súa banda, <ll>, como alógrafo, tamén representa o valor /l/ nuns poucos exemplos (3,1% das formas e 0,3% das ocorrencias deste fonema). Sempre aparece en posición intervocálica e, aínda que son seis as formas (con cadansúa ocorrencia), realmente redúcense a tres lexemas diferentes: *a&quella* (222b), *a&quella* (145a); *ca tella* (217a); *falla* (79b)<sup>92</sup>, *fallar* (246b), *fallei* (98b). Por cadernos e ciclos de autores a súa distribución é a seguinte: I (Vasco Fernandez Praga de Sandin), II (Martin Soarez), VI (Roi Queimado), XI (Pai Gomez Charinho, Fernan Velho) e XIV (Vasco Rodriguez de Calvelo). *Ca tella* é forma única en todo o cancionero. A forma do deíctico feminino singular con <l> só se rexistra en *a&quela* (142a, caderno V)<sup>93</sup>; tamén

91. Temos en conta toda a familia léxica (con <r> minúsculo explícito).

92. Este exemplo xa o menciona M.<sup>a</sup> Ana Ramos (1994: 45) como caso de «<ll> para /l/».

93. No plural hai outras dúas formas con tres ocorrencias: *aque* (163a), *aque* (204b, 204b).



se rexistran as tres formas anteriores de <fal->: *fala* 2, *falar* 87 e *falei* 7 (tamén *faley* 1)<sup>94</sup>. Estas últimas distribúense ó longo de case todos os cadernos; só faltan de VII<sup>a</sup>, XI<sup>a</sup>, XII, XIII e XIV<sup>a</sup>. Naqueles cadernos nos que coexisten coas formas con <ll> con valor de /l/, a proporción que supón a escolla marcada fronte ó total de cada caderno é: I 7,1%, II 12,5%, VI 7,7%, XI 28,6% e XIV 20%.

O último dos fonemas líquidos é /k/ que, como /l/, admite dúas realizacións gráficas, mais é o grafema <ll>, co 93,1% das formas e o 99,4% das ocorrencias, o realmente produtivo<sup>95</sup>. Aínda que se localiza en tres posicións, destaca na intervocálica:

(a) Explosiva inicial (7,4% das formas), exclusivamente no clítico herdeiro do dativo latino da terceira persoa: *lle* 195, *lles* 39, *lli* 1, *lly* 1...

(b) Posconsonántica (1,2 %): só se localiza un exemplo: *nenllur* 1.

(c) Intervocálica (91,4%): *acon ell'* 1, *cõ ellar* 2, *cõello* 1, *con ellador* 5, *con ellos* 1, *e coller* 2, *e pello* 1, *fülla* 3, *füllara* 1, *füllo* 2, *malla e* 1, *marauillo* 5, *mellores* 1, *moller* 1, *null'* 8, *ollos* 74, *parella* 1, *emella* 6, *tallada* 2, *tollede* 1, *tolleito* 1, *uallades* 1, *uermella* 1...

Tal e como se indicou, o 6,9% das formas do fonema /k/ (0,6% das ocorrencias) presentan o alógrafo <l>. Xa R. Lorenzo advertiu (1987: 477) que «nos textos galegos medievais [...] é bastante corrente atopar *l* xunto a *ll*». Retomando as palabras anteriores, pero aplicándoas directamente á *scripta* de A, M.<sup>a</sup> Ana Ramos sinalou que «Todavía, ao lado da cantidade elevada de <ll> registam-se, de igual maneira, casos de <-l-> para /k/» (1994: 45) e fornece dous exemplos: *filei* e *alur*<sup>96</sup>. Pola nosa banda, identificamos en A catro formas (con sete ocorrencias), dúas en posición intervocálica (*alur* [209a], *filei* [99a, 99a, 99b]) e dúas en posición inicial (*le* [151a, 184a], *les* [145a]). Todas catro coñecen tamén a representación por medio do grafema: *allur* 4, *filei* 4 (tamén *filley* 2), ademais dos xa vistos *lle* 195 e *lles* 39.

Os exemplos precedentes localízanse nos cadernos e ciclos dos autores seguintes: II<sub>3</sub> (Martin Soarez), VI<sub>2</sub> (Roi Queimado, Vasco Gil), VIII (Johan Lopez de Ulhoa) e X (Johan Vasquiz de Talaveira). Obsérvese que, de compararmos estes datos cos de <ll> con valor de /l/, cinco das sete ocorrencias anteriores (71,4%) comparten espazo (cadernos II e VI) e ciclos (Martin Soarez e Roi Queimado) o que, obviamente, non pode ser froito da casualidade.

94. Alén doutras oito formas —dezaseis ocorrencias— do paradigma de *falar* (todas grafadas con <l>).

95. M.<sup>a</sup> Ana Ramos (1994: 45) afirma que /k/ se transcribe «em maior número» a través de <ll>.

96. Ó abeiro do marco explicativo xa adiantado para as sibilantes (cf. *supra*), M.<sup>a</sup> Ana Ramos xustifica a variación gráfica anterior porque «em uma época de instabilidade gráfica é perfectamente possível acolher <l> para /k/ e <ll> para /l/ tal como acontece no Cancioneiro da Ajuda» (1994: 45).

Non convén abandonar o ámbito deste fonema líquido sen antes tomar en consideración a existencia dunha posible terceira opción gráfica, aínda que na instancia das anotacións marxinais e, polo tanto, fóra do noso campo de interese. Tanto H. Carter coma M.<sup>a</sup> Ana Ramos falan da presenza nunha das anotacións de *A* (na páxina 150b) do dígrafo <lh> con valor de /ʎ/<sup>97</sup>. Na súa lectura, aínda inédita, Mariña Arbor le «*q eu morrer filla?* (cortado)». Nós, pola nosa banda, á vista do facsímile, non podemos corroborar a opinión dos dous primeiros, pois comprobamos que nas anotacións marxinais de *A* non hai <lh>, nin no exemplo truncado nin nos outros casos de /ʎ/<sup>98</sup>. Por outra banda, consideramos relevante que ó realizar a corrección sobre o texto poético o amanuense escribiu claramente <ll>: *fillara* (150b).

Desenvolvemos a seguir o último dos bloques consonánticos deste ítem, o das nasais. Comezamos co fonema bilabial, /m/, que, tal e como se sinalou en cadros anteriores, coñece en *A* unha única representación gráfica ~~m~~ inúscula— a do grafema <m>. Deixamos fóra desta sección o dígrafo xeminado <MM> por ser sempre de realización plenamente maiúscula (capital + poscapital): *MMeu* (104b) e *MMeus* (222a).

As posicións nas que se atopa <m> son as seguintes:

(a) Explosiva inicial (55,4% das formas): *macar* 3, *maldito* 1, *mando* 1, *mar* 11, *matou* 1, *med'* 2, *mentes* 1, *mentre* 8, *meta* 1, *meu* 1, *mil* 9, *moller* 31, *morei* 1, *morreria* 2, *morria* 6, *mo trar* 4, *müid'* 10, *muita* 1, *muyt'* 8...

(b) Intervocálica (38,3%): *amador* 1, *amaua* 1, *amig'* 7, *amou* 5, *chamada* 1, *começey* 1, *cou imento* 2, *demo* 4, *ementar* 1, *fremo* ' 2, *iamais* 2, *lume* 10, *primeira&mente* 1, *emellan* 1, *tema* 1, *temudo* 1, *trameter* 1, *trem'* 2...

(c) Posconsonántica (6,3%): *alma* 1, *de mentido* 1, *de me ura* 1, *dormen* 1, *dormia* 1, *lealmente* 1, *o m'* 1, *tormenta* 1, *uermella* 1...

O segundo dos fonemas nasais, /n/, amosa unha quintupla posibilidade de representación gráfica. No cadro que segue obsérvase a distribución conxunta a posición na que se sitúa cada unha das variantes gráficas:

97. O primeiro escribe, como comentario do verso “[P]ois que eu morrer fillara”, -faded; in right margin: *q̄ eu morrer fillara* (1941: 87, n. 1); a segunda defende que -os dígrafos <lh-> e <nh-> están ausentes do manuscrito, se exceptuarmos uma correção marginal, contemporânea da cópia, em que o revisor usa <lhe-> [sic] em *filhara* (*A* 143) (1994: 45).

98. *tolle* (98a), *uallades* (99b), *en/lle* (103b), *que/lle* (115b, 127b), *toller* (130a), *mellor* (161b).

—Cadro 29—<sup>99</sup>

%	/n/					/ɲ/
	EI	P	IF	IM	I	I
<n>	9/100 {25/100}	2/100 {0/100} <sup>100</sup>	26/69 {51/86}	59/81 {22/87}	3/92 {2/98}	1/9 {0/2} <sup>101</sup>
<>			43/21 {79/13}	57/15 {21/8}		
<n>			4/0 {0/0} <sup>102</sup>		4/4 {0/1}	92/22 {100/38}
<m>			56/10 {33/1}	44/4 {67/5}		
<nn>					2/4 {0/1} <sup>103</sup>	98/59 {100/59}
<ñ>						100/5 {100/1}
<(-)y>						100/5 {100/0}

[EI: Explosiva inicial; P: Posconsonántica; IF: Implosiva final; IM: Implosiva medial; I: Intervocálica]

Dos cinco contextos en que aparece /n/, só unha grafía, o grafema <n>, está en todos. E non só iso, senón que ademais é a opción maioritaria en todos eles: alcanza o cen por cen na posición explosiva inicial e mais na posconsonántica; supera o noventa por cento en posición intervocálica, e nas posicións implosiva medial ou final oscila entre o 81% e o 69%, respectivamente. Estas porcentaxes soben aínda máis se manexamos as ocorrencias e non o número de formas. Os alógrafos localízanse, como moito, en dúas posicións, que en ningún caso son a explosiva inicial e a posconsonántica. Tampouco hai ningún contexto que conte coas cinco posibilidades gráficas; neste sentido é a posición implosiva final a que concentra un maior número de opcións gráficas, con catro. A continuación achegámonos ós distintos exemplos tendo en conta estas dúas variables básicas: a grafía e o contexto.

99. Incorporamos tamén, por complementariedade e por facilitar o contraste, o fonema /ɲ/.

100. Son quince ocorrencias.

101. En total suman vinte e unha ocorrencias.

102. Tanto esta posición coma a intervocálica posúen cadanseu exemplo.

103. Rexístrase un caso.

Comezamos co grafema, <n>, que, como xa se sinalou, é o que máis ampla combinatoria posúe (transcendendo incluso os lindeiros do propio fonema /n/):

(a) Explosiva inicial: *na* 3, *nad'* 1, *natural* 3, *nega* 3, *nego* 2, *nos* 1, *no-gueyra* 2, *noite* 1, *nulla* 55...

(b) Posconsonántica, presente só en dous lexemas, pero sobre todo con *tornar*: *torne* 1, *tornaua* 1, *tornar* 3, *tornad'* 1, *torn'* 2, *gouernar* 1, *tornou* 1...

(c) Implosiva final: *alguen* 30, *aueran* 1, *ca aren* 3, *cuidan* 2, *dan* 2, *don* 7, *eran* 1, *e tan* 4, *fin* 1, *mataran* 1, *morreron* 1, *ouueron* 3, *preguntaran* 1, *perdon* 24, *queren* 11, *aberen* 5, *ouberen* 1, *ten* 80, *uan* 4, *uen* 54, *uiren* 4, *un* 20...

(d) Implosiva medial: *acon ell'* 1, *afon o* 4, *ainda* 5, *and'* 11, *antre* 1, *atende* 1, *auenturar* 1, *bondade* 1, *cantiga* 1, *chorand'* 1, *confonda* 3, *con entir* 3, *cuidando* 5, *demande* 2, *ementar* 1, *endeante* 1, *enquanto* 2, *entanto* 4, *entenda* 5, *entendera* 1, *entrar* 2, *fazenda* 11, *gente* 1, *longa* 1, *mandar* 1, *mentir* 6, *mund'* 16, *nenbra* 5, *nunc'* 8, *prendi* 2, *pen o* 2, *preguntan* 1, *prendo* 2, *quanta* 3, *anta* 2, *tanta* 1, *ueendo* 2, *uentura* 13...

(e) Intervocálica<sup>104</sup>: *dano* 2, *dona* 97, *enganou* 1, *ioana* 4, *leonor* 2, *penado* 1, *penar* 2, *enõ* 3...

Pola súa banda, <̃> é exclusivo de posición implosiva:

(a) Implosiva final: *affã* 1, *algũ* 5, *bõ* 3, *bu cã* 1, *cõ* 27, *de eiã* 1, *dormirõ* 1, *ẽ* 3, *entõ* 2, *fezerõ* 2, *grã* 8, *mĩ* 81, *nẽ* 43, *perdõ* 1, *poderõ* 1, *quã* 2, *quẽ* 13, *abẽ* 1, *tã* 8, *uẽ* 1, *uirõ* 1, *uiuerẽ* 1...

(b) Implosiva non final: *ãdar* 1, *alõgar* 1, *atẽder* 1, *cãtiga* 1, *cõ ell'* 1, *cõ entir* 1, *cõtra* 1, *de eiãdo* 2, *emẽtar* 1, *enquãt'* 1, *entẽder* 7, *leuãtey* 1, *mãdar* 1, *mẽtir* 1, *mũdo* 25, *nũc'* 1, *prẽda* 1, *quãdo* 4, *quãto* 9, *ẽpre* 2, *tãto* 1, *uiuẽdo* 1...

Idénticos contextos posicionais son os que acollen a aparición de <m>:

(a) Implosiva final: *andam* 1, *auiam* 1, *bem* 1, *chorauam* 1, *diram* 2, *em* 2, *mim* 3, *neum* 2, *podiam* 1, *porem* 1, *quam* 3, *quem* 11, *rem* 3, *ueiam* 1, *yam* 1...

(b) Implosiva non final: *ambos* 2, *amparar* 5, *cambiar* 1, *comprida* 1, *de ampar* 1, *emperador* 2, *nembra* 1, *empr'* 24, *tempo* 4...

Finalmente, as últimas dúas opcións alográficas, <ñ> e <nn>, son totalmente excepciónais: aquela só se rexistra en dúas ocasións, nun caso en posición intervocálica (*engãnar* [90a]) e no outro en posición implosiva final

104. Algúns destes exemplos foron interpretados en termos de interferencia castelá: *amenas* 2, *arenas* 4 (cf. M.<sup>a</sup> Ana Ramos 1994: 46).

(*quên* [139a]). Este último exemplo localízase nun verso parcialmente modificado, con notación na marxe esquerda (en palabras de Carter: «in left margin: *o ame come mj* 1941: 72, n. 4) e, como se aprecia nidiamente, co til moito máis difuso en intensidade de tinta que o <e> ou o <n>. En xeral é esta unha páxina con bastantes borrachos e correccións; ademais, catro versos antes hai un exemplo estruturalmente idéntico (*quen* + clítico P3 CDIR) pero botando man do sinal de abreviatura xeral con valor de <ue>: *quen*. O outro alógrafo, <n>, unicamente aparece con valor de /n/ nun exemplo, en posición intervocálica (*ennon* [240b]).

Nos parágrafos que seguen expoñemos máis en detalle o que ocorre na posición imploriva.

A análise das formas en <-m> amosa que dezaseis delas son verbos (55,2%); a vogal que precede é *a* en doce exemplos (41,4%), *e* en catorce (48,3%), *u* en dous (6,9%) e *i* nun só caso (3,4%). Na súa combinatoria coa primeira letra da palabra posterior obsérvase a seguinte distribución:

(a) En catorce ocorrencias os exemplos de <-m> atópanse en posición de rima (26,9%): en tres casos con rima imperfecta en vogal (*a*, *i*) ou en vogal e consoante (-*er*); en oito ocasións riman con palabras acabadas en <-n> (sete -*en* e unha -*in*) e en tres oportunidades riman entre si, con formas acabadas en -*em* (2) e -*im* (1).

(b) Alén de dous exemplos nos que a grafía que segue é a nota tironiana, as formas en <-m> antepóñense a unha vogal en dez ocasións (19,2%): *a* (4), *e* (4), *o* (1) e *u* (1).

(c) Por último, en vinte e seis exemplos a palabra seguinte comeza por consoante (50%). Nesta oportunidade o peso específico do carácter labial da consoante é innegable: *m* (26,9%), *p* (26,9%), *qu* (11,5%), *d* (7,7%) e, con cadanseu exemplo, *b*, *c*, *f*, *g*, *i*, *l*, *n*.

Se nos aproximamos agora ás formas con <^> observamos que, polo que se refire á vogal á que se asocia o til, é *e* en dezanove oportunidades (32,2%), *o* en dezaoto (30,5%; lembremos que esta vogal non se documenta co alógrafo <-m>), *a* en dezasete (28,8%), *u* en catro (6,8%) e, novamente, só nun caso é *i*. Entre todas as súas formas hai trinta e catro (57,6%) de carácter verbal (cifra só un pouco máis elevada cá vista para o alógrafo anterior). Comprobamos agora cal é o reparto segundo a grafía con que se inicia a palabra que vén despois deste alógrafo nasal:

(a) Setenta e nove ocorrencias de <^> ocupan a posición de rima (10,7%). Esta porcentaxe queda moi lonxe da que amosa o alógrafo precedente.

(b) Nun caso a grafía que segue é a nota tironiana *e*, en cento nove, <^> precede a unha vogal (14,8%): *a* (45%), *e* (42,2%), *o* (11,9%) e *i* (0,9%). Nesta oportunidade compróbase que os datos entrambos os alógrafos non están tan afastados.

(c) Finalmente, en cincocentos corenta e oito exemplos a palabra seguinte comeza por consoante (74,4%). A distribución de maior a menor presenza é: *m* (18,1%), *p* (16,1%), *u* (12,8%), *n* (11,1%), *qu* (10,6%), *d* (8,4%), *f* (5,1%), *l* (4,4%), *c* (4%), *n* (2,6%), *g* (2,2%), *t* (1,8%), *b* (1,3%), *i* (0,9%), *r* (0,5%), *b* (1 exemplo). Á vista destas proporcións, as que presentan <-m> cobran unha inequívoca relevancia: en case as tres quintas partes dos exemplos de <-m>, cando vai seguido de palabra que comeza por consoante, esta consoante é <m> ou <p> (con ambas as dúas <^> atópase a algo máis de vinte puntos de distancia); chama tamén a atención que, a pesar da cantidade nada desprezable de exemplos coa consoante <u-> ou <->, en ningún destes casos a opción alográfica empregada fose <-m>.

Para que o deseño do cadro se complete, cómpre revisarmos a distribución do grafema <-n> sobre o manto dos exemplos. As vogais que preceden a consoante nasal son *e* (37,8%), *a* (34,2%), *o* (19,7%), *u* (3,6%) e *i* (2,6%)<sup>105</sup>; ós anteriores hai que engadir dous exemplos de abreviación da vogal *a* e outros dous de *e*. O 56% das formas pertencen a paradigmas verbais (mantense a proporción observada para os dous alógrafos e sitúase nunha posición intermedia). O reparto segundo a grafía que vai tras da nasal implosiva é o seguinte:

(a) Algo máis de mil cen ocorrencias de <-n> ocupan a posición de rima (22,5%).

(b) En seiscentos cincuenta e nove anteponse a unha vogal (13,4%): *a* (36,7%), *e* (31,6%), *o* (28,8%), *u* (1,5%) e *y* (1,4%)<sup>106</sup>; ademais, en 18 oportunidades vai seguida da nota tironiana.

(c) Finalmente, case en tres mil cento cincuenta exemplos a palabra seguinte comeza por consoante (63,8%). A distribución de maior a menor presenza é: *m* (14,1%), *p* (13,2%), *qu* (12,5%), *n* (10,5%), *d* (9%), *c* (8,6%), *u* (8,4%), *b* (5%), *g* (4%), *t* (3,9%), *f* (3,5%), *n* (3,2%), *l* (2,6%), *r* (0,8%), *i* (0,4%), *x* (2 exemplos) e *b* (1). Sendo novamente maioritarias as consoantes labiais, diminúe progresivamente a súa vantaxe fronte ás outras consoantes; confírmase novamente a importante presenza de consoantes como <-> ou <u->, ausentes co alógrafo <-m>.

De facermos o seguimento das tres opcións gráficas por cadernos descubrimos que: (i) <m> e <^> son as únicas que están ausentes nalgúns cader-

105. *Linnagen* (4, todos en 95a) e *omen* (4: 97b, 164a, 245a, 247a) coñecen en *A* a competencia das variantes sen nasal final, minoritaria no caso de *linnage* (2: 241b, 241b), maioritaria no caso de *ome* (75) ou *om'* (21).

106. Paga a pena que resaltemos que neste contexto a vogal /i/ está representada sempre por <y>, mentres que no caso de <-> só se rexistra a grafía <i>. Estamos, pois, ante un caso de perfecta complementariedade contextual.

nos, mais en distinta medida: a primeira falta en VIII, XII, XIII, XIV e XIV<sup>a</sup>, a segunda só está ausente de XIV<sup>a</sup>; (ii) <n>, o grafema, é sempre maioritario en todos eles, mais non sempre en idéntica porcentaxe (en todo caso nunca baixa das tres cuartas partes dos exemplos); (iii) o alógrafo con til riba da vogal, que sempre é a segunda opción nos dezaseis cadernos nos que se documenta, varía a proporción con que aparece: sitúase ó redor da cuarta parte nos tres primeiros cadernos, oscila entre o once e o dezaseis por cento nos cadernos IV, VII, VIII e XII, atópase entre o cinco e o nove por cento nos cadernos V, VI, VII<sup>a</sup>, IX, X, XI e é inferior ó cinco por cento nos cadernos XI<sup>a</sup>, XIII e XIV; (iv) pola súa banda, <m> alcanza a máxima representación en dous cadernos, X e XI<sup>a</sup>, cunha porcentaxe na órbita do 3%, en seis sitúase na franxa do 1% (I, IV, VI, VII<sup>a</sup>, IX e XI) e é inferior a ela nos cadernos II, III, V e VII (cf. cadro 30).

€ adro 30—

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII <sup>a</sup>	VIII	IX	X	XI	XI <sup>a</sup>	XII	XIII	XIV	XIV <sup>a</sup>
<n>	74,3	74,8	74,4	87	90	91,1	83,2	91,5	87,5	89,2	91,1	92,2	92,3	86,3	97,1	99,6	100 <sub>11</sub>
<>	24,7	24,3	25,2	11,9	9,4	7,7	16,4	7,4	12,5	9,7	5,8	6,8	4,6	13,7	2,9	0,4	
<m>	1	0,9	0,4	1,1	0,6	1,2	0,4	1,1		1,1	3,1	1	3,1				

Cómpre sinalar tamén que <m> se concentra, por veces, nalgunha páxina en especial: así son seis os exemplos que hai en 205a, de Johan Garcia de Guilhade (autor que, en total, posúe no seu ciclo dez exemplos), catro en 148b (Roi Queimado), ou tres en 122a (Pero Garcia Buralês).

Polo que se refire ás formas léxicas específicas, só once delas amosan a tripla posibilidade (alo)gráfica<sup>107</sup>: *ben* (96,6% - 3,3% - 0,1%), *diran* (40% - 20% - 40%), *en* (99% - 0,6% - 0,4%), *min* (58,8% - 39,7% - 1,5%), *neun* (62,5% - 12,5% - 25%), *poren* (90,9% - 8% - 1,1%), *quan* (61,5% - 15,4% - 23,1%), *quen* (83,3% - 8,6% - 8,1%), *querrian* (33,3% - 33,3% - 33,3%), *ren* (97,2% - 1,6% - 1,2%) e *en* (98,5% - 1% - 0,5%). En case a metade delas a proporción con que <n> prevalece é moi acusada (maior do noventa por cento), en catro ocasións oscila entre o 58 e o 83% e unicamente en dúas oportunidades se sitúa por baixo do cincuenta por cento (*diran* e *querrian*, precisamente as formas, de todas elas, que contan con menos exemplos).

Só hai seis formas que se rexistran exclusivamente con <m>. Pertencen todas a paradigmas verbais e só contan cunha ocorrencia: *auiam* (161b), *chorauam* (192b), *creeram* (118a), *detem* (204a), *podiam* (161b), *yam*

107. As proporcións son, respectivamente, de <n>, <> e <m>.

(170a). Hai sete parellas coa vacilación <n>/<m>: en catro hai maioría da primeira (*niun, poderan, ueen, ueian*), en dúas parellas ambas presentan cadanseu exemplo (*andam, pregunten/pregütem*) e só nun caso a maioría (dúas ocorrencias fronte a unha) vén representada por <m> (*choram*).

Son trinta e sete as parellas que amosan a vacilación <n>/<̃>: en trinta delas <n> é a forma maioritaria (*aff̃an, bon, con, corazón, de eian, enton, fazen, gran, poden, aben, azon, ten, uen...*), en seis formas ambas as grafías rexistran cadansúa ocorrencia (*bu can, dormiran, foren, perderon, ouberen, uiueren*) e só nun caso (*fezerõ*) a opción co alógrafo supera a do grafema (dúas ocorrencias fronte a unha). Hai dez exemplos que, todos formas verbais e cunha única ocorrencia, só contan coa representación do alógrafo <̃>: *a&frontarã, deuuã, dormirõ, di erõ, forũ, fo è, punnã, poderẽ, ouberõ*. No resto de formas (case cento trinta) <n> é a única escolla gráfica presente en *A*.

A outra posición que merece unha atención específica é a implosiva non final. O alógrafo <̃> vai precedido das seguintes vogais: *a* (29,3%), *e* (37,8%), *i* (2,4%), *o* (18,3%), *u* (12,2%). As consoantes que se atopan detrás do alógrafo nasal son: *t* (37,5%), *d* (27,5%), *p* (8,75%), *g* (8,75%), *b* (5%), *g* (5%), *u* (5%), *c* (2,5%). Cando o alógrafo é <m> as vogais que o anteceden son: *a* (56,5%), *e* (39,1%) e *o* (4,4%). As únicas consoantes que o seguen son as tres seguintes: *p* (82,6%), *b* (13,1%) e *d* (este último só no exemplo *porrem&de* 207a, que, como se pode observar, aparece grafado cun espazo entre as dúas consoantes).

As distintas vogais que preceden o grafema nasal (<n>) distribúense, alén dun 2,5% con formas vocálicas abreviadas, do xeito seguinte: *a* (28,1%), *e* (47,3%), *o* (14%), *u* (5,2%), *i* <*i*, *y*> (2,9%). Para a confrontación cos datos dos alógrafos nasais nesta posición resulta máis produtivo observar cal é a consoante que vén despois da nasal. Ordenadas de maior a menor presenza, os datos que reflicte *A* son: *d* (37,5%), *t* (31,3%), *g* (7,9%), *p* (5,2%), *g* (4,7%), *u* (3,2%), *c* (2,9%), *qu* (2,2%), *ç* (2%), *b* (1,6%), *f* (0,9%), *x* (0,4%) e *l* (0,2%). O paralelismo que seguen o primeiro dos alógrafos (<̃>) e o grafema (<n>) é evidente, do mesmo xeito que tamén se aprecian nididamente as liñas mestras que rexen a elección do segundo dos alógrafos, <m>: queda reservado ó contexto —e é ‘esixido’ por el— das consoantes <p> e <b> (sobre todo a primeira). A distribución das tres opcións gráficas ó longo dos cadernos é a seguinte:

↪ *adro 31*—

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII <sup>a</sup>	VIII	IX	X	XI	XI <sup>a</sup>	XII	XIII	XIV	XIV <sup>a</sup>
<n>	77,4	83,5	81	92,5	95,5	96,5	80,9	90,6	83,2	86,5	87,2	82,7	84,2	83,3	89,7	90,9	100 <sub>15</sub>
<̃>	18,9	11	18,1	4,5	4	2	17,7	9,4	13,9	7,9	2,7	4,5	10,5	9	6,5	9,1	
<m>	3,7	5,5	0,9	3	0,5	1,5	1,4		2,9	5,6	10,1	12,8	5,3	7,7	3,7		



Certamente, <n> é amplamente maioritaria en todos os cadernos de *A*, mesmo nalgún deles, o XIV<sup>a</sup><sup>108</sup>, é a única forma que se rexistra. Mais non o é sempre na mesma proporción: mentres nalgúns casos (V e VI por exemplo) excede do 95%, noutros queda ó redor do 80% (I, VII, XI, III...). De xeito inversamente proporcional <^>, que é practicamente sempre a segunda máis empregada e que só está ausente de XIV<sup>a</sup>, chega a estar moi próximo da quinta parte dos exemplos en I, III e VII, mais na maioría dos casos oscila entre o 5% e o 10%<sup>109</sup>. Pola súa banda, <m>, que non se rexistra en VII<sup>a</sup>, XIV e XIV<sup>a</sup>, posúe case sempre porcentaxes inferiores ó 5% (o que a sitúa claramente como terceira escolla), excepto nos cadernos X e XI nos cales é, tamén nidamente, a segunda opción gráfica nasal nesta posición.

Fronte ó sinalado no penúltimo parágrafo, hai unha serie de exemplos que non seguen a regra anterior, isto é, que amosan <^> ou <n> diante de <p> ou <b>. A primeira das opcións, marcadamente precedida da vogal *e* (84,2%), concéntrase en catro lexemas, tres diante de <p> (*côpoer* 1, *de âparado* 1, *de âparar* 1, *êpre* 2, *êpre* 2, *êpr'* 6) e un diante de <b> (*nêbrades* 1, *nêbrar* 3, *nêbrardes* 1, *nêbra e* 1). De as compararmos coas respectivas formas en <m> observamos que, mentres en dúas ocasións é maioritaria a grafía <m> (*de ampar-* con dez ocorrencias e *empre* con setenta), nas outras dúas acontece xustamente o contrario (*côpoer* non coñece a grafía con <m> e— tampouco con <n>;— do cuarto só hai unha ocorrencia con <m>: *nembra* [245b]).

As dislocacións gráficas con <n>, tamén notoriamente acaroadas á vogal *e* co 95,3% (e por veces de natureza prefixal), céntranse ó redor de oito lexemas, sempre diante de <p>: *conprida* 1; *de anparou* 1, *de enparad'* 2; *enpero* 1; *enpen ado* 1; *enpeorar* 1; *enprender* 1; *enpr'* 44, *enpre* 50; *temp'* 4, *tempo* 2... Dos lexemas anteriores só catro presentan as correspondentes formas con <m>; alén das xa mencionadas *de ampar-* (10) e *empre* (70), documéntanse *comprida* 1 e *tempo* 8.

Para concluímos esta breve aproximación abordamos a distribución por cadernos destes exemplos de <^> ou <n> diante de <p> ou <b> (cf. cadro 32). Os tres cadernos unifolios son os únicos nos cales ou só se coñecen formas con <m> (VII<sup>a</sup>), con <^>/<n> (XIV<sup>a</sup>) ou están repartidas por igual (XI<sup>a</sup>). Só catro deles amosan preferencia pola grafía <m> (IX, XI, XII, XIV); son

108. Non esquezamos que tanto este caderno coma VII<sup>a</sup> e XI<sup>a</sup> están constituídos por un só folio.  
109. Ó non podermos descender na presente achega ó estudo polo miúdo de toda a casuística gráfica de *A*, poden escapar datos relevantes para a interpretación: neste sentido cumpriría observar cales son as formas léxicas con nasal en cada un dos cadernos, do mesmo xeito que nalgún deles poida que non todos os folios presenten idénticos resultados (por exemplo, todos os casos agás un de <^> en XIII están concentrados na páxina 235).

maioría os que se inclinan por calquera das outras dúas grafías de nasais, ben na franxa do 55 ó 80% (I, II, IV, VII, VIII, XIII), ben na do 82% en diante (III, V, VI, X).

↪ *adro 32* ↪

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII <sup>a</sup>	VIII	IX	X	XI	XI <sup>a</sup>	XII	XIII	XIV	XIV <sup>a</sup>
<n>/ <ɲ>	66,7	55,6	90,9	72,7	92,3	85,7	77,8		70,6	28,6	82,6	29,2	50	24	78,9	33,3	100,
<m>	33,3	44,4	9,1	27,3	7,7	14,3	22,2	100,	29,4	71,4	17,4	70,8	50	76	21,1	66,7	

Chegamos á fin do noso percorrido e facémolo desenvolvendo as grafías correspondentes ó fonema nasal palatal /ɲ/. Ó longo do traballo, pero sobre todo no cadro vinte e nove, indicáronse as catro (ou cinco) posibles grafías con este valor: <nn>, <~n>, <n>, <ñ> (para <~y> cf. § 2.1.1). Sinalouse tamén a distinta proporción con que aparecen e a súa limitación a un único contexto, o intervocálico.

Comezamos polo grafema, <nn>, que amosa unha rendibilidade que o sitúa no 58,1% das formas (59% das ocorrencias). Daquela, *A* amosa neste punto aberta discrepancia co estado xeral das grafías galegas medievais, posto que, segundo R. Lorenzo, «nos textos galegos medievais se usa moito máis *n* ca *ñ* (raramente *nn*) para /ñ/» (1987: 477). De <nn> con valor de /ɲ/ en *A* di M.<sup>a</sup> Ana Ramos que «aparece com regularidade» (1994: 45). A especialización de <nn> na representación do valor palatal é, en realidade, moi marcada, pois só se rexistra un único exemplo con outro valor ( *ennon* [240b]).

O medio cento de formas distintas de <nn> repártense entre dezaoito lexeiras, oito dos cales só coñecen a representación a través do grafema (e non dos alógrafos). A desproporción entre o número de formas e o de ocorrencias débese, basicamente, á enorme rendibilidade de *ennor*/ *ēnor*/ *eñor*/ *enor*. Sumadas as distintas variantes, pasa das setecentas sesenta ocorrencias (55,3% / 40,4% / 2,5% / 1,8%, respectivamente). A seguir reproducéase unha escolma de exemplos: *adeuinnar* 1, *a annar* 4, *connoer* 3, *connoç* 1, *deuinnar* 1, *e panna* 2, *gaanney* 1, *linnage* 2, *linnagen* 4, *mannas* 1, *me quinn* 1, *minnas* 1, *ponna* 1, *punn* 4, *punna* 1, *punnar* 2, *punnarei* 1, *(P)unnei* 1, *punno* 2, *anna* 1, *annudo* 1, *enner* 1, *SEnnor* 18, *ennor* 383, *tamanna* 6, *tenn* 15, *tenna* 3, *tenno* 11, *uenn* 5, *uenna* 9, *uergonna* 1...

Xa M.<sup>a</sup> Ana Ramos constatou que na representación de /ɲ/ en *A* tamén interveñen «<~n>, <ñ> e <n> e que o til pode ser por veces, apenas un punto tal como um sinal de abreviatura» (1994: 45). Dende a perspectiva paleográfica e despois de revisarmos todos os exemplos cómpre concluír que realmente o comportamento prototípico é que o til (que, en efecto, por veces só é un punto) se sitúe riba da vogal anterior: o trazo do til comeza ine-

quivocamente riba da vogal, continúa por riba do espazo entre a vogal e o <n> (por veces pódese iniciar mesmo neste punto) e pode chegar a abranger tamén parte da propia consoante. Esta é a causa de que sexa <˘n> o alógrafo non ocasional fronte a <ñ>.

Entre os poucos exemplos en que o til comeza a súa representación inequivocamente riba da propia consoante, <n>, coa posibilidade de que se interpretase realmente como <ñ> mellor ca como <˘n>, están: *coñoçer* (79a), *deuiñalo* (193a), *teñades* (227a), *eñor* (209b, 226a, 226b, 227b, 227b, 228a, 228a, 228a, 228b, 228b, 229a, 229a, 229b, 230a, 233b, 245b), *(S)eñor* (113a) e *(S)eñor* (232b, 233b). Nalgúns dos exemplos precedentes puido influír no xeito de execución do til (o lugar de inicio) o feito de que nas proximidades da vogal que precede o <ñ> haxa algún astil inferior de grafías situadas na liña superior. Isto actuaría como condicionante que favorecería un desprazamento do til cara á dereita para evitar a colisión: *deuiñalo* (193a), *eñor* (209b, 228a, 228b).

O alógrafo <˘n> presenta as dezanove formas que posúe en dez lexemas (todos excepto un, *pēnor* (85b), tamén vehiculados por <nn>): *adeuñnar* 1, *auergōnar* 1, *cōnoçer* 1, *deuñnar* 1, *mīna* 1, *pēnor* 1, *pūnar* 1, *ēnor* 305, *Sēnor* 2, *tamāna* 1, *tēna* 1, *tēno* 2, *uēno* 1...

As sete formas con <n> distribúense entre cinco lexemas, todos eles con representación maioritaria <nn> (todos menos un coñecen tamén a representación a través de <˘n>): *adeuñnar* 1, *conoçer* 1, *deñuñnar* 1, *gaano* 1, *punara* 1, *punei* 1, *enor* 14.

Lembremos que tamén é posible que entre as grafías para vehicular a nasal palatal se atope <˘y> (cf. § 2.1.1). Os catro exemplos presentes en *A*, ligados biunivocamente ó mesmo lexema, son: *e trāyaria* (144a), *e trāyar* (144a), *trāya e* (193b), e *trāyara* (246b).

A última comprobación que realizamos é a da distribución por cadernos das cinco opcións gráficas consideradas. Se en anteriores ocasións se demostrou a súa pertinencia, nesta oportunidade permite ver nidiamente un comportamento diverxente na escolla gráfica para representar a nasal palatal:

← adro 33—

%	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII <sup>a</sup>	VIII	IX	X	XI	XI <sup>a</sup>	XII	XIII	XIV	XIV <sup>a</sup>
<nn>	42,2	43,9	61	43,8	60,4	67,3	69,7	50 <sub>1</sub>	64,4	60	66	66,7	55,6	35,4	100 <sub>24</sub>	94,3	100 <sub>4</sub>
<n>	55,6	55,3	34,2	51,6	38,5	27,7	30,3	50 <sub>1</sub>	32,2	30	30,2	29,8	33,3	25			
<ñ>	1,1		2,4							2,5	1,9		11,1	31,3		2,85	
<n>	1,1	0,8	2,4	4,6	1,1	3			3,4	5	1,9	3,5		8,3			
<˘y>							2				2,5						2,85

Obsérvase, en primeiro lugar, que <nn> é a única grafía omnipresente de principio a fin. Convén distinguir, iso sí, unha cuádrupla tipoloxía no seu comportamento: en tres cadernos, XIII, XIV e XIV<sup>a</sup>, é practicamente a única forma existente; nos cadernos III, V, VI, VII, VIII, IX, X, XI e XI<sup>a</sup> é a escolla maioritaria cunha marxe que oscila entre o 55 e o 70%; en tres cadernos, I, II e IV, <nn> ocupa, cun 42/43%, o segundo lugar na preferencia como grafía desta nasal por detrás de <n>; finalmente, ademais de VII<sup>a</sup> cunha ocorrencia de <nn> e outra de <n>, no caderno XII é a opción que máis veces se documenta (35,4%) pero a moi pouca distancia da segunda, <n̄>. De xeito complementario, xa que logo, <n̄> é a forma maioritaria nos cadernos I, II e IV, con porcentaxes que van do 51 ó 55%. No resto de cadernos, fóra dos tres últimos (e da igualdade en VII<sup>a</sup>), a súa presenza oscila nunha franxa que vai do 25 ó 44%. É importante sinalar que neses tres últimos cadernos só se rexistra un caso de <n̄>, *eñor* (245b), que ademais presenta unha tipoloxía estraña do til no noso cancionero porque parte de riba do astil da dereita da consoante nasal, prolóngase por entre as dúas grafías e finaliza riba do corpo do <o> seguinte (cf. *supra*). En xeral, pódese apuntar de <n̄> que se localiza no treito final de *A* concentrándose, especialmente, no caderno XII. Os casos de <n>, sendo poucos, están espallados por múltiples cadernos (once), con moi poucas ocorrencias en cada un (o máximo que alcanzan está no XII con catro, dous cadernos posúen cadanseus tres exemplos, mais o normal é que contén só cunha documentación en cinco cadernos— ou dúas tres cadernos—). Non sorprende, pola súa pouca extensión, que non haxa casos de <n> en VII<sup>a</sup>, XI<sup>a</sup> e XIV<sup>a</sup>, mais cómpre salientar que tampouco hai ningún nos cadernos VII, XIII e XIV<sup>110</sup>. <~y> confirma o seu carácter residual pois en ningún dos tres cadernos en que se detecta alcanza o 3% de representatividade.

### 3. AS MAIÚSCULAS

Este é un dos aspectos gráficos para os que dispoñemos de bibliografía específica. En Varela Barreiro (2005) preséntase o alfabeto maiúsculo de *A* e explícanse os usos sistemáticos e asistemáticos destas unidades alográficas. Por tal motivo eludimos volver sobre eles e remitimos a ese traballo. Aquí presentamos as súas estatísticas, que constitúen información novidosa e, polo tanto, de valor. Así mesmo retomamos os usos de <I, J, Y> maiúsculos pa-

110. Lembremos que é tamén no caderno XIII onde se localiza o único exemplo de <nn> como /n/ (*ennon* [240b]; cf. *supra*).

ra facer algunha rectificación, xa que nese traballo, por distintos motivos, non están recollidos con exactitude.

En xeral podemos afirmar que son moi poucos os contextos nos que o uso das maiúsculas é copioso e— sistemático— en *A*. A meirande parte delas responde ó modelo do que Nina Catach denomina «majuscule de phrase» (*maiúscula de sintagma*) e só unhas poucas ó modelo da «majuscule de mot» (*maiúscula de palabra*) (1990: 50). Canto á súa definición, Varela Barreiro (2005) refírese a elas atinadamente como variacións sistemáticas de teor alográfico.

Polo contexto de uso, en *A* hai os dous grandes tipos de maiúscula mencionados: de sintagma e de palabra. As primeiras teñen valor demarcativo de unidade ou subunidade métrico-literaria (ciclo, cantiga, cobra, refrán ou finda) e aparecen na cabeza da palabra-pórtico da unidade respectiva. As da posición inicial denomínanse capitais (*Punnar* [156b]) e as que aparecen na segunda posición da palabra denominámolas poscapitais (*MQrarei* [107a]). As maiúsculas de palabra s— ó <R> presenta en *A* este uso— defíneas N. Catach (1990: 50) como «signe de mise en valeur et de classification grammaticale et sémantique des termes, et aussi signe d'expressivité, de révérence, etc.». No principio da palabra «cumpría función de demarcación de unidades lingüísticas (palabras) e de singularización e realce de voces relevantes do texto» (Varela Barreiro 2005: 285). No final da palabra

podía ter valor lingüístico-literario e valor codicográfico. Era recurso auxiliar e complementario dos outros dous que tiñan emprego regular: a posición na marxe dereita da columna  $\text{æ}$  plano codicolóxico— e o punto  $\text{æ}$  plano gráfico.— A funcionalidade lingüístico-literaria levábao a indicar fin de verso e a codicográfica a indicar fin de liña (Varela Barreiro 2005: 286).

O carácter inconcluso do labor do rubricador no cancioneiro abre nas maiúsculas capitais unha tripla realidade que nos parece pertinente reflectir na reprodución dos exemplos citados f— ixémolo ó longo de todo o traballo.— Hai: (i) capitais realizadas (bastante menos da metade do total), (ii) capitais non realizadas para as que se conserva a anotación do corrector  $\text{æ}$  copista— para o rubricador e (iii) capitais non realizadas e sen anotación para o rubricador. Usamos as parénteses para as do segundo tipo e as chaves para as do terceiro. Estes son algúns exemplos ilustrativos:

- (i) *U uus ueio* (142b).
- (ii) (*U*) *uus ueio* (142b).
- (iii) {*D*}*izer* (142a).

No cadro 34 resumimos con valores porcentuais a distribución en *A* de todas as ocorrencias de grafías maiúsculas:

—Cadro 34—

LETRA	FONEMA	OCORRENCIAS	DE SINTAGMA			DE PALABRA	
			Capital		Poscapital	Inicial	Final
			Realizada	Non Real.			
A	/a/	82	86,6	4,9	8,5		
E	/e, e/	480	45,6	36,1	18,3		
I	/i/	6	50	16,7	33,3		
	/ɜ/	2		100			
J	/i/	2			100		
	/ɜ/	5	40	60			
Y	/i/	1	100				
O	/o, o/	71	25,4	15,5	59,1		
U	/u/	12	58,3	16,7	25		
	/β-v/	10	90	10			
V	/u/	24			100		
B	/b/	9	44,4	55,6			
C	/k/	165	64,2	35,8			
C(h)	/tʃ/	8	87,5		12,5		
D	/d/	106	59,4	39,6	1		
F	/f/	4	50	50			
G	/g/	9	44,4	44,4	11,2		
L	/l/	6	16,7	50	33,3		
M	/m/	88	42	50	8		
N	/n/	91	61,5	38,5			
P	/p/	185	65,9	34,1			
Q	/k/	112	72,3	27,7			
R	/r, r/	36	2,8		27,8	16,6	52,8
S	/s/	116	62,9	37,1			
T	/t/	23	47,8	52,2			

A representación dos fonemas /i, ɜ/ en contexto capital e poscapital reviste moito interese polas claras diferenzas existentes entre maiúsculas e minúsculas no establecemento das regras de distribución das tres unidades gráficas susceptibles de levarena a cabo: <i, y, j>. Estas diferenzas pódense resumir, no esencial, dicindo que <j> é completamente marxinal no sistema das minúsculas, no que <i> só é concorrido significativamente e— moi contextualizadamente— por <y> (véxase cadro 14), pero goza dun estatus sólido e— mesmo dominante,— ó par de <i>, como unidade maiúscula.

Aínda que non nos deteremos aquí niso, tamén ten moito interese o contraste entre as parellas gráficas <i, j> / <u / v> polo grao de especialización

que presentan os segundos elementos dos pares (<j> e <v>), pois revela que naquela altura do século XIII (ou talvez de comezos do XIV) aínda non se deran pasos na especialización destas unidades sobre a base da distinción vogal / consoante pero si na súa incorporación ó alfabeto das minúsculas. Neste sentido, e moi sumariamente, pódese dicir que na parella palatal o alógrafo <j>, ampliando os usos da *scripta* latina, xa gozaba da dobre natureza, minúscula e maiúscula, en tanto que na parella velar aínda non se comezara a verificar tal mudanza, pois <V> tiña valor exclusivamente maiúsculo (véxase Mariño / Varela 2005).

Antes de abordar o plano glotográfico destas unidades é preciso aclarar o polo menos intentalo— a súa realidade pictográfica. O caso de <y> podemos deixalo de lado, pois a súa figura non é motivo de confusións con outras unidades gráficas da súa mesma contextualización<sup>111</sup>. Distinta é a situación á que nos enfronta a parella <i, j>. Son unidades que comparten a mesma clase de conmutación e que, ademais, presentan unha fisonomía pictórica moi semellante. Reúnen, pois, todos os ingredientes para seren foco de ambigüidade. Reducindo ó máximo a formulación, a pregunta á que hai que responder é esta: ¿Son <i> e <j> dúas letras distintas ou representan variantes de figura da mesma letra? Contestar a esta pregunta obrigaríanos a poñer pé nun terreo de debate no que nin a paleografía nin a escriptoloxía chegaron a unha conclusión: o do valor de diferencialidade que haxa que atribuírles a “i”, “i caudato”, “i longo”, “i baixo”, “i alto” ou “iota”. O único que podemos facer é constatar a realización pictográfica destas unidades en A e intentar tirar algunha conclusión a partir das regularidades observadas.

Para encarar este asunto cómpre distinguir entre dúas instancias escriturarias en A: a do(s) copista(s)-anotadore(s) e a do rubricador. Na primeira operan criterios de funcionalidade gráfica e na do rubricador incorpórase como factor esencial o criterio estético e ornamental. Das dúas, é a instancia do(s) copista(s)-anotador(es) a que se amosa máis relevante. Vexamos o tratamento que se lles dispensa nela a estas dúas unidades.

O(s) copista(s)-anotador(es) realizaron directamente estas unidades como maiúsculas ou proxectos de maiúsculas en dous contextos codicolóxicos: no poscapital dentro do corpo do texto poético e nas anotacións destinadas a indicarlle ó rubricador a letra que debía realizar como capital. Tanto nun como no outro contexto os casos de realización ou de indicación de maiúscula presentan, ó noso ver, sempre <J>:

111. A nivel puramente pictórico garda moita similitude con <x>, pero non forman parte da mesma clase de conmutación. Con todo, o punto diacrítico que presenta xeralmente <y> pode entenderse como unha maneira de resolver posibles confusións e, indirectamente, como proba da existencia destas.

(i) Texto: {D}lzen (212b), Djrei (149b), Fjz (145a), {M}ja (229a).

(ii) Anotacións: Ja [J] (88b, 99a), Ja [J] (110a), (Ja) [J] (246b, 248b), IR [J] (113a), IIr [J] (219b).

Non deixa de sorprendernos que na súa proposta de lectura das catro poscapitais H. Carter (1941) e M. Arbor nunha proposta inicial, posteriormente modificada— non as traten uniformemente, pois o signo gráfico empregado no manuscrito é o mesmo para todos: <J>. Tamén coinciden en atribuírlles carácter maiúsculo só a dous deles:

← adro 35—

M. ARBOR 1	H. CARTER	PÁXINA
{D}lzen	Dizen	212b
Djrei	Djrei	149b
Fjz	Fjz	145a
{M}ja	Mja	229a

Este cadro revela que en dous casos percibiron un <I> maiúsculo e nos outros dous un <j> minúsculo. Pero o certo é que o signo gráfico é, como dixemos, o mesmo nos catro casos<sup>112</sup>. De cara ó establecemento da lectura definitiva de *A* cómpre, pois, uniformizar solucións e tomar unha dobre decisión: por unha banda, decidir se son maiúsculas ou minúsculas e, por outra, se a figura é de <i-I> ou de <j-J>. Non nos cabe dúbida de que son maiúsculas, por ser nidia a diferenza de figura destes catro casos en relación cos máis de 30 casos de poscapital de realización inequivocamente minúscula (sempre <i>) e por apareceren xustamente nun dos dous únicos contextos que lles son propios ás maiúsculas. A preferencia pola minúscula neste contexto é compartida coa parella <u> / <V, U><sup>113</sup>, aínda que nunhas proporcións máis acusadas, o cal non vai en contra da defensa dunha mesma lóxica nas dúas parellas na atribución do carácter maiúsculo ou minúsculo e tamén, certamente, dunha maior énfase na caracterización maiúscula das velares. Parécenos, pois, que nesos catro casos a letra é maiúscula. Entre <J> e <I> pensamos que <J> é a opción máis segura, baseándonos en que as diferenzas de figura son as mesmas que, en contexto de minúscula, H. Carter e M. Arbor non dubidan en expresar graficamente como <j> / <i> nas súas lecturas (<i> normal / <i> caudato). En consecuencia, a lectura que propoñemos ← que finalmente aceptou para a súa lectura Mariña Arbor— é <J> pa-

112. É un trazo recto vertical de extremos superior e inferior non isomórficos ← inferior caudato— que sobarda a marxe inferior da caixa de escritura.

113. A proporción é de 3/1 para a parella palatal e de 1,4/1 para a parella velar.



ra os catro casos, establecendo un paralelismo exacto coa proposta para o outro contexto (minúsculo).

A incorporación dos datos das anotacións abunda na atribución dun carácter marcadamente maiúsculo para <J>. Todas as anotacións indicativas de capital para o rubricador, sete en total, presentan o mesmo signo gráfico dos catro casos mencionados de contexto poscapital (extremos superior e inferior da letra non isomórficos e grande lonxitude do trazo). É dicir, que o(s) autor(es) das anotacións, posiblemente o(s) propio(s) copista(s), incluían entre os seus principios gráficos básicos unha forte asociación entre <j> e o carácter maiúsculo; tanto que na súa acción anotadora non deixaron lugar á dúbida ó non lle daren cabida a <i> en ningún dos sete casos. Pódese dicir, pois, que este singular diálogo entre o corpo do texto poético e as anotacións para o rubricador estableceuse sobre unha perfecta univocidade na ecuación <J> → maiúscula.

A regularidade na acción do(s) copista(s)-anotador(es) non parece que se vise secundada ~~en~~ polo menos tivese eco— na acción do rubricador. Das seis capitais realizadas destas unidades, tres teñen figura isomórfica (<I>) e outras tres non isomórfica (<J>). Das dúas para as que non se conserva anotación ~~en~~ esta non foi realizada,— unha presenta <I> e a outra <J>. É dicir, parece como se o rubricador aplicase un criterio de perfecta ecuanimidade e non quixese concederlle primacía a ningún dos dous grafos. Porque tampouco se pode dicir que tras da escolla houbera razóns glotográficas ou paleográficas, como o soporte fonético (os dous grafos representan valores vocálico e consonántico ~~en~~ unha mesma palabra presenta as dúas grafías: *Ja* 3, *Ia* 1)— ou calquera outra circunstancia de orde contextual que condicionase e determinase a escolla (letras contiguas, unidade que encabeza a palabra na que figura a capital ~~en~~ iclo, cantiga, estrofa, refrán, finda)—. O que nos parece máis probable é que o rubricador fixo a súa escolla condicionado pola realidade codicolóxica e ornamental. <I> é a solución escollida para contextos nos que o espazo de rubricación presenta condicionamentos especiais de tamaño. En *Ia* (110a), en comezo de estrofa, o espazo do que se dispón excede pouco da caixa de escritura. En *Ioana* (129b), na fronte da cantiga, vese reducido o tamaño da capital para que non sobarde a liña do último verso da columna. En sentido contrario, pero no mesmo contexto de anormalidade espacial, en *IR* (113a), primeira palabra de ciclo (Nuno Fernandez Torneol), a capital ocupa na súa verticalidade máis da metade da páxina. A escolla de <J>, pola contra, parece vir dada pola inexistencia de condicionamentos de espazo ou de tamaño e tamén cremos probable que puidese ser elemento de indución a palabra que o presenta. Nos tres casos é o adverbio *Ja* e nos tres entesta cantiga (88b, 91b, 99a). Se o que vimos de expoñer é certo, pódese dicir que en contexto capital ~~en~~ plano codicoló-

xico e ornamental— <J> é a forma non marcada e <I> a forma marcada. O que queda por determinar é se son maiúsculas da mesma minúscula (<i>) ou cada unha da súa (<I> de <i> e <J> de <j>).

A decisión anterior ten consecuencias directas sobre as capitais non realizadas. A aquelas que contan con anotación para o rubricador (sempre <J>, lembremos) é evidente que lles corresponde <J>: (J)a (248b) e (J)A (246b). A extensión da solución gráfica patente maioritaria nestes contextos (capital e poscapital) fai preferible <J> para os tres casos nos que non existe anotación: (J)r (219a, 219b), (J)uro (182b). Tamén se poderían aplicar outros principios, como a solución adoptada polo rubricador noutras ocorrencias da palabra cando son unívocas (e optar por <{J}>, inducido polo IR de 113a), ou o carácter marcado ou non marcado do contexto codicolóxico (e optar por {J}r ← unha capital menor que figura no medio do verso— pero por {J}uro ← io de cantiga con espazo capital de cinco liñas, idéntico ó do Ja de 99a) . Mais preferimos non suplantarmos a figura do rubricador e si, en cambio, aplicar a uniformización total.

Coherentemente co respecto á realidade das anotacións, resolvemos mediante <Y> a capital non realizada de (Y)r (219b) por propoñer <y> o anotador.

Como remate desta apartado presentamos un cadro cos usos de <J>, <I> e <Y> en contextos capital e poscapital. Nel recolleemos tamén as anotacións para o rubricador e as lecturas de H. Carter e M. Arbor:

← adro 36—

M. ARBOR 2	H. CARTER	ANOTACIÓNS	PÁXINA
Capital			
Ja	Ja	j	88b
Ja	Ja		91b
Ja	Ja	j	99a
Ia	Ia	j	110a
Ioana	Ioana		129b
IR	Iir <sup>114</sup>	j	113a
(J)a	Ja	j	248b
(J)A	{J}A	j	246b
{J}r	{J}r		219a
{J}r	{J}r	j	219b
{J}uro	Iuro		182b
(Y)r	Yr	y	219b
Poscapital			
{D}{J}zen	Dzen		212b
Djrei	Djrei		149b
Fjz	Fjz		145a
{M}ja	Mia		229a

114. É evidente que se trata dunha xeminação vocálica imputable ós traballos de imprenta ou, cousa menos probable, dunha incorrecta interpretación da secuencia <IR> como <Iir> por entender Carter que hai un <i> minúsculo e un <r> redondo.

## 4. AS ABREVIATURAS

Non podemos deternos máis do imprescindible no complexo universo das abreviaturas de *A*, merecentes, de certo, dunha monografía ben cumprida. Queremos presentar un primeiro balance que non vai moito máis aló da clasificación e do cómputo das unidades abreviativas empregadas no texto do cancionero. Á espera dunha nova e— necesaria— contribución máis detallada, con estes datos que ofrecemos é posible facer, cando menos, unha primeira valoración deste importante recurso manuscriturario.

Para podermos describir brevemente os recursos abreviativos e de siglas de *A* partimos dos distintos tipos que, segundo R. Lorenzo, están patentes nos manuscritos galegos medievais: «por siglas, por suspensión, por contracción, por sinais propios e por letras sobrescritas» (2004a: 451). Non todos eles están en *A* nas mesmas proporcións. No cadro seguinte recapitulamos os tres tipos básicos que localizamos: en lugar destacado, e como recurso realmente produtivo, están as abreviaturas a través de signos de abreviación particulares ou xerais (con distintos valores), e nun plano moito menos relevante e— cunha produtividade bastante limitada,— atópanse as letras sobrescritas e as siglas<sup>115</sup>.

—Cadro 37—

Siglas (no refrán)	Signos de abreviación	Letras sobrescritas
4,7%	89,1%	6,2%
{12%}	{85,5%}	{2,5%}

Sobre os recursos abreviativos de *A* xa sinalou M.<sup>a</sup> Ana Ramos que «o uso das abreviaturas não é comportamento que prepondera» (1994: 39) e un pouco máis abaixo especifica que «as abreviaturas mais frequentes não ultrapassam as duas centenas como *d's*, *7*, *9*, *p*, ao lado de algumas que ocorrem uma única vez como *▷* (= con) ou *to* (= tro). É um número bastante baixo que não causa surpresa em um manuscrito com estas características» (1994: 39-40). O anterior, sendo en esencia certo (lembremos, 2,5% das formas diferentes), necesita dalgunha precisión que sitúe o recurso das grafías abreviadas existentes en *A* no terreo da exactitude. En números absolutos e— contando coas repeticións— estamos a falar de máis de tres mil oitocentas ocorrencias. Alén das siglas, que aparecen exclusivamente no corpo dalgúns refráns, na meirande parte das ocasións o recurso abreviado representa dous

115. A nasalidade incorporámola dentro do vocalismo.

grafos (80,8%), mais hai tamén casos en que representa un (18,4%) ou tres (0,8%). Pola súa alta frecuencia, destacan cinco secuencias: <ue> posúe máis de cincocentas ocorrencias, <er> pasa das trescentas e as outras tres exceden cada unha as duascenas ocorrencias: a nota tironiana, as siglas no refrán e mais o signo 9. No cadro número trinta e oito recóllese a proporción relativa de todas as ocorrencias das distintas formas de gráficas abreviadas en *A*:

—Cadro 38—

SIGLAS (no refrán)	SIGNOS DE ABREVIACIÓN				GRAFÍAS SOBREPOSTAS
	Particulares		Xerais		
11,9	Signo 9	12,5	<ue>: 24	<os>: 0,6	2,5
	Nota tironiana:	11,2	<er>: 14,1	<r>: 0,3	
	Signo ɔ:	0,05	<eu>: 11,2	<an>: 0,2	
			<ra>: 3,4	<ɔ>: 0,2	
			<re>: 2	<on>: 0,2	
			<u>: 2	<ri>: 0,05	
			<ro>: 1,5	<eir>: 0,05	
			<ua>: 1,1	<e>: 0,05	
			<ar>: 0,9		